


**Facultade de Ciencias
da Educación**



**GRAO DE
TRABALLO SOCIAL**

**AUTOINFORME
PARA A
RENOVACIÓN
DA
ACREDITACIÓN**

Validado pola Comisión de Garantía Interna de Calidade o día 30 de xaneiro de 2017

Aprobado pola Xunta de Centro o día 30 de xaneiro de 2017

1.- DATOS DO TÍTULO

DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Traballo Social
MENCIÓNS/ESPECIALIDADES	Non existe
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVAMENTE	Universidade de Vigo
EN CASO DE TÍTULOS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	Non é o caso
CENTRO RESPONSABLE	Facultade de Ciencias da Educación
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE	Facultade de Ciencias da Educación
RAMA DE COÑECEMENTO	Ciencias Sociais e Xurídicas
NÚMERO DE CRÉDITOS	240
PROFESIÓN REGULADA	Véxase Apartado 1. Non regulada para Educación. Regulada respecto Cualificacións profesionais con esixencia de colexiación para o exercicio profesional
MODALIDADE DE IMPARTICIÓN	Presencial
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2009/2010
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	22-06-2009

RESULTADO DO PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN

☐ **A** SUPÉRASE EXCELENTEMENTE
 ☐ **B** ACÁDASE
 ☐ **C** ACÁDASE PARCIALMENTE
 ☐ **D** NON SE ACADA

DATA DE APROBACIÓN POLA COMISIÓN DE CALIDADE:

30 DE XANEIRO DE 2017

DATA DE APROBACIÓN POLA XUNTA DE CENTRO

30 DE XANEIRO DE 2017

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: O programa formativo atópase actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar o desenvolvemento do plan de estudos realizado segundo a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias polos/as estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e atópase actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

➤ O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu eido académico, científico e profesional e, de ser o caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O INTERESE ACADÉMICO DO TÍTULO DE TRABALLO SOCIAL

Tense valorado o cumprimento deste aspecto de forma **satisfactoria**. O **interese académico, científico e profesional do Título** segue a estar completamente xustificado a día de hoxe, adecuándose ao que no seu momento se indicaba no apartado 2.1 da Memoria de solicitude de verificación do Título (goo.gl/lo7jEQ).

<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/Calidade/SeguimentoTitulos/Grao%20T%20Social/Memoria%20de%20verificacion%20do%20titulo.pdf>

Alí se precisaba que “o Traballo Social está orientado ás intervencións na sociedade coa finalidade de apoio social, de desenvolvemento, de protección, de prevención e/ou de carácter terapéutico (*Estándares globais para la educación y formación en la profesión del trabajo social* aprobado polas Asambleas xerais de la IASSW/AIETS y la ISFW/FITS, Adelaide, Australia en 2004)”.

Lembremos que o Traballo social, como disciplina e como profesión ten sido recoñecido e promovido por organizacións internacionais como imprescindible para garantir os servizos de benestar social á cidadanía. Xa en 1961, a *Carta Social Europea* (ratificada por España en 1980) recoñeceu o papel destacado do Traballo Social nos Servizos Sociais. No seu artigo 14.1, outorga aos cidadáns dos Estados membros o dereito a beneficiarse dos Servizos Sociais, a través dos métodos usados polo Traballo social. En 1974, o *Consello de Europa* adoptou unha Resolución sobre a función, a formación e o estatuto dos Traballadores Sociais/Asistentes Sociais, que veu a reforzar a súa necesidade nas sociedades. No 2001, o *Consello de Europa*,

nas súa *Recomendación do Comité de Ministros aos países membros sobre os Traballadores sociais* volveu a ratificar a importancia do Traballo Social, articulando sendas recomendacións aos Estados membros para reforzar a capacitación dos seus profesionais e o recoñecemento da profesión (adoptado polo Comité de Ministros el 17 de xaneiro de 2001 no 737 encontro). No 2014, na Asemblea xeral da Federación Internacional de Traballo social (FITS) celebrada en Melbourne, actualizouse a definición de Traballo social como: *“El trabajo social es una profesión basada en la práctica y una disciplina académica que promueve el cambio y el desarrollo social, la cohesión social, y el fortalecimiento y la liberación de las personas. Los principios de la justicia social, los derechos humanos, la responsabilidad colectiva y el respeto a la diversidad son fundamentales para el trabajo social. Respaldada por las teorías del trabajo social, las ciencias sociales, las humanidades y los conocimientos indígenas, el trabajo social involucra a las personas y las estructuras para hacer frente a desafíos de la vida y aumentar el bienestar”* (<https://www.cgtrabajosocial.es/DefinicionTrabajoSocial>)

Na actualidade, os profesionais do Traballo social aparecen como “profesionais de referencia” na maior parte das leis de servizos sociais das Comunidades autónomas, nomeadamente na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (DOG nº 245, do 18 de decembro de 2008), onde se indica no seu: *“Artigo 24º.- Profesional de referencia. 1. A cada persoa titular do dereito de acceso ao sistema galego de servizos sociais asignaráselle unha persoa profesional de referencia no ámbito dos servizos sociais comunitarios correspondentes, coa finalidade de dar coherencia ao itinerario de intervencións e garantir o acceso aos diferentes servizos e ás prestacións que necesite a persoa ou, se é o caso, a súa familia. 2. **A persoa profesional de referencia será preferentemente unha traballadora ou un traballador social** da rede pública de servizos sociais, sen prexuízo das titulacións ou especialidades de quen xestione o caso ou actúe como responsable da intervención ou do programa”*. (http://politicassocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Lexislacions/lei_2008_13.pdf)

Así mesmo, o Traballo Social en España é unha profesión titulada desde el punto de vista académico e unha **profesión regulada dende o punto de vista das Cualificacións profesionais**. A profesión de traballador/a social ten, ao amparo da *Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consejo, de 7 de setembro de 2005, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais*, a consideración de profesión regulada, e así se recolle no *Real Decreto 1837/2008, de 8 de novembro* que traspón a citada Directiva ao Ordenamento xurídico Español. Continúa vixente a Orden 28 de marzo de 1995 (BOE de 5 de abril), ao no ter sido modificada trala aprobación do RD citado e non ter sido trasposta aínda a Directiva de Cualificacións 2013/55/CEE.

Para o exercicio da profesión de traballador/a social non existe unha específica reserva de actividade, salvo a que se deduce da necesaria obtención do **título universitario académico**, e no caso dunha profesión regulada no que respecta a cualificación profesional, **a subsiguiente obriga de colegiación** en base á *Lei 10/1982, de 13 de abril, de creación dos Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais*. Véxase <https://www.cgtrabajosocial.es/noticias/la-ce-recoge-en-su-web-el-trabajo-social-como-profesion-regulada/3908/view>

A data de hoxe, e tralo impacto da última crise estrutural nas persoas, grupos e na comunidade na nosa contorna, a formación e o exercicio profesional do traballo social é máis necesaria que nunca ao constituír un factor esencial, nos Estados de Benestar, do mantemento da cohesión social, e postularse como garantía dos dereitos sociais de cidadanía.

O Título de traballo social da Universidade de Vigo construíuse, no seu momento, a partir do *Libro Blanco del Título de Grado en Trabajo Social de la Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA)* de 2005. Segundo o mesmo os ámbitos nos que desenvolven habitualmente o seu exercicio profesional os titulados en Traballo social son: Servizos Sociais; Servizos sociais especializados (atención por colectivos); Saúde; Educación; Xustiza; Empresa; Vivenda; Terceiro sector; Formación e asesoramento técnico; así, como novos ámbitos de intervención.

Nese senso, tense incorporado no propio Título de Grao de Traballo social na Universidade de Vigo unha materia “Traballo social e ámbitos profesionais” **destinada a permanente actualización do egreso da titulación** (goo.gl/3n97S4).

Así mesmo, os ámbitos profesionais –os tradicionais e os novos- do Traballo social aparecen plasmados nos Documentos de Presentación do Título, nos Dípticos informativos do mesmo (tanto no servizo do SIOPE como na páxina web da Facultade), e na documentación que se lle ofrece ao alumnado de novo ingreso na **Semana de Acollida** (publicitada na Plataforma FAITIC).

E ademais, para manter unha permanente **actualización sobre as saídas profesionais do traballo social**, nomeadamente dos novos nichos de emprego, se teñen realizado no ano 2014 unhas **Xornadas sobre saídas profesionais** nas que participaron o Colexio oficial de Traballo social de Galicia*, o Consejo General del Trabajo social** e o Servizo do Siope da Universidade de Vigo.

*O **Colexio oficial de Traballo social de Galicia** (<http://www.traballosocial.org>) é o órgano onde se rexistran para o exercicio activo da profesión os e as traballadores/as sociais que exercen a súa actividade profesional en Galicia. Consta de 2527 colexiados en Galicia (ano 2016) e **ten convenio de colaboración asinado coa Universidade de Vigo**, na cal, anualmente ofrece un seminario de formación sobre colexiación e saídas profesionais aos futuros egresados. Ademais conta cun **Punto de Información colexial** sobre actividades formativas, información da colexiación, etc.

O **Consejo General del Trabajo social é unha Entidade de dereito público, de carácter estatal que reúne e representa a tódolos Colexios Oficiais en España de Diplomados/as en Traballo social, asistentes sociais e titulados en Grao de Traballo social (36 en total); isto é uns 40.000 profesionais do traballo social en España. Ten sede en Madrid e forma parte da Federación Internacional de Trabajadores sociales del mundo (FITS), órgano consultivo do Consejo de Europa (www.cgtrabajosocial.com). A Universidade de Vigo **ten convenio asignado co Consejo General del Trabajo social**, ademais de que unha Profesora titular no Grao de Traballo social, a actual Coordinadora de Grao, é dende o ano 2010, membro electo da Xunta de Goberno do Consejo General de Traballo social.

Ademais, dende a Facultade de Ciencias da Educación de Ourense realizanse outras accións complementarias orientadas a aumentar o coñecemento do título: participación na *Feria Forum Orienta*; participación en actividades de orientación en Centros de ensino secundario que o demandan; publicidade institucional en distintos medios, etc.

No que respecta ás **condicións de matriculación, o perfil de ingreso e o programa formativo do título** están accesibles na páxina web da Universidade de Vigo (goo.gl/jXNo3b) e na páxina web do Centro (goo.gl/E3Mu5O).

En canto aos **requisitos de acceso e de admisión** así como o perfil de ingreso recomendado podemos atopalos de forma pública e de fácil acceso na páxina web do Centro no apartado de *Información Básica/ Acceso e admisión de Estudiantes* (goo.gl/Or0cPO) así como na memoria do título (Aptdo.4 da Memoria (goo.gl/lo7jEQ)).

É de destacar a existencia de mecanismos axeitados e accesibles de **información previa á matriculación así como do procedemento de acollida e orientación do estudantado** de novo ingreso e tamén para o estudantado de continuidade matriculado (goo.gl/p5J2h8); (goo.gl/17iLcN).

Así, a **Semana de acollida** é planificada a primeira semana de curso coa participación de todo o alumnado de novo ingreso e a implicación da Coordinación de Grao, do Decanato, do profesorado e dos Servizos da Facultade e do Campus (Gabinete Psicopedagóxico, Área de Servizos á Comunidade, Biblioteca, etc.). O programa de acollida da Titulación difúndese a través da web, en papel e con información directa nos Servizos implicados: goo.gl/zvgRgf

No que respecta á **evolución histórica da matrícula** é, en xeral, positiva xa que logo, salvo excepcións puntuais, a demanda cubre (e excede) ás 75 prazas ofertadas en matrícula de Grao (sen computar as prazas destinadas ao Curso de Adaptación), chegando no ano 2012/13 aos 100 preinscritos en 1ª opción cunha Taxa de ocupación aquel ano do 110.67%.

No ano 2013/14 detectouse unha baixada na matrícula de novo ingreso **en primeira opción** ate os 64 estudantes segundo o Portal de Transparencia da Universidade de Vigo sendo aquel ano a taxa de ocupación final do 85.33%. Malia que se interpretou inicialmente como una circunstancia puntual, esta situación continuou o ano 2014/15 no que o número de matrículas de novo ingreso en primeira opción foi de 61 estudantes segundo a mesma fonte, cunha taxa final de ocupación do 81.33%.

Analizada a situación en profundidade por parte do profesorado, asociouse esta baixada na primeira opción de novo ingreso co impacto da crise nas familias que podían estar interpretando que se a maioría dos egresados tiñan como destino laboral a Administración, as posibilidades futuras de que traballasen nelas tiñan diminuído. Ante esta hipótese o profesorado do Título e o Centro destinaron esforzos no incremento da difusión do Grao e na visibilización das saídas profesionais do mesmo:

- a) a través de mesas informativas, nos períodos de exames de acceso á Universidade (PAUU),
- b) coa produción de dípticos e carteis
- c) coa celebración de *Xornadas sobre saídas profesionais* nas que participou ademais o Colexio de Traballo social de Galicia, o Consejo General del Trabajo social que presentou unha

Guía de saídas profesionais e o Servizo do Siope da Universidade de Vigo,

d) coa posta en marcha dunha páxina de FACEBOOK sobre o Grao en Traballo social por parte de profesorado da Titulación (www.facebook.com/traballosocial)

PÁXINAL OFICIAL DE FACEBOOK DO GRAO DE TRABALLO SOCIAL EN OURENSE:

Data de inicio: 2014

Administradores: Carmen Verde Diego, Mónica López Viso e Paco Aguiar. Profesores/as do Grao de Traballo Social.

Fans:

- Total de “Me gusta” da páxina ata o xaneiro de 2017: 411
- Persoas ás que lle gusta a páxina: Mulleres: 82%, Homes: 17%
- Procedencia dos fans: 382 España, 4 Portugal, 3 Ecuador, 3 Reino Unido, 3 Perú, 2 Italia, 2 Alemaña, 2 Bolivia, 2 México, 1 Uruguai

Ao ano seguinte, 2015/16, fose a hipótese manexada correcta ou non, produciuse un aumento na matriculación de novo ingreso en primeira opción ate os 68 estudantes cunha taxa de ocupación final do 90.67%. Este incremento consolidouse no ano 2016/17, tal como veremos máis adiante.

Para valorar correctamente a **matriculación real** de Traballo social teñen que tomarse en conta outros factores, ademais dos preinscritos en primeira opción, que explican o nº total de matriculados reais en Traballo social:

- 1) un elevado número de incorporacións de alumnado nos meses de setembro a outubro procedentes das PAUU; isto é matriculados en 2º e consecutivas opcións;
- 2) un número razoable de peticións de validación de Título procedentes doutros, en especial de Educación social (entre 3-6 expedientes cada ano) tampouco computadas nas cifras iniciais;
- 3) a existencia na Titulación de Traballo social dende o ano 2013/14 do **Curso de adaptación ao Grao** (tamén denominado “Curso Ponte”), un ano de estudos que posibilita ás persoas con Diplomatura en Traballo social (moitas delas en exercicio profesional activo) a obtención o seu título de Grado, e que non aparecen sumadas nas cifras xerais de 1ª matrícula de novo ingreso xa que logo o seu proceso de matrícula vai por outra canle. A oferta do Curso de Adaptación, moi demandada en Galicia (tal e como confirmaron os anos anteriores a súa implantación as numerosas consultas a Universidade de Vigo e ao Colexio de Traballo social de Galicia) foi moi ben acollido o ano da súa implantación 2013/14 con 30 solicitudes para as 20 prazas ofertadas, ou 35 solicitudes no 2014/15. Como os estudantes deste curso só deben cursar un número limitado de materias (volveremos sobre este asunto), nestas incrementase o número de matriculados.

Se polo tanto falamos da evolución do **número total de alumnos de novo ingreso en preinscripción** a Táboa mostra resultados moi satisfactorios en relación ás 75 prazas inicialmente ofertadasendo a seguinte:

Titulación	Curso Académico	Matrícula Nuevo Ingreso Preinscripción
Graduado en Trabajo Social	2010/2011	75
	2011/2012	79
	2012/2013	83
	2013/2014	64
	2014/2015	61
	2015/2016	68
	2016/2017	82

Segundo as cifras ofrecidas pola Secretaría de alumnado do Centro para o actual curso 2016/17, o número de matriculados de novo ingreso foi de 82 estudantes, superando as 75 prazas ofertadas, e ofrecendo de novo unha taxa de ocupación final do 109.34%, moi similar ao do ano 2012/13 (110.67%).

Nº de alumnado en Trabajo social. Curso 2016/17			
	Novo ingreso	Alumnado con materias pendientes	Total
1º Curso	82	53	135
2º Curso	67	55	67
3º Curso	53	40	93
4º Curso	46	54	100

Con todo, séguese reforzando, a día de hoxe, a difusión do Título de Trabajo social coas accións xa nomeadas e con novas e periódicas Xornadas formativas sobre Trabajo social que organiza e celebra o profesorado da Titulación.

O **cadro histórico de matrícula** na Titulación rexistra 1593 estudantes dende a implantación da titulación no curso 2009/2010 ate o curso 2015/2016. É importante fixarse no ano 2012/2013, xa que foi o primeiro no que estaban implantado os catro cursos da titulación; isto é nos que saíu a súa “primeira promoción”. A matrícula global da Titulación incrementou progresivamente de 275 estudantes no ano 2012/13 ata 311 no curso 2015/16.

No que respecta a **nota mínima de acceso** á Titulación dende o 2010/2011 até o 2015/2016 oscila entre o inicial 5.010 até o último 5.130. Sen embargo, tódolos anos se ten superado esta nota mínima en máis dun punto: a **nota media de acceso** no curso 2010/2011 foi de 6.58 e tense incrementado até chegar no 2014/15 ao 6.39, e no curso académico ao 6.60.

En relación á **duración media dos estudos** cabe mencionar que segundo a Memoria verificada é de catro anos. Dende a recollida de datos históricos (curso 2012/2013) a evolución foi de menor a maior duración na realización dos estudos: no ano 2012/2013 a media era de 2.95 anos; no 2013/14 a media estaba en 4.02 anos; no 2014/15 en 4.36; no 2015/16 estableceuse en 4.35.

O primeiro a valorar é que a posibilidade de realizar os estudos en menor tempo que os catro anos da memoria (ano 2012/2013) está relacionado coas validacións de materias solicitadas. A partir dese ano, o incremento na media, pode deberse a varias circunstancias, en especial de carácter normativo:

1. o alumnado de Traballo social non pode realizar as Prácticas extracurriculares en cuarto curso (obrigatorias) sen ter unha serie de materias aprobadas con anterioridade. Para realizar o “practicum” deberá de ter superadas 8 das 10 materias seguintes, tal e como consta na última modificación do Plan de Estudos vixente (2013): -Habilidades, instrumentos e técnicas en Traballo Social -Traballo Social individual e familiar -Servizos Sociais Especializados I -Proceso de Planificación en Traballo Social -Organización dos Servizos Sociais -Ética e Traballo Social -Conceptos, Teorías e Métodos en Traballo Social -Traballo Social Grupal e Comunitario -Servizos Sociais Especializados II -Xestión de Organizacións de benestar social;
2. O alumnado de Traballo social non pode defender o TFG en cuarto curso (materia obrigatoria), sen ter superadas tódalas materias anteriores do seu Plan de estudos;
3. O alumnado de Traballo social non pode matricular máis que dun número máximo de créditos ao ano (en atención á normativa, e dependendo dos requisitos de cada cado: entre 60 a 84 créditos segundo a información de Secretaría do alumnado) de forma que, en ocasións vese abocado a ter que matricularse no seguinte ano académico para continuar os seus estudos ao exceder o número de créditos que desexaría cursar no mesmo ano;
4. O estudantado maioritario do Curso de Adaptación son traballadoras/es sociais en exercicio activo da súa profesión e non sempre son quen de compatibilizar traballo e estudos nun só ano polo que prolongan estes estudos un ano máis.

Se falamos do **perfil de ingreso**, a maior parte dos estudantes procede do Ensino Secundario con PAUU cun 66 %, seguido daqueles que xa obtiveron o seu Título de Diplomado en Traballo Social (a maioría para facer o Curso de Adaptación) cun 12%, aqueles outros Procedentes da Formación Profesional (familias diferentes a Servizos Culturais e á comunidade) cun 9% e por último os Procedentes da Formación Profesional (Servizos Culturais e á comunidade) cun 7%.

Convén destacar que a partir do curso 2010/11, producíronse algúns cambios no perfil de ingreso do alumnado que desexa cursar o Grao en Traballo Social, constatándose certo incremento na porcentaxe de estudantes procedentes dos Ciclos Formativos Superiores e, en especial da familia de Servizos á Comunidade (“Integración Social”, “Animación Sociocultural”, “Educación Infantil” e “Linguaxe de Signos”). No curso 2010/11 existían 8 estudantes procedentes de FP dos cales 2 estudantes pertencentes a este ciclo, que se incrementaron a 3 no curso 2011/13 (de 13 de FP), a 5 no 2013/14 (dun total de 14 de FP), e a 9 no 2014/15

(dun total de 18 procedentes de FP). Un dos motivos fundamentais puido ser a modificación da normativa de validacións publicada pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, na que o alumnado procedente dos Ciclos Formativos Superiores se lle valida unha media de 30 ECTS, o que representa a carga lectiva dun cuatrimestre completo. Fai algúns anos (4-5), o número de créditos validables para este colectivo era moito máis reducido.

Tamén se detectou a partir do curso 2014/15 un incremento sobre o número de expedientes de validación procedentes do Grao de Educación social.

E importante para nós confirmar que dende a implantación do título no curso 2010/2011 a **taxa de preferencia** do alumnado que accede á Traballo social sempre se achegou ou superou o 100%, como no ano 2011/12 que chegou a 130.67%, ou no curso 2012/13 que foi do 133.33%. A taxa de preferencia mide os preinscritos en primeira opción en relación á oferta de prazas, de xeito que a maior baixada foi no curso 2014/15 coincidindo coa diminución da matrícula de novo ingreso (86.67%), pero a taxa de preferencia subiu novamente no curso 2015/16 situándose de novo no 100%. Esta taxa garante que o Traballo social estea sendo elixido como a carreira en primeira opción por parte da maioría do alumnado, información que confirma a alta motivación do estudantado por realizar esta formación.

En canto á **xeolocalización familiar da matrícula** do alumnado do curso 2015/2016 destacamos que un 96,48% pertencen á Comunidade Autónoma de Galicia. Dos cales un 46.48% son de Ourense, un 33.80% son de Pontevedra, un 8.45% de Lugo e un 7.75% son de A Coruña. Soamente un 3.52% do alumnado matriculado procede de fora de Galicia (10 estudantes).

Se analizamos os datos da **xeolocalización familiar do alumnado do Curso de Adaptación**, o 100% dos mesmos son galegos. A provincia con máis alumnado é Ourense (92.59%) seguida de Pontevedra e Lugo, cada unha cun 3.70%, e sen ningún estudante de A Coruña. Tendo en conta ambos tipos de alumnado –Grao e Curso de Adaptación– as súas procedencias son as que seguen: Galicia cun 96.78%; fora da comunidade 3.22%. Por provincias: Ourense un 50.48%; Pontevedra un 31.19%; Lugo un 8.04% e A Coruña un 7.07%.

Hai que sinalar que o Grao de Traballo social da Universidade de Vigo é o **único de carácter público** en toda a Comunidade autónoma de Galicia. Existe unha escola universitaria adscrita á Universidade de Santiago de Compostela de carácter privado. Este feito explica que o Grao de Ourense recepcione alumnado de tódalas provincias aínda que, en menor medida, da provincia de A Coruña.

Finalizamos este apartado indicando que o Grao de Traballo social segue sendo un título realizado con **alta motivación** por parte do alumnado (a tenor da taxa de preferencia) e **moi feminizado**. Cando se iniciou este plan de estudos (2010/11) as alumnas eran o 87% do estudantado fronte ao 13% de alumnos varóns. Aínda que nos anos seguintes esta cifra baixou en 10 puntos sendo nos cursos 2011/12, 2012/13 e 2013/14, o 78% do estudantado feminino, nos dous últimos cursos analizados, a porcentaxe de mulleres no Título volveu a incrementarse, sendo do 85% (fronte ao 15%) para o cursos académico 2014/15 e do 84% (fronte o 16%) no curso académico 2015/16.

Esta feminización en Traballo social ten sido largamente investigada (incluso nos TGF da Titulación) e relaciona esta formación ao igual que outras -enfermería, maxisterio, etc.- cunha prolongación no ámbito formativo e profesional das labores de *reproducción*(de *coidados*) asignadas pola nosa sociedade ás mulleres.

(Os datos deste apartado teñen sido recollidos principalmente en <http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/gtsocial/>)

EN RESUMO:

- **O perfil formativo do título mantén a súa relevancia e está actualizado** segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional. O interés e a motivación por cursar estudos de Traballo social na Universidade de Vigo segue vixente á luz das taxas de preferencia e as cifras de matriculación.
- Así mesmo **o perfil de egreso mantense actualizado** de xeito que se toma especialmente en consideración na materia de “Traballo social e ámbitos profesionais”, así como nas accións desenvoltas conxuntamente co Colexio oficial de Traballo social ao amparo do convenio establecido, como a celebración de *Xornadas de saídas profesionais*, ou as sesións informativas do Colexio respecto da colexiación, xa que logo a profesión **de Traballo social é unha profesión regulada dende o punto de vista das cualificacións profesionais** polo que a **colexiación é obrigatoria** para poder exercer.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, de ser o caso, nas sucesivas modificacións.
- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é axeitado ás actividades formativas.
- De ser o caso, o curso de adaptación cumpre a súa función tocante á adquisición de competencias e coñecementos, polos/as estudantes que o cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado nos programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O PLAN DE ESTUDOS

Tal e como consta na Memoria do Título (goo.gl/lo7jEQ), o **plan de estudos** do Grao de Traballo social foi deseñado para ser realizado en cursos consecutivos de 1º a 4º, estruturado cada curso en dous cuatrimestres, con 30 créditos ECTS de carga lectiva cada un deles. Así, o número máximo de créditos por matrícula é de 60 ECTS anuais, agás en cuarto curso que se lle permite ao alumnado matricularse, dependendo das circunstancias específicas de cada

quen, ate de 84 créditos para terminar a carreira.

O total de materias a cursar supoñen 240 créditos ECTS dos cales 60 pertencen a materias de Formación básica, 150 son de materias obrigatorias incluíndo as prácticas externas que son 30 ECTS, 24 son de materias optativas e 6 son do Traballo fin de grado (TFG). Véxase en: goo.gl/Y3w7ua

O **cronograma de implantación** da titulación está publicado na Memoria e tamén se pode consultarna web da Facultade (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/gtsocial/>)

No curso académico 2009/2010 implantouse o 1º curso do novo Plan de estudos de Traballo social, no curso 2010/2011 implantouse en 2º curso, no 2011/2012 en 3º curso, e no 2012/2013 en 4º. A implantación progresiva non supuxo incidencias.

Durante a mesma coexistiron os dous plans de estudos ate a extinción do anterior, mantendo os requirimentos esixidos para as titorías e as convocatorias de exames de materias en extinción ate que esta se produciu na súa totalidade.

No curso académico 2012/2013 efectuouse unha modificación da Memoria que se tramitou e aprobou ao longo dese curso (Criterio 8 do Seguimento de Títulos para o curso 2011-12) para a implantación do **Curso de Adaptación** ao Grado cunha oferta de 20 prazas para Diplomados no curso seguinte. Esta información está publicada na memoria e tamén na web da Facultade (Véxase “Informe avaliación ACSUG-2013” en <http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/gtsocial/> e goo.gl/gdp1oo)

O **Curso de adaptación ao Título de Grao de Traballo social** permite a adquisición de competencias e coñecementos que reciclan principalmente a profesionais en exercicio activo, pero que tamén facilitan o acceso a niveis formativos superiores como son os de Máster ou Doutoramento, imposibles de alcanzar hai anos soamente co título de Diplomados. Esta reciclaxe non é polo tanto soamente importante a efectos laborais senón tamén académicos posibilitando por primeira vez que a especificidade en Traballo social teña o seu propio desenvolvemento académico ate adquirir a maior cualificación para quen o realice ate alcanzar o título de “Doutor/a”. A propia Coordinadora de Grao publicou as vantaxes que supuña para os antigos Diplomados a posibilidade desta nova nova formación: Verde Diego, C. (2011). Formación e investigación: grado y postgrado en trabajo social. *Servicios sociales y Política social*, 96, 37-51. Así mesmo, outro profesor do Título participa nestes momentos nun grupo de traballo da *Conferencia de Decanos y Directores de Trabajo social* sobre os “Éstándares de calidade en posgrado en Traballo social”.

No curso 2014-15 levouse a cabo, una **xornada de acollida** específica para o alumnado do Curso Ponte, adaptada ás características específicas destes estudantes, que a valoraron moi positivamente. Nela tratáronse diversos temas, como as validacións, o acceso á plataforma docente FAITIC e as posibilidades que ofrece (xa que logo moitos deles a descoñecían), a elaboración do TFG (modalidades de TFG, prazos, criterios de avaliación), etc.

Ademais dada súa peculiaridade deste alumnado -de certa idade e maioritariamente no exercicio activo da súa profesión- no curso 2014-15 conformáronse grupos específicos, dentro das agrupacións docentes de Grupo Pequeno, para atender as particularidades deste

alumnado. Así mesmo, púxose moita atención na elaboración dos horarios de clases máis coherentes para as materias obrigatorias do Curso Ponte, cos horarios laborais deste alumnado, de modo que facilitase a consecución das competencias e a superación das materias. Así mesmo, se fixo un esforzo por posibilitarlles, na medida do posible dentro do procedemento estandarizado, a elección de temática e titor/a para o TFG nas mesmas datas que o resto de alumnado, a pesar de que se matriculan máis tarde que eles. Todas estas actuacións leváronse a cabo para dar respostas a certas disfuncións derivadas do primeiro ano de implantación do Curso Ponte (2013-14) debidas sobre todo ás seguintes causas detectadas:

- 1) heteroxeneidade do alumnado de Curso Ponte, pois neste curso conviven profesionais cunha dilatada vida laboral que teñen realizado os seus estudos hai varias décadas con estudantes sen experiencia laboral algunha que se teñen diplomado hai uns poucos anos;
- 2) moito alumnado do Curso Ponte está traballando e as súas xornadas laborais dificultan ou imposibilitan a asistencia a clase co resto dos estudantes que cursan esas mesmas materias, o que pode resultar un obstáculo engadido para aprobar as materias e adquirir as competencias esperadas;
- 3) No que respecta ao profesorado da titulación tense implantado o Curso Ponte a "coste cero", polo que non se puideron poñer en marcha, a priori, nin horarios nin grupos específicos para este alumnado; asunto que como xa se explicou multiplicou os esforzos por encaixar as demandas deste alumnado nos horarios e as aulas ordinarias da Titulación.

O estudantado do Curso de Adaptación ten que cursar un mínimo de 36 créditos se procede da Diplomatura de Traballo social da Universidade de Vigo (polas validacións do anterior Plan que tiña 204 créditos) e un máximo de 60 créditos. En todo caso, é obrigatorio que curse o TFG. Existe información detallada do Curso de Adaptación (curso ponte) en goo.gl/xcl66V. Polo demais ao alumnado se lle proporciona un horario ben analizado para facilitar a súa conciliación laboral: en especial con horarios de tarde, ou en grupos especializados (goo.gl/lRmFiU)

No ámbito estritamente profesional, as expectativas dos Diplomados en Traballo social de que o Grao tivese efectos na mellora da súa categoría profesional téñense visto frustradas xa que logo a posesión dun título de Grao fronte a un de Diplomado non implica que a empresa ou institución empregadora (incluída a Administración pública) contrate con diferente categoría profesional ou que esta mude automaticamente. Así mesmo a desinformación respecto dos efectos reais da equiparación do Título ao Espazo europeo prevía unha posible diminución de matriculados en cursos seguintes.

A maiores, a aprobación da *Resolución de 11 de febrero de 2016, de la Dirección General de Política Universitaria, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 29 de enero de 2016, por el que se determina el nivel de correspondencia al nivel del Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior del Título Universitario Oficial de Diplomado en Trabajo Social* incrementou a confusión respecto da equiparación dos títulos de Diplomado á Grao, que foi mal interpretada como a obtención “automática” do título de Grao para os Diplomados e non como a equiparación do seu Título de Diplomado a efectos de mobilidade no espazo europeo.

Ante esta situación estase redobrando o esforzo por clarificar esta información confusa, en especial por parte da Coordinadora da Titulación que, ademais, forma parte do equipo directivo do Consejo General del Trabajo social (véxase https://www.cgtrabajosocial.es/formacion_grado e tamén https://www.cgtrabajosocial.es/formacion_faqs), aínda que o impacto sobre a matriculación no Curso de Adaptación de traballo social na Universidade de Vigo séguese notando.

Con todo, o número total de matriculados finais dende o curso 2013/14 non ten baixado de 18 estudantes (sumando os de novo ingreso, co alumnado con algunha materia pendente) chegando aos 30 no curso 2014/15, baixando lixeiramente a 27 no curso 2015/16, e novamente a 18 estudantes no curso 2016/17.

Ao longo da evolución do Título tense percibido que a definición de módulos e materias que aparecen reflectidos na Memoria do Título (información que tamén se pode consultar no apartado da web *Planificación do Ensino* (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/gtsocial/>), era **axeitada e coherente cos obxectivos e as competencias**, polo que non se considerou necesario variar a súa planificación temporal na elaboración da nova memoria aprobada a finais do curso 2012/2013, que incluíu o Curso de Adaptación ao Grado.

No obstante, é preciso aclarar a peculiaridade da Memoria de Traballo Social en relación coa asignación de competencias. Na Memoria do Grao co fin de facilitar o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias, organizouse unha estrutura coherente en tres niveles: Módulos (5 bloques temáticos), Materias e Asignaturas. Este terceiro nivel correspóndese coas diferentes “asignaturas” (Básicas, Obrigatorias e Optativas) que se imparten en cada curso e cuxos contidos se presentan nas súas respectivas Guías Docentes (véase cadro máis abaixo).

A plantilla utilizada entón polo Ministerio para cumprimentar este apartado non permitiu asignar competencias de maneira individualizada ás diferentes “asignaturas”, senón que o formato utilizado distribuíu as competencias por bloques de materias (que comprenden varias “asignaturas”) como así segue constando ata a actualidade.

Esta organización das competencias require dun rigoroso esforzo de coordinación á hora de redistribuír as que na Memoria son asignadas ás Materias entre as diferentes Asignaturas que a compoñen e que deben constar nas Guías Docentes.

Módulo A. El trabajo social: conceptos, métodos, teorías y aplicación			
Materia	Asignatura	Tipo	Curso
Fundamentos del trabajo social	Introducción al trabajo social	Obligatoria	1º
	Epistemología del trabajo social	Obligatoria	1º
	Ética y trabajo social	Obligatoria	3º
Métodos, modelos y técnicas de trabajo social	Conceptos, teorías y métodos en trabajo social	Obligatoria	2º
	Proceso de planificación en trabajo social	Obligatoria	3º
	Trabajo Social individual y familiar	Obligatoria	3º
	Trabajo social grupal y comunitario	Obligatoria	3º
	Trabajo social y mediación	Optativa	4º
	Trabajo social y cooperación al desarrollo	Optativa	4º
	Trabajo social en la incorporación social	Optativa	4º
Habilidades sociales y de comunicación en trabajo social	Habilidades sociales y de comunicación	Obligatoria	2º
	Habilidades, instrumentos y técnicas en trabajo social	Obligatoria	3º
	Inglés para trabajadores/as sociales	Optativa	4º
Investigación, diagnóstico y evaluación en trabajo social	Estadística. Estadística aplicada a las ciencias sociales	Básica	1º
	Psicología. Métodos y técnicas de investigación social	Básica	2º
	Evaluación de programas sociales	Optativa	4º
Módulo B. El contexto institucional del trabajo social			
Materia	Asignatura	Tipo	Curso
Servicios sociales	Fundamentos de los Servicios Sociales	Obligatoria	1º
	Organización de los Servicios Sociales	Obligatoria	1º
	Servicios Sociales especializados I	Obligatoria	2º
	Servicios Sociales especializados II	Obligatoria	2º
	Sistemas de bienestar social comparados	Optativa	4º
	Pedagogía social para Trabajo Social	Optativa	4º
Políticas sociales y trabajo social	Ciencia política. Política y democracia	Básica	1º
	Política social	Obligatoria	2º
	Políticas públicas en España	Obligatoria	3º
	Política social europea	Obligatoria	3º
	Trabajo social en ámbitos profesionales	Optativa	4º
Módulo C. Procesos y problemas sobre los que actúa el trabajo social			
Materia	Asignatura	Tipo	Curso
Desarrollo humano en el ciclo vital y el medio social	Antropología. Antropología social y cultural	Básica	1º
	Sociología. Sociología general	Básica	1º
	Psicología. Psicología básica	Básica	1º
	Psicología. Psicología social	Básica	2º
	Psicología. Desarrollo humano en el ciclo vital	Básica	2º
	Sociología aplicada al Trabajo Social	Obligatoria	3º

Estructura, desigualdad y exclusión sociales	Estructura social	Obligatoria	3º
	Género, violencia e intervención social	<i>Optativa</i>	4º
Salud, dependencia y vulnerabilidad social	Salud, dependencia y vulnerabilidad	Obligatoria	2º
	Geriatría para trabajadores/as sociales	<i>Optativa</i>	4º
D. Herramientas legales y organizativas para el trabajo social			
Materia	Asignatura	Tipo	Curso
Derecho, ciudadanía y trabajo social	Derecho. Fundamentos jurídicos	Básica	1º
	Derecho. Derecho y trabajo social	Básica	2º
Gestión de organizaciones	Gestión de organizaciones de bienestar social	Obligatoria	3º
E. Practicum y Trabajo de Fin de Carrera			
Materia	Asignatura	Tipo	Curso
Prácticas y trabajo fin de carrera	Practicum	Obligatoria	4º
	Trabajo de Fin de Grado	Obligatoria	4º

Véxase no apartado 5. *PLANIFICACIÓN DE LA ENSEÑANZA*, 5.1. *Distribución del plan de estudios en créditos ECTS por tipo de materia el Plan de estudios de trabajo Social*, Documento disponible no *Registro de Universidades, Centros y Títulos (RUCT)* - Ministerio de Educación, Cultura y Deporte: goo.gl/957gpC

De forma xeral, consideramos que o **grao de cumprimento da planificación da Enseñanza** é satisfactorio, unha vez terminada a implantación do Título e despois de tres promocións de graduadas e graduados.

En relación ao **tipo de ensino** na Titulación é soamente presencial. Pero dado que a presencialidade en aula non é excesiva -45 horas relación crédito/hora en aula- se lle posibilita ao alumnado dispoñer de tempo suficiente para o estudio, a lectura e a realización de traballos individuais e/ou grupais, así como para a súa formación integral en actividades da súa libre elección como asistencia a conferencias, participación en xornadas e congresos, talleres, seminarios, participación en prácticas extracurriculares, incorporación a actividades de voluntariado, etc.

A avaliación do alumnado é continua, si ben existen alternativas de avaliación para aquel alumnado en circunstancias especiais -traballadores, coidadores, etc.- que poidan faltar con certa frecuencia á clase. Este aspecto está debidamente recollido en cada guía docente de cada materia e permite que o alumnado que non pode acudir polo menos o 80% ás aulas de cada materia compatibilice traballo ou obrigas de carácter persoal coa súa formación, sempre supervisado co profesorado implicado.

Destacan pola súa peculiaridade as materias de **PRACTICUM** (Prácticas curriculares) con 30 créditos ECTS e de realización conxunta na Universidade e en entidades externas colaboradoras e o **TFG** (6 créditos) de iniciación á investigación. En ámbolos dous casos a titorización e supervisión de cada estudante é individualizada e se lle nomea, por parte, da Universidade un/unha titor/a de referencia ao longo da seu desenvolvemento. Sobre elas volvemos en detalle máis adiante.

Dende os inicios da implantación do Título, tódolos anos, antes de que o alumnado inicie o proceso de matrícula xa ten accesible as **guías docentes** do próximo curso académico (goo.gl/xKqN7h) ou (goo.gl/4LBPsq), así como os **horarios de clase** (goo.gl/IRmFiU) e o **calendario de exames** (goo.gl/S6wmya), incluíndo información relativa ao **Practicum** (goo.gl/eSaVXa) e ao **TFG** (goo.gl/C2dt97). Toda esta información está dispoñible na web da Facultade (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/>) que se vai actualizando cada curso académico (os datos históricos non aparecen públicos na web para evitar posibles confusións coa información actual).

En relación as **guías docentes das materias**, son revisadas e aprobadas cada ano na Xunta de Facultade, despois de ter sido inspeccionadas polo profesorado, o Coordinador do curso e a Coordinación do Título.

Os Coordinadores de Curso analizan cada materia daquelas correspondentes ao curso da súa responsabilidade, detectan insuficiencias ou erros, solicitan a súa corrección ao profesorado implicado e verifican se se teñen efectuado as correccións correspondentes. Finalizado este proceso, a Coordinadora do Grao revisa novamente os resultados finais deste proceso antes de que as guías docentes sexan sometidas a súa aprobación en Xunta de Facultade.

Téñense feito grandes esforzos pola permanente revisión destas guías docentes ate o punto de elaborar unha Rúbrica/ficha para utilizar na actualización e rexistro das incidencias detectadas na revisión das mesmas. No ano 2014/15, estableceuse unha Guía resumo do procedemento para cubrir as guías na Plataforma informática disposta na Uvigo a tal efecto DOCNET (xuño 2015) (goo.gl/4LBPsq).

Este proceso repetiuse no curso 2015/16 no que se convocou a todo o profesorado da Titulación para a revisión das guías docentes (en especial respecto das competencias compartidas por módulo), e para o rexistro da coordinación da mesma materia por parte do profesorado. Cada ano se experimenta unha maior participación do profesorado xa que se tomou consciencia de que a revisión das guías docentes non son soamente a elaboración individual de cada materia, senón tamén un proceso de mellora que debe atender a criterios comúns de avaliación, metodoloxías, coordinación de entrega de traballos, eliminación de contidos repetidos en materias afíns, sistematización dos seus procesos de coordinación con outros colegas se comparten materia, etc. En todo caso, a equipa directiva, ten insistido na necesidade de que as Guías docentes se axusten ao aprobado na Memoria de verificación do Título.

Todo este proceso de revisión das Guías na plataforma Docnet foi ademais rexistrado por parte da Coordinadora de Grao quen notificou á Decana a finalización do mesmo. En Traballo social pode atoparse o último informe relativo ao curso 2015/16 en FAITIC (goo.gl/K1ABY6).

En canto ao idioma de impartición das ensinanzas no Grao de Traballo social son o castelán, o galego e, en menor medida, o inglés. Tódalas guías docentes están publicadas obrigatoriamente en DOCNET en castelán e en galego. O profesorado e o alumnado utiliza o castelán e galego tanto na impartición das materias como na realización dos exames de acordo coa súa opción preferente.

O Practicum en Traballo social

De longa traxectoria nos estudos de Traballo social, o Practicum é unha materia especialmente coidada no novo Plan de estudos. As diferenzas respecto de cómo se concibía no antigo plan e no actual son substanciais no que respecta á coordinación (asignación de prazas, as relacións institucionais coas entidades externas, etc.), a duración (número de horas na entidade externa) e a supervisión académica.

Tal como figura na súa guía docente “O Practicum é unha materia de carácter obrigatorio, do **primeiro semestre do cuarto curso** da titulación. Consta de **30** créditos ECTS, equivalentes a 750 horas, das que 450-525 asígnanse ás prácticas en institucións externas (en función dos horarios da institución externa). As restantes computaranse nas actividades de: seminarios de iniciación previos ó inicio das horas en institucións, entidades e empresas externas; sesións de titorización e seguemento do alumnado durante o proceso de realización do Practicum, procedementos de avaliación das competencias adquiridas, así como o traballo autónomo do alumnado necesario para garantir todos os aspectos anteriores. O practicum insértase no módulo E do Plan de estudos: Practicum e Traballo Fin de Carreira e dentro deste na materia que ten a mesma denominación. O practicum é un conxunto de actividades orientadas a unha aprendizaxe baseada na acción e a experiencia, e a permitir a apropiación de destrezas e coñecementos, que permite aos estudantes, entre outras actividades, descubrir, analizar e comprender o contexto e os procesos de intervención social na compañía dun/ha traballador/a social experimentado/a no seu propio contexto organizativo. O practicum desenvólvese en servizos e entidades desde os que se prestan servizos de traballo social e que son recoñecidos como centros colaboradores para a formación en prácticas polas universidades mediante convenios. Inclúe dous elementos: a supervisión, realizada por titores/as académicos profesores/as da universidade, e a tutela profesional, realizada polos traballadores/as sociais das institucións colaboradoras.” (goo.gl/FSXJgG)

Hai que clarificar que as 750 horas son o cómputo global de horas asignadas ao alumnado dunha materia de 30 créditos ECTS (25 horas/crédito alumno x 30 créditos ECTS = 750 horas). Nela se inclúen entre 450-525 horas de presenza do alumno na institución externa na que realiza as súas prácticas desde finais de setembro ate mediados de xaneiro, ás que se lle suman 25 horas de presencialidade en aulas e titorías na Universidade durante o seu periodo de prácticas distribuídas do seguinte xeito: unha reunión inicial previa á incorporación á institución externa (2 horas por alumno); seminarios periódicos en gran grupo (8 horas para cada alumno); seminarios periódicos en grupos pequenos (12 horas para cada alumno); e 3 sesións de supervisión individual de unha hora como mínimo para cada estudante (3 horas). As horas restantes (200) están destinadas ao traballo autónomo do alumnado consistente en: elaborar un dossier inicial sobre a institución á que se vai a incorporar, desenvolver un caso práctico relacionado co seu ámbito de intervención, analizar un caso práctico á luz dos criterios do Código deontolóxico do Traballo social, e realizar a Memoria final do Prácticum.

Segundo a **Guía docente** da materia de Practicum, os **contidos** da mesma son:

- 1.-Realización de actividades e tarefas de preparación, seguemento e avaliación para a inserción no centro de prácticas.
- 2.-Coñecemento da institución e campo de intervención da práctica.
3. Observación participante da realidade no contexto profesional.
- 4.-Aplicación dos coñecementos teóricos na práctica.
- 5.-Aplicación dos métodos e procedementos profesionais.
- 6.-Utilización e manexo da documentación, técnicas e instrumentos profesionais.
- 7.-Reflexión e análise da práctica profesional a través da supervisión individual e grupal.
- 8.-Recompilación, tratamento e análise de datos cara a sistematización da práctica.
- 9.-Elaboración da memoria final do practicum.

Ao igual que o resto das materias o Practicum ten unha **guía docente** para o alumnado, pero ademais conta con **Regulamento propio** (goo.gl/GBI3OI) adaptando a nosa realidade ao Regulamento xeral da Universidade (goo.gl/rK7GQH).

Durante os anos seguintes a súa implantación no novo Plan, o Practicum ten sido obxecto de permanente mellora por parte dos Coordinadores do mesmo e da Coordinación de Grado.

Durante o ano 2012/13, a actual Coordinadora de Grado de traballo social participou na Comisión para la elaboración de “*Estándares de calidad de las Prácticas externas en la Titulación de Grado de Trabajo social*” no marco da *Conferencia de Decanos y Directores de Trabajo social* en representación da Universidade de Vigo (http://conferenciatrabajosocial.blogspot.com.es/p/blog-page_21.html), uns estándares difundidos na revista *Azarbe. Revista Internacional de Trabajo social y Bienestar* (2013), 2, pp.99-108.

Os requisitos académicos de acceso ao Practicum, no ano de implantación do novo Plan, consistían en ter aprobadas 10 materias chave. A partir do primeiro ano de implantación deste materia no Plan (2012/13) detectouse que un número razoable de estudantes non tiña superado unha ou dúas materias-chave para realizar o practicum de xeito que este alumnado só puido cursar materias optativas. Este alumnado, en consecuencia ademais de non poder matricularse do Practicum (30 ECTS (o que equivale ao primeiro cuadrimestre do cuarto curso) tampouco puido facelo do TFG (6 ECTS; 2º cuadrimestre) que ten, a súa vez, como requisito de acceso ter aprobadas tódalas materias anteriores do plan de estudos. Por este motivo, algúns estudantes tampouco puideron solicitar bolsas de estudo e estiveron todo un ano cursando soamente 30 ECTS. Detectado o problema, ao longo do curso 2012-13 solicitouse e tramitouse unha modificación na Memoria sobre o punto relativo ao acceso ao Practicum, establecendo a posibilidade de realizalo con un máximo de dúas materias-chave pendentes de entre as seguintes:

1. Habilidades, instrumentos e técnicas en Trabajo Social
2. Trabajo Social individual e familiar
3. Servicios Sociales Especializados I
4. Proceso de Planificación en Trabajo Social
5. Organización dos Servicios Sociales
6. Ética e Trabajo Social

7. Conceptos, Teorías e Métodos en Traballo Social
8. Traballo Social Grupal e Comunitario
9. Servizos Sociais Especializados II
10. Xestión de Organizacións de benestar social.

Esta modificación foi autorizada pola ACSUG o 27 de xullo de 2013 e xa estivo vixente no curso 2013-14, a partir do cal non se teñen volto a detectar, ao respecto, ningunha anomalía subliñable.

O Practicum experimentou cambios substanciais a partir do curso 2015/16. Os Coordinadores do Practicum e a Coordinadora de Grao elaboraron un extenso “*Informe sobre o Practicum no Grao de Traballo social na Universidade de Vigo. Necesidade de consolidación do actual modelo e aumento do recoñecemento á organización e supervisión*” (5 de marzo de 2015) baseados nos estándares xa mencionados, que posibilitaron unha reorganización na Planificación docente anual (PDA) e logo no Plan de Ordenación docente (POD) para darlle o Practicum un espazo horario na Facultade e adecuarse as esixencias de planificación da Memoria do Plan de estudos (2013). A partir de ese momento foron normalizadas as obrigas docentes do profesorado titor na Universidade de Vigo con aulas e horarios específicos e explícitos no calendario anual que até entón eran desenvoltas en horarios de titorías da cada titor/a académico. Aínda así as horas recoñecidas ao profesorado por supervisión (1.25 horas/estudante/ano) poderían ser melloradas ao igual que as labores de Coordinación do Practicum (45 horas ao ano).

O Practicum ten un **calendario específico** publicado na páxina web da facultade cun detallada exposición do proceso (véxase por exemplo o do ano en curso: goo.gl/ZJtzQ0)

Nel exprésase o **cronograma do proceso** dende o seu inicio coa oferta de institucións externas, pasando pola incorporación de alumnado ás mesmas, as súas supervisións académicas na universidade, e a finalización do practicum, tal como segue:

1. A finais de maio, principio de xuño ábrese un prazo ao alumnado para a Solicitud de preferencias e apertura de novos convenios para a elaboración da oferta de destinos.

Cada ano, os Coordinadores do practicum se esforzan por incrementar o nº de convenios asinados con institucións, poñéndose en contacto con elas, co obxecto de aumentar o número de prazas dispoñibles a elixir polo alumnado para desenvolver as súas prácticas, contando a día de hoxe con máis de cen institucións externas colaboradoras (volverase sobre este aspecto máis adiante no CRITERIO 5 deste Informe)

Entre xuño e mediados de xullo os Coordinadores do Practicum, contactan coas institucións para ratificar a vixencia do convenio xa asinado ou iniciar trámites para un novo convenio, e cos titores/as externos –sempre traballadores/as sociais- para confirmar a súa dispoñibilidade ese ano para a supervisión xa que logo poden darse circunstancias puntuais que impidan asumir o encargo (que por outro lado é voluntario e non remunerado) como baixas médicas, sobreesaturación de servizo, etc. Confirmadas as prazas nas institucións elaboran a oferta de prazas para o alumnado.

2. En prazos coincidentes coa matrícula na Universidade de Vigo, normalmente durante o mes de agosto, o alumnado realiza a súa solicitude a través dun programa informático. Nel se indican datos persoais, nota do expediente académico e 10 destinos por orde de preferencia. A solicitude, unha vez impresa, déixase asinada polo alumnado na Secretaría de Decanato do Centro ou remítese por correo certificado.

3. A finais da primeira semana de setembro publicase a listaxe provisoria de destinos e titores/as académicos (profesorado a tempo completo pertencentes á Area de traballo social e servizos sociais) asignados na web da facultade e nos taboleiros físicos do edificio de Ferro onde se imparten aulas.
4. Así mesmo, nese período, celébrase unha Reunión inicial da coordinación co alumnado e cos titores/as académicos.
5. A segunda semana de setembro prodúcese a publicación da listaxe definitiva de destinos e titores académicos asignados a cada estudante.
6. Durante a segunda quincena de setembro desenvólvense Seminarios Introdutorios ao practicum en grupo mediano (20-25 estudantes aproximadamente) cos titores académicos nos que se elabora un Dossier inicial da institución a cal se vai a incorporar cada estudante.
7. A última semana de setembro o alumnado se incorpora, cadanseu, a institución onde realizará as prácticas ate a segunda semana de xaneiro do ano seguinte.
8. Durante todo ese período, na Universidade, segundo calendario, cada tutor/a académico celebra 3 Supervisións de carácter Grupal (grupo pequeno) co alumnado que titoriza (entre 8-10 estudantes). Dependendo da carga docente do tutor e do curso académico, cada un asume a supervisión de 10-30 estudantes. Nelas supervísanse tarefas académicas intermedias (revisión do dossier, análise e resolución de casos prácticos, abordaxe de dilemas éticos, posta en común de dificultades, dúbidas na elaboración da memoria, etc.)
9. Así mesmo durante o mesmo período, na Universidade, cada tutor/a académico celebra 3 supervisións individuais con cada estudante asignado, aproximadamente unha ao mes, dunha duración dunha hora por cada estudante. Estas supervisións individuais están destinadas a realizar un seguimento personalizado de cada estudante no que respecta a súa adquisición de competencias conceptuais, procedimentais e actitudinais.
10. Cada tutor/a académico, ademais, realiza polo menos tres contactos con cada tutor/a externa para analizar o desenvolvemento de cada estudante asignado na institución e solventar posibles dificultades ou problemas sobrevidos na institución.
11. O proceso finaliza coa entrega da memoria do practicum por parte do estudante tanto na institución colaboradora externa como na Universidade a finais de xaneiro e de acordo co calendario de exames da Facultade.
12. A avaliación do alumnado é realizada tanto por parte do tutor/a da institución externa (50% da nota final) a quen se lle facilita un documento de avaliación rexistrado dentro do “Procedimiento de gestión y revisión de las prácticas externas integradas en el plan de estudios” Formulario codif: It10-pc10 (goo.gl/ce5yJs), como por parte do Tutor/a académico (50% da nota final) e de acordo coas actividades e documentos intermedios solicitados.

O Practicum conta ademais cunha **avaliación interna** realizada pola **Comisión do Practicum** polo menos dúas veces ao ano: ao principio do proceso de cada ano e ao final do período das prácticas do alumnado para detectar incidencias nos postos, situación dos convenios, etc.

Neste proceso permanente de mellora, os Coordinadores do Practicum realizaron unha **investigación sobre os puntos débiles e fortes do Practicum** durante o ano académico 2013/14. A investigación foi publicada: Aguiar, F. y Méndez A. (2014). Adaptación, cambios y desafíos en el practicum del grado de trabajo social en la Universidad de Vigo. En Pastor, E. (ed.), *El trabajo social ante el reto de la crisis y la educación superior* (pp.1201-1208). Murcia: Universitas.

Na investigación usouse a técnica de **DAFO** (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) do Practicum e participaron nela representantes de todos os actores involucrados no practicum: 9 profesores da Área de Traballo social, todos eles pertencentes á comisión do practicum, dos cales 5 exerceron funcións de supervisión académica e 2 de coordinación; 27 traballadoras/es sociais titores/as externos/as do alumnado que nalgún momento titorizaron estudantes de Traballo social incluso na diplomatura; 27 estudantes de grao de traballo social trala finalización do período de prácticas externas. Presentamos os seus principais resultados:

MATRÍZ DAFO DO PRACTICUM NO GRAO DE TRABALLO SOCIAL.

Debilidades	Fortalezas
1. Dificultades organizativas e de coordinación 2. Escasez de tempo e recoñecemento institucional ao profesorado na coordinación e na supervisión. 3. A burocratización resta tempo a aspectos cualitativos 4. Deficiencias na formación previa en competencias do alumnado. 5. Modelo baseado na vontade e solidariedade dos titores externos 6. Escaso recoñecemento a estes profesionais. 7. A Plataforma virtual non permite incorporar a tutores externos	1. Estructuras de planificación, xestión e avaliación como referentes de partida previos - Obrigatoriedade da figura do traballador/a social como titor académico e como titor externo. 2. Ampla rede de centros e profesionais externos - Mellora da titorización e supervisión do alumnado 3. Uniformización de criterios e protocolos 4. Novo criterio de avaliación baseado en competencias 5. Utilización de plataforma virtual entre coordinación, tutores académicos e alumnado
Ameazas	Oportunidades
1. O contexto de crisis e recorte en dereitos e benestar social, teñen producido un empeoramento das condicións e estabilidade laboral, aumentando a sobrecarga dos profesionais externos o que pode provocar unha maior resistencia a titorizar alumnado 2. Cambios lexislativos e normativos non favorecen avaliacións lonxitudinais	1. Contexto do EEES centrado en adquisición de competencias 2. Novos campos de investigación e colaboración con profesionais e institucións externas. 3. Sinerxias entre os traballos de fin de grao e as prácticas curriculares externas. 4. Novas tecnoloxías permiten combinar aprendizaxe presencial e non presencial. 5. A posibilidade de establecer novos mecanismos oficiais de recoñecemento do labor dos profesionais externos e articular medidas que recompensen de xeito claro e perceptible o seu esforzo como titores/as, e como parte da comunidade universitaria (acceso a recursos e servizos da Universidade, incentivos na súa institución profesionais e curriculares, formación, supervisión, colaboración en traballos de investigación, etc.

Os resultados desta investigación serviron para planificar accións de mellora, das cales cumpre salientar a **I Xornada Sobre o Practicum de Traballo Social** celebrada o 22 de decembro de 2014 (curso 2014/15), un evento de transferencia do Grao de Traballo social ás institucións colaboradoras e de gran transcendencia para a Titulación e a Universidade de Vigo, ademais de notable éxito.

Tivo como finalidade mellorar a formación didáctica o intercambio e debate sobre o ensino e a aprendizaxe práctico na titulación de Traballo social dos titores/as externos (clarificación das funcións do titor, avaliación de ferramentas e modelos de actuación, etc); así como propiciar un espazo colaborativo para a participación, a análise, o intercambio de experiencias e o encontro entre titores/as profesionais externos e profesorado titor académico. Por suposto, un dos principais obxectivos desta xornada seguiu sendo detectar e analizar fortalezas e debilidades do noso modelo actual de Practicum, así como propiciar propostas de mellora conxuntas.

Na Xornada desenvolvéronse contidos relacionados coa metodoloxía didáctica, a supervisión en traballo social a a avaliación da práctica. Participaron 29 titoras/es externos de distintos ámbitos e institucións, o que representou un 35 % de profesionais colaboradores. Os resultados das Xornadas foron novamente transferidos á sociedade: Aguiar, F., Méndez, A. y Verde, C. (2015). El practicum de trabajo social desde la mirada de los tutores externos. En Raposo-Rivas, M., Muñoz Carril, P.C.; Zabalza-Cerdeiriña, M., Pérez-Abellás, A. *Documentar y Evaluar la experiencia de los estudiantes en prácticas* (pp. 385-400). Santiago de Compostela: Andavira. ISBN: 978-84-8408-864-6)

A día de hoxe pode decirse que a implantación do practicum na Titulación de Traballo social **está extraordinariamente desenvolta** e constitúe un dos **puntos fortes** deste Grao na Universidade de Vigo que, a pesar de supoñer unha carga intensa de traballo para os Coordinadores do mesmo, reverte nun grao de satisfacción moi alto para tódolos axentes implicados: Universidade de Vigo, Facultade de Ciencias da Educación, Grao de Traballo social, Coordinadores do Practicum, profesorado titor, alumnado, titores/as externas de institucións colaboradoras e institucións colaboradoras. É ademais o indicador máis valorado polos egresados da titulación como se verá máis adiante no apartado destinado a analizar os graos de satisfacción.

En definitiva **valoramos de xeito moi satisfactorio** o desenvolvemento desta materia no Grao.

A Materia de Traballo Fin de Grado (TFG)

O Traballo de Fin de Grado non ten antecedentes nos plans formativos anteriores polo que ten sido necesario ao longo destes anos (2012-2016) a ordenación de normativa reguladora, a redacción de guías didácticas, a creación de sistemas de rúbrica para una avaliación operativa por parte do Centro e o establecemento de ferramentas didácticas que permitisen a súa implementación e desenvolvemento.

Toda a información relativa ao TFG de traballo social –calendario, procedemento de asignación de titor, orientacións para o contido, etc. -está dispoñible na páxina web da Facultade no apartado TFG (goo.gl/W3spVS).

O TFG ten **regulamento propio** aprobado no curso 2012/13, primeiro ano no que tiña que ser implantado (goo.gl/u63DRF). Na actualidade (2016) este regulamento estase modificando para axustalo aos cambios normativos da Universidade de Vigo e aos procesos internos de mellora. Preténdese que estean aprobados para o curso 2017/18.

Na **guía docente** do curso 2015/16, o TFG, materia de 6 créditos a desenvolver no último semestre de cuarto curso, defínese como: “O TFG estará orientado a que o alumnado amose a capacidade de integración de diversos contidos formativos e competencias asociadas ao título, axustándose ao contemplado en cada unha das memorias respectivas dos graos e á súa concreción nas guías docentes”.

Respecto dos seus contidos, o alumnado pode elixir entre tres tipoloxías diferentes a hora de enfocar e estruturar o TFG: a opción profesionalizadora, a opción de investigación empírica e a opción de investigación teórica.

“1.-Opción profesionalizadora (programas e/ou recursos):

Trátase de desenvolver unha proposta de actuación social nun contexto específico, a partir do estudo diagnóstico desa realidade. Esta modalidade debe incluír o deseño e/ou implementación e avaliación dun proxecto nun ambiente profesional ou a implementación e avaliación dun proxecto existente. Esta opción inclúe tamén o referido ao deseño e/ou implementación e avaliación de recursos ou materiais de interese para o título.

2.-Opción de investigación empírica (cuantitativa ou cualitativa):

Proposta de investigación sobre un campo concreto: Esta é unha proposta de traballo que inclúe un marco teórico, unha hipótese de traballo ou obxectivos, cunha parte empírica cos seus resultados, discusión e conclusións. Esta modalidade debería incluír metodoloxías e técnicas básicas de investigación (investigación, selección e uso de ferramentas para capturar información, así como a análise e interpretación da información).

3.-Opción de investigación teórica: Afondamento sobre un concepto teórico específico ou temática de interese para o título. É un estudo teórico (proba ou monografía) que implica unha análise teórica, comparativa ou crítica, como base para discusión ou presentación sobre un tema en profundidade. Esta opción debe incluír unha ampla revisión bibliográfica sobre o tema de estudo e debate en relación aos referenciais teóricos explícitos e coñecementos dispoñibles”. Pódese atopar en DOCNET (goo.gl/2otZ65) ou na Guía didáctica ofrecida na páxina da facultade: goo.gl/z5pQ7d

O **procedemento de asignación** de titores/as ao alumnado está baseado nas liñas de investigación que estes ofrecen previamente ao estudantado a través da Coordinación de TFG, e o número de prazas que ofertan.

O alumnado selecciona, a través da páxina web da Facultade (a partir do ano 2016/17, a partir da Secretaría virtual da Universidade), por orde de preferencia, ao profesorado coas liñas de investigación máis afíns aos seus intereses académicos e /ou profesionais.

A titorización desenvólvese durante o segundo semestre de cuarto curso a través de titorías individuais e personalizadas. Finalizada a supervisión, o profesorado titor autoriza –ou non- a defensa do TFG ante un Tribunal composto por tres profesores que imparten docencia na Titulación, non podendo formar parte do mesmo o titor/a que supervisou ao estudante.

A avaliación do TFG se efectúa entre o profesor/a tutor/a (30%) eo tribunal avaliador (70%) configurado por tres docentes en el título. No seguinte enlace poden observarse con detalle as diferentes rúbricas utilizadas por tutores/as e tribunais: [Impresos e síntese do procedemento para a presentación do TFG](#) en goo.gl/cXLTeJ

A defensa pública do TFG favorece o desenvolvemento de competencias de comunicación oral de forma importante. A pesar do esforzo que supón para o Centro e para os propios integrantes dos tribunais avaliadores, consideramos este acto académico de especial importancia na bagaxe formativa do alumnado.

No curso 2015/2016 tense producido unha reclamación por parte dunha alumna respecto da non superación do seu TFG que se ten resolto seguindo rigorosamente os pasos da normativa en vigor, e que finalizou coa exposición do TFG por parte da alumna na seguinte convocatoria coa aprobación ante o correspondente Tribunal.

De entre os **procesos de mellora do TFG** na Titulación de Traballo social, a Coordinadora de Grao, pertencente á *Conferencia de Decanos y Directores de Trabajo social* en representación da Universidade de Vigo (http://conferenciatrabajosocial.blogspot.com.es/p/blog-page_21.html), ten aproveitado ás boas prácticas existentes noutras Universidades para transferilas á Titulación de Traballo social.

No que respecta aos procesos de mellora a Coordinación de Grao, conxuntamente coa Coordinación de TFG, realiza dende o ano da súa implantación (2012/13) reunións co profesorado implicado, por un lado, e co alumnado por outra, para introducilos no desenvolvemento da materia. Neles se teñen creado rúbricas específicas para un desenvolvemento sistematizado das supervisións individuais nas que se teñen incluído compromisos no calendario de supervisións individuais e aspectos alusivos ao plaxio.

Así mesmo, algúns profesores/as da Titulación se teñen ofrecido voluntariamente dende o ano da implantación do TFG (2012/13) para impartir “**Seminarios introductorios ao TFG**” que serven de asesoramento nas accións básicas de inicio á investigación, en especial en relación á metodoloxía.

Para solucionar a insuficiencia de formación nesta materia, suplida por accións voluntarias do profesorado -como se ten visto-, a Facultade, dende o curso 2014/2015, ten feito o esforzo de facilitar formación complementaria ao alumnado a través de cursos organizados en colaboración coa Biblioteca da Universidade (especialmente no que respecta á procura bibliográfica), e cursos monográficos de 20 horas e gratuítos sobre metodoloxías da investigación cuantitativa e cualitativa.

Na actualidade un grupo de traballo está analizando outros posibles procesos de mellora respecto desta materia no que respecta ao proceso de adscrición do TFG ao profesorado, e nos procesos de supervisión e calificación, por exemplo, estudando a posibilidade de que o tutor/a emita un informe de “Apto para a súa avaliación” e sexa o Tribunal quen asuma a responsabilidade de avaliar no 100% o TFG presentado.

O carácter finalista do TFG ten derivado en importantes esforzos por parte do alumnado e do respectivo profesorado tutor/a quen realiza supervisións individuais aos estudantes que lle

teñen sido asignados para a supervisión e que podería ser máis recoñecida (4h/estudiante/ano por TFG defendido e aprobado), pero constitúe unha materia que reverte de xeito substancial na formación do estudantado e produce, na súa maioría, traballos excelentes ou moi notables. Sobre o rendemento observado nesta materia procederemos a súa análise máis adiante, no Criterio 6- Resultados de Aprendizaxe.

O Suplemento Europeo o título (SET)

O SET é o documento que acompaña ao título universitario, no que se inclúen as competencias e nivel adquiridos polo alumnado, así como as características da formación recibida. Este documento facilita o recoñecemento do título en España e no estranxeiro, ademais da mobilidade das/os egresadas/os universitarias/os. En 2015 o Consello de Ministros aprobou un Real Decreto que establece os novos requisitos de expedición do Suplemento Europeo ao Título. Ao solicitar o título oficial de Grado ou Máster, as Universidades expedirán de forma gratuíta o SET e, ademais, poderán facelo electronicamente.

A documentación para o SET xestiónase dende a Secretaría de alumnado do Centro e se facilita por parte dos responsables daquelas actividades que son obxecto de incluír no devandito Suplemento (materias cursadas de ERASMUS ou bolsas de intercambio propias, SICUE, prácticas extracurriculares, voluntariado, actividades culturais, deportivas, etc.). Esta información pode consultarse na páxina web da Universidade (goo.gl/WHJFjV).

O Alumnado con necesidades educativas de apoio a persoas con necesidades especiais (NEAE)

Nesta Titulación aplícase a normativa da Universidade en relación ás medidas de apoio educativo a persoas con necesidades especiais. No plan de acción tutorial -e a través da información de que dispoñen os Servizos Administrativos eo Gabinete Psicopedagóxico-, detéctanse as necesidades neste ámbito. Ao longo da implantación do Título téñense detectado casos de persoas con necesidade de apoio debido a dificultades de visión, audición e mobilidade. Para garantir os seus dereitos solicítase á Universidadeo mencionado apoio. En Traballo social temos tido apoio para unha persoa xorda con dous intérpretes ao longo da súa carreira; así mesmo teñen cursado a carreira unha persoa en cadeira de rodas e unha alumna con graves deficiencias visuais. Todas eles teñen conseguido unha plena integración na súa vida académica e xa teñen finalizado con éxito o Grao. Nestes momentos, unha das nosas alumnas cega está en Estados Unidos nun curso de adestramento de can guía. Incorporase en febreiro de 2017 co seu can-guía ás aulas, proceso seguido moi de cerca polo equipo decanal, a Coordinación de Grao e o Gabinete psicopedagóxico da Universidade, do cal volveremos a falar máis adiante.

Tamaño dos grupos docentes

Outro aspecto a valorar neste apartado é o tamaño dos grupos de alumnado nas sesións prácticas das materias. A Universidade calcula a dotación de plantilla de profesorado a partir dun tamaño medio de grupos de 35 estudantes. E calcula, en consecuencia, o número de grupos posibles cada curso académico no Grao, en relación á matrícula de primeiro ingreso na Titulación o ano anterior ao que se se suma unha porcentaxe do alumnado con materias pendentes. O estudantado do Curso de Adaptación (20 prazas) non é tido en conta nestes

cálculos. Unha vez axustados os resultados pola Universidade de Vigo é a Coordinadora de Grao e a Xunta de Titulación quen establece, a partir de criterios consensuados, o número exacto de grupos para cada materia na PDA que aproba o Centro.

Hai que sinalar que na Titulación de Traballo social, e por decisión do seu profesorado en Xunta de Titulación, e de acordo coas súas necesidades docentes, a partir do ano 2013/14, existen 2 tipos de estrutura de materia: aquelas que dispoñen de Gran Grupo (HA), 2 Grupos medianos (HB) e 4-6 Grupos pequenos (HC) e aquelas outras que só dispoñen de Gran Grupo (HA) e 3 Grupos medianos (HB). Nestas, por exemplo, inclúense materias que pola súa peculiaridade e dado o seu alto contido práctico precisan utilizar salas de ordenadores ou o laboratorio de idiomas de xeito habitual (entre outras: “Estatística. Estatística aplicada á investigación social”, ou “Inglés”).

Comentario aparte precisan as materias optativas da titulación, todas elas con 6 créditos, que polo seu menor número de matriculados (o alumnado escolle de entre as ofertadas e polo tanto se distribúe entre elas), teñen sempre a mesma distribución: un Gran Grupo e un Grupo mediano.

Son os **Coordinadores de curso** os responsables da “Distribución dos grupos docentes”, a principios de cada cuadrimestre, en cada materia, tal e como se indica na normativa que regula as súas funcións: goo.gl/qQhRL1

O tamaño dos grupos varía segundo o ano, en función do número de novas matrículas e do número de alumnos con materias pendentes no ano anterior, de forma que se computan a efectos de división de grupos a totalidade de alumnos de 1ª matrícula na materia e con materias pendentes nese curso, aos que se lle engade finalmente o alumnado matriculado do Curso de adaptación. Isto provoca que as agrupacións no mesmo curso poidan sufrir importantes variacións no número de estudantes entre unha materia e outra (véxase por ex. na táboa que segue, dúas materias de 2º curso). Reitérase, polo tanto que as listaxes sempre se fan computando o maior número de alumnado matriculado en todas ou en algunha das materias dese curso. O profesorado, logo, depura estes listados para a súa materia en atención aos estudantes reais matriculados cuxos listados aparecen na Secretaría virtual da Uvigo.

No curso 2015/16, as materias de 1º curso (todas coa agrupación GG + GM + GP agás Estatística) tiveron de media no seu Gran grupo: 78 estudantes, nos 2 Grupos medianos: 39 estudantes e nos 6 grupos pequenos: 13 estudantes.

En 2º curso, as materias con agrupación GG + 2 GM + 5 GP tiveron no seu Gran grupo como máximo: 102 estudantes, nos 2 Grupos medianos: 51 estudantes e nos 5 grupos pequenos: 20-21 estudantes.

En 2º curso, as materias con agrupación GG + 3 GM tiveron no seu Gran grupo como máximo: 102 estudantes e nos 3 Grupos medianos: 34 estudantes

En 3º curso, as materias con agrupación GG + 2 GM + 6 GP tiveron no seu Gran grupo como máximo: 65 estudantes, nos 2 Grupos medianos: 33 estudantes e nos 6 grupos pequenos: 10-11 estudantes.

En 3º curso, as materias con agrupación GG + 3 GM tiveron no seu Gran grupo: 65 estudantes

e nos 3 Grupos medianos: 21-22 estudantes

En cuarto curso, non existen distribución de grupos, xa que logo no primeiro cuadrimestre o alumnado está cursando a materia de Practicum (e están agrupados en torno ao profesor/a titor/a que os supervisará ao longo do ano, como máximo en 20 estudantes) e no segundo semestre, ademais de cursar o TFG que mantén supervisións individualizadas, o resto das materias a cursar son optativas coa distribución xa comentada de 1 Gran Grupo e 1 Grupo Mediano. As materias optativas soen ter como mínimo 13 estudantes e as de maior número de estudantes non chegan aos 60 alumnos.

No que respecta a evolución do tamaño medio ao longo dos anos da implantación do Plan de estudos móstranse na seguinte Táboa, a modo de exemplo algunhas materias con agrupación diferenciada por curso, para apreciar mellor as posibles variacións existentes no tamaño dos seus grupos.

Tamaño dos grupos (Media de alumnos por grupo de docencia) Selección materias/curso.

	Contido	Curso	Novo alum no	Repit en	Tot al alu m.	Nº alumGru po grande	Nº alum. Grupos median os	Nº alum. Grupos pequen os
1 º	Introdución ao Traballo Social GG + 2GM + 5-6 GP (dependendo do ano académico)	2015/1 6	56	22	78	78	39	13
		2014/1 5	58	8	66	66	33	13
		2013/1 4	59	7	66	66	33	11
		2012/1 3	75	8	83	83	42	14
		2011/1 2	72	15	87	-	44	15
		2010/1 1	72	0	72	72	36	12
		2009/1 0	0	0	0	0	0	0
	Estatística: Estatística aplicada á investigación social GG + 3 GM pola necesidade de uso de laboratorios	2015/1 6	60	4	64	64	21	-
		2014/1 5	63	7	70	70	23	-
		2013/1 4	69	6	75	75	25	-
		2012/1 3	75	1	76	76	25	-
		2011/1 2	70	5	75	75	-	-
		2010/1 1	70	0	70	70	23	-
		2009/1 0	0	0	0	0	0	0
2 º	Psicología: Métodos e técnicas de investigación social	2015/1 6	54	1	55	55	28	11
		2014/1 5	62	2	64	64	32	11
		2013/1 4	63	1	64	64	32	11
		2012/1	61	1	62	62	31	12

		3						
		2011/12	58	0	58	58	19	-
		2010/11	77	0	77	77	26	-
		2009/10	0	0	0	0	0	0
	Conceptos, teorías e métodos en traballo social	2015/16	60	39	99	99	33	-
		2014/15	63	26	89	89	30	-
		2013/14	64	18	82	82	27	-
		2012/13	61	11	72	72	36	14
		2011/12	62	0	62	62	31	12
		2010/11	77	0	77	77	39	13
		2009/10	0	0	0	0	0	0
3º	Políticas públicas en España	2015/16	58	1	59	59	30	10
		2014/15	59	1	60	60	30	10
		2013/14	67	1	68	68	34	11
		2012/13	55	0	55	55	28	11
		2011/12	60	0	60	60	30	12
		2010/11	Sen implantar aínda					
		2009/10	Sen implantar aínda					
	Traballo social grupal e comunitario	2015/16	55	10	65	65	33	11
		2014/15	60	2	62	62	31	10
		2013/14	64	7	71	71	36	12
		2012/13	56	0	56	56	28	11
		2011/12	60	0	60	60	30	12
		2010/11	Sen implantar aínda					
		2009/10	Sen implantar aínda					
4º	Xénero, violencia e intervención social (optativa) 1 GG + 1 GM Materia con alto nº de matriculados	2015/16	46	0	46	46	46	-
		2014/15	57	0	57	57	57	-
		2013/14	38	0	38	38	38	-
		2012/13	24	0	24	24	24	-
		2011/12	Sen implantar aínda					
		2010/11	Sen implantar aínda					
		2009/10	Sen implantar aínda					

	Xeriatria para traballadores/as sociais (optativa) 1 GG + 1 GM Materia con baixo nº de matriculados	2015/16	13	0	13	13	13	-
		2014/15	14	0	14	14	14	-
		2013/14	5	0	5	5	5	-
		2012/13	24	0	24	24	24	-
		2011/12	Sen implantar aínda					
		2010/11	Sen implantar aínda					
		2009/10	Sen implantar aínda					

Polo tanto, podemos afirmar que no caso de Traballo social, segundo os datos analizados da PDA relativos ao curso 2015/2016, o tamaño medio dos grupos pequenos non supera aos 15 estudantes, e o tamaño dos grupos medianos non supera os 51. Se ben o grupo grande dende o punto de vista pedagóxico aínda presenta un tamaño elevado (máis de 75 estudantes nalgúns materias), tense realizado un esforzo por individualizar a atención ao alumnado por grupo práctico, especialmente naquelas materias máis profesionalizantes ou que requiren uso de laboratorio.

A coexistencia de dous tipos de agrupamento nas materias de Traballo social manifestan un proceso de mellora aínda sen finalizar na adecuación do tamaño das materias aos contidos das mesmas.

Unha vez que o alumnado realiza a súa matriculación son os Coordinadores de cada curso quen fan a distribución de estudantes por grupo –como xa se comentou-, a tenor da ordenación alfabética dos seus apelidos e dun número similar para as agrupacións. A realización desta listaxe, volve a ser responsabilidade dos/as **Coordinadores/as de curso**, tal e como indica a normativa que regula as súas funcións. Deben “Informar, ao comezo de cada cuadrimestre, ao profesorado e aos estudantes da distribución do alumnado nos diferentes agrupamentos”. Esta listaxe está sempre publicada a primeira semana de clases, ou sexa a primeira semana de setembro, tanto na páxina web da facultade (goo.gl/4pWIPc), como en papel nos taboleiros da facultade e en cada un dos taboleiros de cada aula.

A incorporación tardía, da que xa falamos, do estudantado de 1º curso altera esta listaxe inicial, na que se vai incorporando o alumnado segundo o seu apelido o día da súa chegada.

Existe un grupo de titorización de PAT específico para alumnado de 1º con incorporación tardía para resolver a súa chegada xa iniciado o curso académico (as veces ate no mes de novembro).

As incorporacións tardías se deben a circunstancia alleas á Facultade (e a Universidade de Vigo) xa que se realizan en función das datas de realización das Probas de Acceso ao sistema Universitario (PAUU) de Galicia non conciliadas, nos seus exames de mediados de setembro, coas datas de inicio do curso universitario a principios dese mes.

Tamén se incorporan en determinadas materias, xa iniciado o curso, aqueles estudantes que teñen solicitado validacións por proceder doutros títulos, ou os estudantes do Curso de adaptación que só se incorporan a algunhas delas. Así mesmo algúns estudantes que teñen disfrutado de programas Erasmus se incorporan con desaxustes de datas ao segundo cuatrimestre.

Iniciado o curso, e en cada cuatrimestre, existe a posibilidade de que o alumnado poida cambiarse de grupo, previa solicitude motivada e xustificada á Coordinadora de Grao e a autorización desta. As circunstancias específicas polas que se pode cambiar de grupo son, entre outras: ocupar un posto de traballo cun horario que coincida co grupo/s asignado/s; estar sometida/o a tratamento médico con incompatibilidades horarias; ter fillos menores de 12 anos ou familiares dependentes a cargo sendo o seu coidado incompatible co horario asignado; vivir habitualmente nalguna poboación onde os horarios de transporte público fagan imposible acudir á clase no horario asignado; incompatibilidade de horario entre materias de diferentes cursos, etc.

Este procedemento de cambio de grupo coa folla de solicitude e prazos tamén está regulado na páxina web da facultade en “solicitude de cambio de grupo” (goo.gl/ZhcnNW)

Una consulta aos horarios do título do presente curso académico (goo.gl/IRmFiU) permite unha visión xeral dos diferentes tipos de agrupamento nos que se organiza a actividade docente. Na PDA do título atópase información detallada do número de grupos de cada tipo para cada una das materias que conforman o plan de estudos.

Mobilidade do alumnado de Traballo Social

O Servizo de Relacións Internacionais (goo.gl/HB3ghs) está centralizado e non dispón de espazos nin de persoal específico no Campus de Ourense, polo que o referente para o alumnado de todo o centro no noso Campus é Coordinador de Intercambio da Facultade quen recibe apoio da Comisión de Relacións Internacionais e do Persoal de Administración e Servizos (PAS).

Na titulación de Traballo social temos unha profesora da Titulación na Comisión que reforza esta información para os nosos matriculados.

Na páxina web do Centro (goo.gl/T8DXqK) existe unha pestana específica sobre “Mobilidade”, na que está disponible toda a información relativa á Oficina de Relacións Internacionais (ORI), ao Intercambio con Universidades estranxeiras (ERASMUS), ao Intercambio con Universidades Españolas (SICUE), e ao Programa Europeo de Bolsas Internacionais. Toda esta información tamén se lle proporciona ao alumnado a través de reunións dentro del Plan de Acción Titorial (PAT) e de reunións específicas co persoal da ORI e o Coordinador de Intercambio da Facultade.

En relación á participación do **alumnado nos programas de mobilidade**, dende que se ten implantado a titulación, podemos observar unha evolución positiva, xa que no curso 2010/2011 saíron 4 estudantes ERASMUS; no 2011/2012 computáronse 2 ERASMUS; no curso seguinte, 2012/2013 xa foron 11 ERASMUS; no 2013/2014, aumentaron a 12 estudantes (2 ERASMUS e 10 con bolsas propias). No curso 2014/15, saíron 7 ERASMUS, 3 de bolsas propias, e 1 de libre mobilidade, ou sexa, 11 en total, e no curso 2015-2016, marcharon 6 ERASMUS, 4 de bolsas propias e 1 SICUE totalizando 11 saídas.

O alumnado de traballo social mostra una disposición maior polas saídas ao estranxeiro que polas nacionais. Dende o Decanato tense feito un enorme esforzo por incrementar o número de convenios con universidades internacionais con posible intercambio de alumnado de Traballo social como por exemplo as Universidades de Hochschule Ravensburg- Weingarten (Alemania) que oferta 2 prazas, a Univerza v Ljubljani (Eslovenia) que oferta 1, a Alma Mater Studiorum- Università di Bolog (Italia) que oferta 2 prazas, a Università degli Studi napoli Federico II (Italia) que oferta 2 prazas), a Università Degli Studi Roma Tre (Italia) que oferta 2 prazas para tódalas titulacións do centro, a Wyzsza Szkola Pedagogiczna Warszawie (Polonia) que oferta 3 prazas para os Graos de Traballo social e Educación social, o Instituto Politécnico de Leiria (Portugal) que oferta 2 prazas, ou a Universidade de Coimbra (Portugal) que oferta 2 prazas (consultar en: goo.gl/6d8aD6).

Ademais destes países a Universidade de Vigo conta con bolsas propias ou do Banco Santander para propiciar a saída do alumnado a un gran número de Universidades do mundo: Arxentina, Canadá, Corea, Chile, China, Estados Unidos, México, Perú, República Dominicana, Uruguai, etc. (goo.gl/0NImvh).

Destaca o interese mostrado polo alumnado polos países de Iberoamérica onde as linguas castelá e galega facilitan os intercambios para os países de fala española ou portuguesa (consultar en <https://goo.gl/Du6UGt>).

Malia que a mobilidade estudiantil en Traballo social vai en aumento aínda queda por promocionala para chegar aos índices desexados no Centro, xa que logo estes seguen sendo baixos para a Titulación, pero en aumento se vemos as porcentaxes en relación ao número de matriculados nos últimos anos, xa que teñen pasado do 0.98% no curso 2011/12, ao 3.22% no 2015/16.

Unha posible razón para non ter incrementado estes últimos anos a mobilidade pode ser a sensación de incerteza económica e social das familias de orixe do estudiantado tralo impacto da crise económica, ou algunhas incidencias detectadas no curso 2015/2016 relativas á diverxencia dos calendarios académicos da nosa Universidade cos calendarios académicos das Universidades Europeas coas que temos intercambio. Esta situación provoca que o alumnado que solo marcha o primeiro semestre retrase case un mes a súa incorporación nas materias do segundo, o cal dificulta a súa avaliación continua nelas, ao tempo que esixe ao profesorado un esforzo engadido na supervisión personalizada do estudiantado con incorporación tardía para que non “perda” ese ano a materia.

Con todo, hai que subliñar o grado de satisfacción cos programas de mobilidade do alumnado de Traballo social que pode rastrearse na súa evolución histórica a través do indicador 73 - grado de satisfacción do alumnado participante en programas de mobilidade- das enquisas de avaliación ate o ano 2013/14 (ano no cal foi suprimido na nova enquisa). O grado de satisfacción ten ido aumentando progresivamente: no curso 2011/2012 foi de 3.97 (sobre 7) moi similar ao do resto da Universidade de Vigo, aquel curso situado en 3.99; no curso 2012-2013 aumentou a 4.56 (sobre 7), cando o indicador para toda a Uvigo permanecía no 3.99; e o último curso do que se dispoñen de datos, o 2013/2014 seguiu aumentando ate o 4.57 (sobre 7).

Enquisas de satisfacción

Neste apartado presentamos un resumo dos principais indicadores relativos ás enquisas de satisfacción, primeiro en relación á participación dos diferentes membros da comunidade universitaria; logo respecto da súa satisfacción. É importante comentar que no curso académico 2014/15 o Vicerreitorado de Calidade da Universidade modificou as súas enquisas de avaliación tanto nalgúns dos seus indicadores como no que respecta a escala de medición: dende o curso 2010/11 ate o curso 2013/14 a escala media ate 7 puntos; a partir do ano 2014/15 a escala se establece ate 5 puntos.

Isto provoca unha certa confusión se se comparan os datos absolutos. Na medida do posible aquí se presentan comparables entre eles. Tamén na medida do posible presentamos evolucións históricas dos mesmos, aínda que os datos relativos a 2015/16 non están aínda publicados para os resultados de satisfacción de alumnado e profesorado. Isto pode deberse, en parte, e tamén, aos cambios producidos no proceso de externalización da Universidade de Vigo á empresa que realiza as enquisas e que no ano 2015/16, por retrasos na contrata, incorporouse de xeito tardío a facer as enquisas no Centro.

Comezamos polas **TAXAS DE PARTICIPACIÓN** por parte dos diferentes colectivos que participan nela: alumnado, profesorado, PAS e egresados.

No que respecta ao **alumnado, os índices de participación**, sendo aínda baixos para as expectativas do Centro, teñen ido incrementándose ao longo dos anos, de forma que pasamos do 22.93% no ano 2011/12 ao 27% no curso 2015/16, con cifras intermedias que tiveron o seu índice máis baixo no curso 2012/13 cun 18.61 % de participación. En Traballo social, os índices de participación das alumnas soe ser superior ao dos alumnos sempre en máis de 6 puntos, pero en termos globais o 27% de participación alcanzado no curso 2015/16 aínda está por debaixo da porcentaxe de participación do Centro situado no 36%. Tódolos anos o Decanato, a Coordinadora de Grao e os Coordinadores de curso promoven que o alumnado cumprimente estas enquisas de avaliación.

No que respecta ao **profesorado, a participación** ten sido sempre moito máis alta coa do alumnado, situándose no ano 2011/12 no 70.37%, moi por riba da cifra global de participación do profesorado na Universidade de Vigo situada aquel ano no 34.84%. A participación en Traballo social foi similar no 2012/13, incrementouse no 2013/14 ate o 75%, e baixou puntualmente no 2014/15 ate o 64%. Non temos datos accesibles do curso 2015/16.

Respecto dos **egresados** así como de **PAS** temos índices de **participación** relativos ao último curso académico 2015/16. Os egresados tiveron un índice de participación do 38% e os PAS dun 63.64%.

Continuamos cos **ÍNDICES DE SATISFACCIÓN** dos diferentes colectivos. Respecto de **PAS** temos cifras globais que indican que a súa satisfacción na Universidade de Vigo se sitúa no 3.75 (sobre 5) no curso 2015/16, baixando nos Graos da Universidade a 3.73 (sobre 5) e alcanzando no nosa Facultade un grao de satisfacción global de 3.11 que se se desagrega para os Grao do Centro no índice de “satisfacción global” baixa a un 2.68. O indicador máis baixo é o relativo a súa satisfacción cos recursos humanos que puntúa soamente un 2 sobre 5 (asunto

sobre o cal se volverá no apartado deste informe sobre recursos humanos), e os máis altos cun 3 cada un deles (sobre 5) refiren a satisfacción coa “información xeral sobre o centro e as súas titulacións” e aos “recursos materiais e servizos”.

Os índices de **satisfacción dos egresados** no curso 2015/2016, teñen que comezar indicando que o 18% traballou ou traballa na actualidade cun contrato que ten que ver directamente coa adquisición do seu título de Traballo social. A satisfacción xeral dos egresados co Título é de 3.34 (sobre 5); isto é, satisfactoria ao noso xuízo.

Os indicadores máis valorados polos egresados son a “utilidade das prácticas académicas externas” con un 4.4 (sobre 5), seguido da súa “estancia na Universidade de Vigo no transcurso da titulación” con un 3.93 (sobre 5), ou os recursos materiais e servizos nos que “as infraestruturas e os recursos materiais” alcanzan un 3.53 (sobre 5) e “os servizos como a secretaría do alumnado, a biblioteca, etc.” un 3.71 (sobre 5). O que menos valoran na enquisa de satisfacción é a “orientación profesional e laboral” con un 2.4 (sobre 5) e a “orientación académica para a continuación dos estudos” cun 2.63 (sobre 5).

Como xa se sinalou no apartado anterior os aspectos relativos ás saídas profesionais estanse tomando en conta na Titulación, actualizando cada ano os contidos da materia de “Traballo social e ámbitos profesionais”, coa celebración de xornadas específicas sobre saídas profesionais e coas accións desenvoltas no Título por parte do Colexio oficial de Traballo social ao amparo do convenio que a Universidade ten asinado con él.

Son destacables ademais aqueles indicadores da enquisa que afondan na calidade da “docencia” recibida polos egresados ou na súa idoneidade para o mercado laboral todos eles por riba do “aprobado” ou do “notable”: “a actualidade da formación recibida” (3.53 sobre 5); “a organización temporal das materias do plan de estudos” (3.06 sobre 5); “as metodoloxías do ensino-aprendizaxe empregadas” (3.25 sobre 5); “a adecuación do profesorado” (3.31 sobre 5); “a adecuación da formación recibida ás expectativas iniciais” (3.35 sobre 5); “as competencias adquiridas” (3.4 sobre 5); e a “utilidade da formación recibida para a carreira profesional” (3.47 sobre 5).

Especial referencia lle debemos ao indicador –que nomeamos de novo- da **utilidade das prácticas académicas externas** con un 4.4 (sobre 5) que ven a confirmar o dito no primeiro aptdo. deste Informe sobre o Practicum como un dos puntos fortes de Traballo social.

Respecto da **satisfacción do profesorado** da titulación de traballo social, podemos comezar indicando que nos anos seguintes á implantación do título, máis concretamente no curso 2011/12, era de 5.53 puntos sobre 7 (isto é 3.93 sobre 5), unhas décimas máis baixa que a satisfacción global do profesorado na Uvigo que alcanzaba os 5.61 puntos (sobre 7) ou do profesorado do ámbito das ciencias xurídicas e sociais que se posicionaba no 5.60 (sobre 7).

Nos anos seguintes, a **evolución histórica do grao de satisfacción xeral** do profesorado de Traballo social foi en paulatino aumento chegando no curso 2014/15 a un 5.86 (sobre 7, por seguir coa vella escala) ou un 4.09 puntos sobre 5, unhas décimas xa máis alta que o grado de satisfacción xeral do profesorado da Universidade de Vigo situado nese mesmo ano no 4.03 (sobre 5). Do ano 2015/16, como xa temos comentado, aínda non temos datos.

O que máis valora o profesorado son os “**recursos de apoio ao ensino**” que comezan no curso 2011/12 con 5.39 puntos, segue no 2012/13 con 5.30, no 2013/14 con 5.41 e se sitúa no 2014/15 con 5.86 (sobre 7) ou se se prefire usar a nova escala, un 4.10 sobre 5.

Tamén os indicadores de “**planificación e desenvolvemento do ensino**” mostran un aumento da satisfacción do profesorado que comezan no curso 2011/12 con 5.41 e se sitúa no 2014/15 con 5.90 (sobre 7) ou en 4.13 sobre 5.

Respecto do grao de “**satisfacción do PDI cos estudantes**”, os indicadores tamén aumentan desde o curso 2011/12 con 5.65, no 2012/13 con 5.6, e no 2013/14 aumentan ate un 5.83 (sobre 7) ou si se prefire na nova escala sobre 5, un 4.17 sobre 5. Non temos datos de aquí en adiante para este indicador.

Rematamos este apartado co grao de **SATISFACCIÓN DE ALUMNADO DA TITULACIÓN DE TRABAJO SOCIAL** que é, en xeral, satisfactorio.

Si valoramos a **evolución histórica da satisfacción xeral do alumnado de Trabajo social**, temos que comentar que nos anos avaliados comezou cun 4.95 (sobre 7) no ano 2011/12, descendeu lixeiramente nos dous anos seguintes (2012/13- 4.18; 2013/14- 4.15) e continuou subindo o curso 2014/15 posicionándose en 5.92 (sobre 7) ou un 2.96 xa sobre 5, para situarse no curso 2015/16 en 6.34 sobre 7 (ou 3.17 sobre 5). Deste xeito, podemos afirmar que o grao de satisfacción xeral do Título de Trabajo social non deixou de incrementarse nos últimos anos.

Podemos resumir polo tanto que a progresión da satisfacción xeral do alumnado de Trabajo social é moi satisfactoria: comezou cun 4.95 (sobre 7) ao implantarse o plan de estudos alcanzando un 6.34 (sobre 7) no 2015/16.

Podemos destacar que este indicador é superior ao resto das titulacións de Grado da Facultade (3.09 sobre 5; isto é un 6.18 no histórico sobre 7) e da Universidade cun 3.15 (sobre 5).

Para desagregar os datos relativos á satisfacción do alumnado en relación ao CRITERIO 1.ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO, que estamos analizando, vamos a tomar como fonte o antigo indicador 74 “**Grao de satisfacción dos estudantes coa planificación e desenvolvemento do ensino**” do cal existe evolución histórica e completaremos a información cos indicadores da nova enquisa de satisfacción relativos á “**Planificación e desenvolvemento das ensinanzas**” dos cales temos datos do curso 2015/16, recordemos, xa todos en base 5.

Respecto da evolución histórica do “Grao de satisfacción dos estudantes coa planificación e desenvolvemento do ensino”, comezou cunha puntuación de 3,54 (sobre 7) no curso 2011/12, aumentando no curso 2012/13, a 4 (sobre 7), e a 4.13 (sobre 7) no curso 2013/14, para pasar no 2014/15 a 4.42 por seguir na mesma escala sobre 7 (ou 3.11 sobre 5, tal e como se computa agora).

Na última enquisa do curso 2015/16 relativa á “Planificación e desenvolvemento das ensinanzas”, a información se desagrega valorando “**A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios...)**” no que o grao de satisfacción do alumnado de trabajo social é moi alto: un 4.00 sobre 5 superando a media do Centro (3.70).

Preguntados pola “organización temporal das materias do plan de estudos” o alumnado outorga un 2.85 sobre 5. En relación aos “horarios da titulación” soben a un 3.08, indicador que obtén a mesma nota que o “calendario das probas de avaliación”. Ao respecto comentar que o alumnado representante dos estudantes participa nas Xuntas de Titulación da elaboración de horarios e do calendario de exames.

Respecto da “proporción entre as clases teóricas e as prácticas na titulación” o grao de satisfacción do alumnado é de 2.80 (sobre 5). Una nota un pouco máis baixa lle outorgan “A coordinación entre as materias do plan de estudos” cun 2.73 (sobre 5).

Respecto deste última nota -2.73 sobre 5- téñense redobrado esforzos dende a Coordinación de Grao e as Coordinacións de curso para sistematizar o proceso de coordinación entre profesorado que imparte unha mesma materia, especialmente a partir do ano 2014/15 e moi especialmente no ano 2015/16.

O ideal sería minimizar o número de materias compartidas (fragmentadas) no Título, un proceso complexo que suporía revisar a normativa de contratacións do profesorado, en especial, a tempo parcial, xa que non se axusta ao nº de horas a impartir nunha materia “estándar” na nosa titulación. As materias do noso Título de 6 créditos supoñen unha carga docente para cada profesor, dependendo do número de grupos pequenos (4-6) no ano en curso, unha adicación que vai entre 82.5 horas e 105 horas (agás as optativas cunha carga de 45 horas), sendo comúns as materias de 97.5 horas.

Pola súa parte os contratos parciais se fan sempre por un número de horas múltiplo de 30, (90, 120, 150, 180) de forma que é realmente complicado que un docente non teña “horas sobrantes” do seu contrato que completa asumindo “trozos” de outras asignaturas coa conseguinte fragmentación de éstas.

Podemos poñer un exemplo: un docente cun contrato a tempo parcial de categoría T3-P3 ten 90 horas de obrigas docentes. Si asume a docencia dunha materia de 82.5 horas lle sobran 7.5 horas que destinará a un “anaco” de outra. Si asume a docencia dunha materia de 97.5 ou 105, se precisará de outro docente para completar a materia, ou terase que incrementarlle o seu contrato ao seguinte tramo T3-P4 de 120 horas, nas que se volvería a reproducir a situación anterior.

As obrigas docentes varían ademais por diversas “desgravacións” de horas si asume responsabilidades de supervisións de traballos (TFG por exemplo) ou de xestión, de xeito que o axuste dos seus contratos respecto da impartición de materias completas é moi complexo. Unha análise sosegada do modelo de contratación podería procurar solucións a estes desaxustes actuais.

Podemos identificar, algúns outros ítems relacionadas co Criterio de análise 1. *Organización e desenvolvemento* como a “satisfacción cos obxectivos e competencias” que na enquisa de alumnado do curso 2014/15 obtivo un 3,32 (sobre 5), e que no curso 2015/16 pode ser equiparada ao ítem “competencias adquiridas” que subiu a un 3.58 para o alumnado de Traballo social superando así a media do Centro (3.22 sobre 5). Non existe cadro histórico anterior para poder avaliar este ítem no pasado.

Queremos rematar co grado de satisfacción do alumnado de Traballo social cos “resultados” que no curso 2014/15 obtivo un moi razoable 3.59 (sobre 5) e que no curso 2015/16 pode ser equiparado ao “desenvolvemento das ensinanzas da titulación” que obtén un 3.24 (sobre 5) superando a media do Centro que é de 3.04. O ítem sobre a “calidade da docencia na titulación” tamén é satisfactorio cun 3.15 (sobre 5).

En definitiva, observamos que a **satisfacción xeral do alumnado de traballo social coa organización e o desenvolvemento de seus estudos é máis que satisfactoria**, obtendo como promedio de tódalas respostas na enquisa de avaliación no curso 2015/16, un 3.17 (sobre 5), superando o promedio do Centro (3.12), o do ámbito xurídico-social ao que pertence (3.12), así como os promedios outorgados aos Graos da Uvigo (2.96), e o promedio global da propia Universidade de Vigo cun 3.15.

EN RESUMO:

- A **oferta de módulos e materias** correspóndese co establecido na memoria de verificación do Título: as materias e asignaturas que comprenden teñen unha correspondencia coas competencias establecidas na memoria.
- A **Memoria inicial tivo modificacións** para incluír o Curso de adaptación ao Grao e mellorar os procesos de acceso á matriculación do Practicum; modificacións autorizadas pola ACSUG o 27 de xullo de 2013 e que entraron en vigor no curso 2013-14, sin que exista ningunha situación anómala referida ao plan de estudos na nosa Titulación.
- **curso de adaptación** cumpre a súa función tocante á adquisición de competencias e coñecementos, e se adecúa ao establecido na memoria de verificación do título.
- desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación. Existe unha **minuciosa revisión das Guías docentes** por parte do profesorado, dos Coordinadores de Curso e da Coordinadora de Grao.
- Tanto o **Practicum** como o **TFG** son materias especialmente importantes na formación do alumnado. O Practicum ten sido unha materia especialmente sometida a procesos de análise e mellora, sendo nestes momentos unha **materia altamente satisfactoria para o alumnado** e os egresados. O TFG, así mesmo, está sendo analizado para seguir incorporando no mesmo procesos de mellora.
- **tamaño dos grupos**, si ben aínda son en determinadas circunstancias numerosos, é axeitado ás actividades formativas.
- A participación do alumnado nos **programas de mobilidade** é aínda baixa para a equipa decanal e a Coordinación de grado que aspiran a que sea incrementado. Estanse realizando esforzos para promovelos.
- As **Taxas de participación** dos grupos de interese son boas para Profesorado e PAS e aínda baixas para o alumnado e egresados. Estanse realizando esforzos para aumentalas.
- Os **índices de satisfacción son satisfactorios** para Profesorado, alumnado e egresados, e relativamente baixos para PAS.
- A **satisfacción xeral do alumnado de traballo social coa organización e o desenvolvemento de seus estudos é máis que satisfactoria** obtendo como promedio de tódalas respostas na enquisa de avaliación no curso 2015/16, un 3.17 (sobre 5), superando o promedio do Centro (3.12), o do ámbito xurídico-social ao que pertence (3.12), así como os promedios outorgados aos Graos da Uvigo (2.96), e o promedio global da propia Universidade de Vigo cun 3.15.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias polos/as estudantes, de ser o caso, establécense as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso no que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso no que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten ás/aos estudantes acadar as competencias asociadas as devanditas prácticas.
- No caso no que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os/as estudantes poidan acadar as mesmas competencias, con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

MECANISMOS DE COORDINACIÓN

A valoración dos mecanismos de coordinación docente en Traballo social é satisfactoria, e xa podemos dicir que forma parte da dinámica habitual do profesorado, dos Coordinadores de curso e da Coordinación de Grado. Téñense posto en marcha diferentes accións destinada a mellora permanente dos mecanismos de coordinación.

Ao longo destes anos o Centro, a través da Comisión Interna de Garantía de Calidade, consciente da importancia que ten a sistematización das Accións de Coordinación, ten traballado tenazmente na implementación de accións que axuden a mellorar a praxis docente nas aulas e a axilizar a xestión administrativo-burocrática esixida no actual modelo de calidade. Resumimos algunhas destas accións:

1. As estruturas de coordinación están definidas, recoñecidas e consolidadas e están publicadas as persoas responsables das mesmas na páxina web da Facultade (goo.gl/LCgzWY).
2. As accións de coordinación están implementadas en diferentes niveis e con obxectivos claramente establecidos: materia, en especial Practicum e TFG, curso, Grao, Equipo Decanal.
3. As reunións de coordinación, xa sistematizadas, están integradas e son asumidas polos docentes nas súas rutinas de traballo cotiá.
4. Tense sistematizado o almacenamento de rexistros de tipo dixital e en papel para a custodia da documentación relativa á diferentes evidencias de coordinación en calquera dos seus niveis: materia, curso, Grao, Practicum e TFG.

5. Os regulamentos respecto das funcións das persoas Coordinadoras de curso e Coordinadoras de Título están definidas no *Manual de Calidade* en vigor (<https://goo.gl/jqzOzr>), e foron debatidas, analizadas e aprobadas na Comisión Permanente (Comisión delegada da Xunta de Centro) o 26/9/2014 e ratificadas na Comisión de Garantía Interna de Calidade o 29/9/2014. Estas funcións están publicadas na páxina web da facultade: (goo.gl/5RVnmD) e (goo.gl/VZK6gm)

6. Téñense elaborado informes anuais, por cada Titulación, que se publican na web do Centro (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/2014-10-20-11-07-14/2014-11-12-12-11-58/grao-t-social>).

A finais de cada curso académico, a Vicedecana de Calidade do Centro, elabora un informe exhaustivo no que pode consultarse:

- a) Información xeral sobre a coordinación do Centro.
- b) Estrutura e responsables de coordinación na Facultade para cada título.
- c) Informe das accións de coordinación desenvoltas durante o curso obxecto do informe.

Estes “Informes de Acción de Coordinación” (cursos 2013/14; 2014/15 e 2015/16) están dispoñibles na web da Facultade (<https://goo.gl/Qky9FB> ou (goo.gl/s9A1s6).

Podemos destacar a coordinación entre o profesorado que comparte materias, xa que se considera un factor determinante na calidade docente. Estas accións son impulsadas pola persoa responsable da materia, ou sexa a **Coordinadora da materia**. Ten, entre as súas obrigas, poñerse en contacto con posibles docentes que vaian a compartir a materia, organizar polo menos entre eles unha reunión ao ano (o habitual son dúas), e deixar reflectido por escrito as accións de coordinación relativas á distribución no calendario da impartición de clases de tipo teórico e práctico, o reparto do temario, a responsabilidade da avaliación, etc., nun formulario ofrecido polo Centro (CODIGO: DO-020) para a sistematización e rexistro destas accións e que pode atoparse na páxina web do Centro: Profesorado → Accións de coordinación do profesorado.

Tamén é obriga da persoa Coordinadora da materia, asumir a responsabilidade do proceso de avaliación final da mesma (calculando, de selo caso, as diferentes notas de parte de cada docente), e de rexistrar oficialmente as actas da materia.

Deste xeito o profesorado que comparte materias ven realizando reflexións sobre o proceso de desenvolvemento da mesma de forma continua ao longo do curso o que redunda nunha mellora permanente da mesma.

Os/as **Coordinadores/as de curso** teñen moita importancia no cumprimento da coordinación de materias entre profesorado, xa que logo, son os responsables, entre outras múltiples funcións da “Coordinación horizontal entre o profesorado”, da “Coordinación da carga de traballo do alumnado das actividades avaliativas fundamentais entre as materias do cuatrimestre” e da “Calidade e mellora”, “asistindo ás xuntanzas (...) para recoller información da marcha do curso académico, e formando parte, xunto cos responsables de titulación, do Grupo de Mellora do título”.

Ademais os/as Coordinadores/as de curso son os responsables de “Dinamizar, apoiar e revisar a elaboración das Guías Docentes en DocNet” (plataforma informática) e de “Convocar ao profesorado do seu curso” no que teñen como responsabilidade “-Informar sobre o contido das Guías/-Comentar aspectos relevantes do material de Axudas pedagóxicas, incorporado no manual de DocNet/-Iniciar o proceso de incorporar a Guía en DocNet e, unha vez iniciado o proceso en DocNet, comprobar que todas as Guías están feitas e cumpren os requisitos, nomeadamente en relación a: “-Que non existan solapamentos entre as distintas materias/ - Atención á distribución das horas nas diferentes metodoloxías/- Que o sistema de avaliación contemple ao alumnado asistente e non asistente, e que se empreguen polo menos instrumentos de avaliación/ e que informen sobre o significado da convocatoria de xullo e a data límite para finalizar a introdución de datos en DocNet por parte do profesorado segundo o calendario establecido” (Véxase goo.gl/VZK6gm)

Así que, os/as Coordinadores de Curso, ademais das funcións que realizan ao longo do ano, nomeadamente en relación coas Guías docentes, e a coordinación de profesorado da mesma materia, convocan ou lembran ao profesorado da Titulación as súas obrigas en relación a estas cuestións.

Os/as Coordinadores de Curso, manteñen estreita relación de coordinación coa **Coordinación de Grao**, que entre as súas funcións, comproba e ratifica que as accións de coordinación teñen sido levadas a cabo.

Neste senso téñense intensificado nos cursos 2014/15 e 2015/16, as accións de coordinación en relación as Guías Docnet e a Coordinación entre o profesorado da mesma materia. Téñense xerado rúbricas e formularios específicos polo Centro que poden atoparse nos Anexos 1 e Anexo 2 do *Informe de acción de Coordinación* do ano 2014/15 (goo.gl/pJCVvS).

Este intenso proceso de revisión no Grao de traballo social ten sido sistematizado na práctica pola Coordinadora de Grao de Traballo social e os Coordinadores de curso, no curso 2015/16, cuxas evidencias poden atoparse en: goo.gl/xHjByF

A **Coordinación de Grao de traballo social** está permanente implicado en tódolos niveis de coordinación do título, xa que logo, segundo se indica no regulamento (goo.gl/5RVnmD) e “segundo as indicacións que se recollen no Manual de Calidade (Índice 4, apartado 5.2.6), sobre o marco das súas responsabilidades no desenvolvemento da titulación, en materia de calidade, a persoa coordinadora asume as seguintes funcións:

- Velar polo cumprimento dos requisitos da lexislación e normativa vixente en relación coas titulacións, en particular o RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e o RD 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o RD 1393/2007, máis concretamente nos aspectos ligados ás esixencias da memoria para a solicitude de verificación, entre as que se inclúen as do sistema de garantía de calidade, e o seguimento e renovación da acreditación das titulacións.
- Colaborar coa dirección do centro e, en particular, coa persoa coordinadora de calidade, no desenvolvemento, implantación, seguimento e mellora dos procesos de calidade na súa titulación.
- Cooperar cos departamentos nos asuntos que atinxan ao desenvolvemento da docencia.
- Aplicar mecanismos de avaliación, implantación e seguimento das melloras da titulación”

A **Coordinación entre Coordinadores de Grao das catro titulacións** da Facultade tense intensificado dende o ano 2014/2015 e especialmente no curso 2015/16 sobre todo en relación a aspectos globais como a Calidade, o Plan de Acción tutorial (PAT), as rúbricas para a revisión das guías Docnet ou a coordinación de materias entre o profesorado, os procedementos comúns relativos aos TFG, ou a mellora da páxina web da Facultade. As reunións, xunto cos responsables correspondentes da Facultade (Decana, Vicedecanos) enriquecen a comunicación e a transferencia de boas prácticas entre os diferentes títulos da Facultade o que reverte, obviamente, na mellora da calidade da xestión o da docencia, de todo o Centro.

Continuando coa análise sobre a Coordinación, lembremos que non existen indicadores explícitos sobre o grado de satisfacción do profesorado relativo a este ítem: coordinación entre profesorado. Pero podemos lembrar o grado de satisfacción do profesorado cos indicadores de “planificación e desenvolvemento do ensino” que foi en aumento ao longo da implantación do plan de estudos pasando do 5.41 (sobre 7) no curso 2011/12, a 5.90 (sobre 7) nos cursos 2014/15 e 2015/16 (ou 4.13 sobre 5, tal como aparece nas últimas enquisas).

Respecto do grao de satisfacción do alumnado coa “coordinación entre as materias do plan de estudos”, non existe evolución histórica deste dato xa que logo na antiga enquisa de avaliación se preguntaba de xeito global ao alumnado sobre a satisfacción coa “planificación e desenvolvemento das ensinanzas” (cuestión xa analizada máis arriba), pero se contamos con datos do curso 2015/16 no que é valorada cun 2.73 (sobre 5).

Xa se ten comentado máis arriba, ao fio da análise das enquisas de avaliación do alumnado, que esta nota (2.73 sobre 5), non satisface plenamente nin ao Centro, nin a Coordinación de Grao, nin aos Coordinadores de curso, nin ao profesorado. Xa se ten comentado que se tiñan intensificado os esforzos dende os equipos directivos do Centro e as diferentes coordinación por sistematizar o proceso de coordinación entre profesorado que imparte a mesma materia, especialmente a partir do ano 2014/15 e moi especialmente no ano 2015/16. Se ben estas medidas son eficaces para a coordinación entre o profesorado dunha mesma materia, non son o instrumento máis idóneo, ao noso xuízo, para diminuír o número de materias que teñen profesorado compartido. Este feito, como xa se sinalaba máis arriba, ten a súa orixe na propia normativa de contratación da Universidade de Vigo, pouco adecuada segundo a nosa análise, á carga docente do profesorado con diferentes contratacións nas diferentes materias.

Con todo, o grado de satisfacción do alumnado obtido en relación á coordinación entre las materias do plan de estudios (2.73 sobre 5), supera a media obtida polo Centro (2.74). O Centro, como se pode apreciar, ten focalizado os seus esforzos na sistematización da coordinación entre profesorado da mesma materia, para continuar mellorando neste aspecto.

Relacionado cos aspectos dos “*mecanismos de coordinación docente que permiten analizar seo desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias polos/as estudantes*” podemos traer novamente a colación o grado de satisfacción do alumnado de Traballo social coa “xestión da calidade” cun 2.52 (sobre 5) no curso 2014/15, pero que aumentou significativamente en relación “á información dispoñible relativa á calidade”, no curso 2015/16 chegando a un 3.16 (sobre 5), e superando a media do Centro (3.02).

Convén tamén lembrar aquí que o grado de satisfacción do alumnado de Traballo social no curso 2015/16 coa “calidade da docencia na titulación” é bastante razoable cun 3.15 (sobre 5), superando a puntuación obtida de media entre as Titulacións do Centro (3.07 sobre 5).

En resumo, se lembramos a evolución histórica do “Grao de satisfacción dos estudantes coa planificación e desenvolvemento do ensino”, temos que comentar que comezou cunha puntuación de 3.54 (sobre 5) no curso 2011/12, aumentando a 4 (sobre 5) no curso 2012/13, pasando a 4.13 no curso 2013/14, a a 4.42 no curso 2014/15 (por seguir na mesma escala sobre 7, ou 3.11 sobre 5 tal e como se computa agora) ou ao promedio de 4.52 (sobre 7) ou 3.17 sobre 5 no último curso analizado 2016/17, polo que podemos facer unha valoración positiva deste apartado que manifesta, entre outros aspectos, a percepción por parte do alumnado, dos esforzos que se está levando a cabo dende o Centro por implicar a tódolos sectores na calidade do mesmo.

Mención aparte merecen os procesos de Coordinación do Practicum do TFG na Titulación de Traballo social.

Practicum: mecanismos de coordinación

A xestión e organización das prácticas externas curriculares son responsabilidade do Centro e da súa Comisión de Practicum conxuntamente cos dous Coordinadores do Practicum, que reciben apoio técnico-administrativo dos servizos correspondentes da Universidade de Vigo, nomeadamente, na sinatura e renovación dos Convenios de colaboración coas institucións externas onde realiza as prácticas o alumnado de Traballo social.

A Comisión de Practicum está regulada pola correspondente normativa, aprobada en Xunta de Titulación e que é pública na páxina web da Facultade. Entre outras, a Comisión é responsable de avaliar o proceso do Practicum e propoñer accións de mellora, así como resolver os incidentes tanto de carácter xeral como particular no desenvolvemento do Practicum que non estean contidas no regulamento do Practicum (Véxase normativa: goo.gl/88imgM)

No que respecta aos **Coordinadores do Practicum**, son responsabilidade súa:

- Manter as necesarias relacións de consulta e información coa equipa decanal en referencia a tarefas vinculadas á xestión, organización e procedemento do Practicum
- Informar ao alumnado do procedemento e desenvolvemento do Practicum
- Elaborar a guía docente do Practicum en colaboración cos/as titores/as académicos
- Convocar a Comisión de Practicum, de acordo coa Decana/o, cando sexa necesario, para garantir o procedemento contido nesta normativa, así como para resolver incidencias tanto de carácter xeral como particular, que poidan xurdir no desenvolvemento do Practicum
- Elaborar os documentos necesarios para a orientación, desenvolvemento e avaliación do Practicum
- Concertar as prazas en institucións, empresas e entidades colaboradoras que serán o destino das prácticas do alumnado
- Asignar o alumnado á institución, empresa ou entidade na que vaia realizar as prácticas, así como a súa publicidade
- Asignar o alumnado ás/os titoras/es académicos

- Cumprimentar a acta da materia
- Remitir a documentación necesaria ao Decanato co fin de que poidan cubrir os protocolos do SGIC, así como para emitir as certificacións de titoras e titores externos.

Especialmente relevante é subliñar que é a Coordinación do Practicum quen durante meses, como se ten comentado máis arriba, se pon en contacto coas diferentes institucións para revalidar o seu compromiso de aceptar estudantes no ano en curso, así como con todas e cada unha das profesionais traballadoras sociais que aceptan titorizalos. Este traballo improbo é especialmente coidado por parte dos Coordinadores do Practicum de Traballo social, xa que logo, supoñen manter excelentes relacións institucionais entre a Universidade de Vigo e as institucións coas que ten asinado Convenio.

Ademais de contactar cada curso académico coas institucións externas para coñecer a súa dispoñibilidade en colaborar no practicum, os Coordinadores do Practicum:

- Promoven e tramitan os convenios de practicum coas institucións externas que aínda non contan co mesmo.
- Concertan as prazas nas institucións, empresas e entidades colaboradoras remiten a ficha de identificación do/a estudante asignado a cada institución.
- Proporcionan á institución externa a documentación asociada a practicum: D4: Formalización da practica académica externa; D5: Informe do titor/a externo; Seguro de Responsabilidad Civil; Guía e orientación do practicum incluído o seu formulario de avaliación.
- Cumprimentan a documentación asociada á xestión do practicum para o alumnado.
- Forman parte das Comisións mixtas coas institucións, contempladas no convenio correspondente.
- Son responsables do seguimento da xestión do Practicum e de toda a recollida de documentación asociada ao mesmo: D4 Formalización de la practica académica externa; D7: Informe del titor/a académico; D6: Informe do estudante; D8: Certificado de las prácticas para el alumnado; D5: Informe del titor/a externo; e Certificado de prácticas para o titor/a externo.

A orientación e seguimento do desenvolvemento das prácticas corresponden aos **docentes titores/as académicos**, todos eles profesorado a tempo completo pertencentes a Área específica de “Traballo social e Servizos sociais”, e docentes na Titulación de Traballo social, e que están integrados na Comisión do Practicum. As súas funcións segundo figura na Normativa son:

- Realizar as sesións previas ó inicio do Practicum, informando e asesorando sobre os contidos e procesos das prácticas.
- Tutelar o traballo dos estudantes durante o período de realización das prácticas, mediante titorías específicas individuais e/ou seminarios grupais, segundo o establecido na guía docente.
- Avaliar os estudantes durante o período de prácticas baixo os procedementos explicitados na guía docente e a recollida e valoración da memoria final do alumnado.
- Comunicar a cualificación a coordinación nos prazos establecidos.

- Manter contacto e seguimento do Practicum cos titores/as externos cara a avaliación do alumnado, solicitando a documentación necesaria, que incluírá os informes intermedios, de considerarse oportuno, e en todo caso o informe final segundo os modelos establecidos pola coordinación.
- Cumprimentar os protocolos establecidos pola coordinación para o seguimento do desenvolvemento do Practicum

Como se deduce da propia normativa, os/as titores académicos/as comparten algunhas funcións de xestión cos Coordinadores do practicum en relación ao D8: Certificado de las prácticas para el alumnado; D5: Informe del tutor/a externo; e Certificado de prácticas para o tutor/a externo.

Ademais os/as titores académicos/as teñen funcións de supervisión individual e grupal co alumnado que lles é asignado (como se explicou no apartado deste informe destinado ao Plan de estudos).

No que respecta á Coordinación (epígrafe deste Informe), é importante resaltar que son aos docentes titores/as académicos a quen lles corresponde coordinarse cos titores/as profesionais das institucións externas (e as veces cos seus Xefes de servizo ou Coordinadores), cos cales se poñen en contacto telefónico (as veces persoal) polo menos unha vez antes da incorporación do alumnado ao seu posto, e ao longo da realización do practicum polo menos unha vez ao mes. Nalgúns casos este contacto precisa de maior periodicidade en función de cómo se vai desenvolvendo o período de prácticos do estudante. Na Titulación de Traballo social o contacto coas compañeiras profesionais traballadoras sociais e especialmente coidado e enraíza con outras actividades da Titulación: matriculación no curso de adaptación, participación en Xornadas, participación en investigacións, etc.

As funcións que se lles outorgan aos **titores/as externos** segundo a normativa en vigor son:

- Acoller ó estudante e organizar a actividade a desenvolver de acordo ao establecido no proxecto formativo.
- Orientar, apoiar e supervisar as súas actividades.
- Coordinar co tutor académico da universidade as actividades formativas, así como comunicarlle as posibles incidencias que poidan xurdir no proceso.
- Emitir un informe final que conterá a avaliación do alumno. Se fose necesario e así se considerase, poderá emitirse un informe intermedio, que será enviado ó tutor/a académico da universidade.

En definitiva, as diferentes coordinacións existentes entre os implicados no Practicum é fulcral para a Titulación e por ese motivo especialmente coidada. Por esa razón, e dado o intenso traballo que supoñen poderían ser mellor recoñecidas xa que logo a día de hoxe supoñen un recoñecemento de 45 horas para os dous Coordinadores da mesma. Con todo, a pesar do inxente esforzo realizado polos dous profesores coordinadores, o Practicum, segue a ser unha das materias mellor organizadas da Titulación, non en vano o indicador de grao de satisfacción dos egresados, no ano 2015/16, respecto da “utilidade das prácticas académicas externas” é un dos máis altos da enquisa de avaliación un 4.4 (sobre 5) o que ven a confirmar que o Practicum é un dos puntos fortes de Traballo social.

TFG: mecanismos de Coordinación

Sobre o TFG xa se ten feito unha valoración positiva no aptdo. deste Informe destinado ao Plan de estudos. Neste epígrafe desexamos resaltar as labores de coordinación implicadas na súa xestión e na súa implantación cada curso académico.

A responsabilidade da xestión do TFG lle corresponde en Traballo social á persoa que a súa vez asuma a Coordinación de curso de cuarto. Na normativa que regula aos Coordinadores de curso (goo.gl/VZK6gm) se indica que son funcións súas:

- Xestionar a revisión das guías docentes das materias do curso, incluída a Guía docente do TFG.
- Garantir un nº de titores/as adecuados para a oferta de prazas dos TFG e controlar a distribución do alumnado aos respectivos titores/as.
- Reunirse co profesorado de TFG para facilitar a información correspondente.
- Coordinarse co equipo decanal as datas de entrega e defensa das diferentes convocatorias.
- Informar ao alumnado e titores/as de: normativas, datas e tribunais.
- Xestionar a recollida de TFG entre o alumnado e a distribución dos mesmos e as cualificacións ós tribunais.
- Xestionar as actas da materia TFG do seu Título

A **Coordinación de TFG** debe contactar, iniciado o primeiro semestre, con todo o profesorado da súa Titulación, en primeiro termo, e doutras titulacións, en segundo termo, para recepcionar as liñas de investigación que estes ofrecen e o nº de prazas de titorización de TFG que ofertan no Grao.

Tamén é o responsable de procesar esta información na plataforma informática a tal efecto e do proceso de asignación de titores/as ao alumnado que lle segue. Se responsabiliza así mesmo das incidencias e reclamacións que poden producirse por problemas coa plataforma informática, coa matrícula ou con calquera outra circunstancia que lle impida ao alumnado a asignación no prazo aberto a tal efecto, asumindo neses casos a finalización da asignación manualmente para que ningún estudante do Título queden sen titor/a asignado. Tamén se ocupa de modificar durante o curso titores/as xa asignados por causas sobrevidas como baixas.

A Coordinación de Grao, conxuntamente coa Coordinación de TFG, realiza dende o ano da súa implantación (2012/13) dous tipos de reunións: por unha parte co profesorado implicado na titorización para ofrecerlles orientacións do proceso, dos prazos, e das recomendacións na titorización; por outro, co alumnado para ofrecerlles a mesma información e introducilos no desenvolvemento da materia. Como se ten indicado téñense creado rúbricas específicas por parte da Coordinación de Grado para un desenvolvemento sistematizado das supervisións individuais do profesorado nas que se teñen incluído compromisos no calendario de titorías individuais e aspectos alusivos ao plaxio.

Ambas coordinacións, a do TFG e a do Grao están implicados nos **procesos de mellora** tanto de procedemento como de **resolución de dificultades**. Unha das principais vias orixinada polo escaso recoñecemento, a xuízo do profesorado, das labores de tutorización de TFG -4 h. por estudante ao ano si defende e aproba o TFG- que ademais son aplicadas ao ano seguinte de ter realizado esta labor. Esta situación disuadiu ao profesorado eventual da supervisión de TFG e provocou como efecto inmediato a sobrecarga do profesorado a tempo completo quen asumiu esta obriga docente cun sobre esforzo importante para posibilitar que o alumnado realizase esta materia, por certo, con notables taxas de éxito.

Lembramos que toda a información relativa ao TFG de traballo social –calendario, procedemento de asignación de titor/a, orientacións para o contido, etc.- está dispoñible na páxina web da Facultade no apartado TFG (goo.gl/E3Mu5O), así como a normativa que o regula (goo.gl/2nhf7L).

Relacións/Queixas

Tódolos Coordinadores de un xeito ou outro participan na resolución de dificultades que poidan terse dado na Titulación. Ademais toda a comunidade da Facultade de Ciencias da educación (ao igual que o resto da Uvigo) dispón dun espazo para cursar **Queixas**, así como **Suxerencias e Parabéns** relativas á cuestións xerais do Centro ou da Titulación, a través dunha plataforma dixital habilitada a tal efecto pola Universidade de Vigo e cuxo acceso se pode atopar na páxina web da Facultade.

Cabe indicar que a través de la plataforma dixital (QSP) non se ten recibido ningunha notificación do alumnado anterior ao curso 2013/14. En consecuencia a partir do aplicativo non se contan con datos/resultados sobre as mesmas. Unha explicación razoable é o escaso coñecemento do alumnado da aplicación QSP na páxina da facultade en curso pasados. A Coordinadora de Grao, ademais da Coordinadora de PAT, teñen explicado os procesos de reclamacións en traballo social (nomeadamente ao alumnado en 1º curso na Semana de acollida) polo que se ten constancia do incremento de Queixas, Suxestións e Parabéns formuladas dende entón a través deste sistema.

Tense rexistrado **un Parabén** no Grao de Traballo social con data 24/9/2013, en relación a posta en marcha da Web da Facultade.

Téñense rexistrado **tres suxestións** en Traballo social: a primeira de data 22/1/15 e solicita, por parte do profesorado de Traballo social, a través da súa Coordinadora, a colocación dun **“Punto de información”** para o alumnado desta titulación. Autorizouse dende o Decanato e inaugurouse o 3/2/2015.

A segunda suxestión, tamén a petición do profesorado, con docencia maioritaria en Traballo social, instalado no denominado Pavillón Olga Gallego Domínguez solicitou a habilitación dunha “sá de descanso”, petición trasladada a través da Coordinadora de Grao o 7/7/2016. A Comisión de Espazos, na reunión celebrada o 9/9/2016 “Ante o reiterado pedimento dunha sala de descanso no Pavillón *Olga Gallego Domínguez* (pavillón 2), e non dispoño de espazos libres nin axeitados”, acordou trasladar este pedimento á Vicerreitoría do Campus e á Unidade Técnica, quen está a resolver nestes intreos esta cuestión que afecta ás infraestruturas.

O CONTIDO DAS PÁXINAS 47-48 NON É PÚBLICO

POR CONTER DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

(Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal)

É de resaltar que no caso das queixas a maior parte procede do sector alumnado e están relacionadas coa docencia. Principalmente a partir da derivación aos correspondentes servizos e dende o asumible directamente polo decanato ou as Coordinacións de Grao tratouse de dar a resposta máis satisfactoria posible ou de derivar aos Dptos. implicados. En xeral, a Comisión de Garantía Interna de Calidade considera que se atenderon axeitadamente tódalas incidencias e queixas recibidas. En ningún caso se pon de manifesto que fosen obxecto de indolencia ou desatención, senón todo o contrario.

O grado de satisfacción do alumnado da titulación en relación ás vías para realizar queixas, suxerencias e/ou parabéns foi de 2.80 (sobre 5), algo inferior a media del Centro (2.93 sobre 5), situación que pode estar provocada polo aínda pouco coñecido proceso de QSP.

EN RESUMO:

- Os mecanismos de coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos son satisfactorios e evita baleiros e duplicidades nas mesmas. Os coordinadores de materia e de curso están especialmente implicados nos procesos de revisión de materias a través da análise das Guías docentes das mesmas en DOCNET.
- Os procesos de Coordinación implican a Coordinadores de materia, Coordinadores de curso e a Coordinación de Grao. Así mesmo como a Facultade posúe catro titulacións tamén se producen Coordinacións entre os Coordinadores de Grao. Existe unha moi boa coordinación entre tódolos axentes.
- O Practicum é unha materia especialmente coidada onde ten unha importante relevancia a Coordinación do mesmo cos titores académicos e os titores das entidades/institucións externas. Estamos moi satisfeitos coa Coordinación do Practicum que supón ademais, una representación institucional da Uvigo coas institucións e os empregadores.
- O TFG tamén implica intensas labores de Coordinación. Aínda se está en proceso de mellora nesta materia, da que en todo caso, estamos satisfeitos coa Coordinación.
- Os grupos de interese do Título contan con canles para expresar as súas Queixas, Suxestións ou parabéns.
- As Queixas rexistradas proceden maioritariamente do alumnado e aluden principalmente á cuestións relacionadas coa docencia, en especial, coa coordinación de materias fragmentadas e compartidas entre varios profesores.
- A inmensa maioría de Queixas teñen sido resoltas de xeito satisfactorio para as partes implicadas.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os/as estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso axeitado para iniciar os estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- De ser o caso, os complementos de formación cumpren a súa función de nivelar e acadar as competencias e coñecementos polas/os estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

CRITERIOS DE ADMISIÓN E PERFIL DE INGRESO

Tal e como figura na Memoria de Título, non existen máis condicións para acceder aos estudos de Traballo social que “o estar en posesión do título de bachiller ou equivalente”, cumprir coa lexislación vixente, e o número de prazas de novo ingreso na Titulación (75). A incorporación do alumnado faise ordenadamente a partir da nota media do expediente do alumnado.

Polo tanto, máis alá do acceso, a Memoria do Título indica no “**perfil de ingreso**” unha serie de características e capacidades persoais do alumnado que se consideran de gran axuda para a aprendizaxe, e logo, para o posterior exercicio profesional, tales como:

- sensibilidade social;
- interese polo traballo con grupos humanos;
- interese polas problemáticas que presentan os distintos grupos sociais;
- capacidade para resolver problemas e para tomar decisións;
- capacidade de empatía;
- interese na área humanista-social;
- sentido crítico e capacidade de análise;
- respecto polas persoas;
- creatividade e iniciativa para plantexar, conxuntamente coas persoas, alternativas de solución;
- habilidades sociais básicas para o estudo e o traballo en equipo;
- capacidade básica para a comprensión e a expresión oral e escrita;
- experiencia en actividades de voluntariado social;
- experiencia en actividades laborais no ámbito social.

Estas cualidades son as que se teñen divulgado tamén, nos dípticos de difusión da Titulación e nas Semana de acollida ao alumnado de 1º curso.

No que respecta ao **Curso de adaptación**, establécense tres grupos de acceso:

- 1) diplomados/as pola Universidade de Vigo a partir do ano 2003 (10 prazas);
- 2) titores/as de alumnado da Universidade de Vigo (8 prazas);
- 3) diplomados/as non incluídos/as nos grupos anteriores (2 prazas).

Para cada colectivo, os **criterios de admisión específicos** son os seguintes:

1. Diplomados/as pola Universidade de Vigo a partir do ano 2003 (10 prazas): Expediente académico
2. titores/as de alumnado da Universidade de Vigo (8 prazas): Número de horas/anos de titorización.
3. Diplomados/as non incluídos/as nos grupos anteriores (2 prazas):
Expediente académico (50%) e Experiencia profesional en Traballo Social (50%).

O feito de que o acceso ao Curso ponte estea deseñado para persoas xa Diplomadas e/ou en exercicio activo da profesión de Traballo social, garante dalgún xeito o cumprimento do perfil de ingreso do título: <https://goo.gl/rMrM9v> ou goo.gl/xcl66V

Aínda que é moi difícil “medir” ate qué punto existe coincidencia entre o perfil de ingreso e o **perfil real do estudantado** matriculado no título, podemos acudir a diferentes fontes para xustificalo:

- A nota mínima de acceso
- Os estudos de procedencia
- A taxa de preferencia do alumnado de Traballo social
- A “adecuación” entendida como a matrícula de novo ingreso en primeira opción en relación a matrícula de novo ingreso por preinscrición
- grao de satisfacción do profesorado respecto do alumnado que cursa o grao.
- Algúns índices do grao de satisfacción do alumnado sobre os seus estudos, a calidade destes e os resultados
- grao de satisfacción dos egresados cos estudos realizados

No que respecta a **nota mínima de acceso** á Titulación dende o 2010/2011 ate o 2015/2016 oscila entre o inicial 5.010 ate o último 5.130. Sen embargo, tódolos anos se ten superado esta nota mínima en máis dun punto: a **nota media de acceso** no curso 2010/2011 foi de 6.394 e tense incrementado ate chegar no ano 2015/16 ao 6.600, superando a media global do Centro.

En relación aos **estudos de procedencia**, a maior parte dos estudantes procede do Ensino Secundario con PAUU superada cun 66 %, seguido daqueles que xa obtiveron o seu Título de Diplomado en Traballo Social (a maioría para facer o Curso de Adaptación) cun 12%, aqueles outros Procedentes da Formación Profesional (en familias diferentes a Servizos Culturais e á comunidade) cun 9% e por último os Procedentes da Formación Profesional (na familia Servizos Culturais e á comunidade) cun 7%. Non podemos esquecer, nestes últimos anos, os expedientes de validación de Título recepciónados pola Secretaría do alumnado no Centro para validar estudos en Traballo social, en especial, procedentes do Grao de Educación social.

Para nós é importante subliñar que dende a implantación do título no curso 2010/2011 a **taxa de preferencia** do alumnado que accede á Traballo social sempre se achegou ou superou o 100%, agás nos cursos que coincidiron coa baixada de matrícula. No curso da implantación do título, 2010/11 foi do 97.33%, no curso 2011/12 chegou ao 130.67%, no curso 2012/13 que foi do 133.33%, no curso 2013/14 posicionouse no 98.67%. A maior baixada foi no curso 2014/15 coincidindo coa diminución da matrícula de novo ingreso (86.67%), pero a taxa de preferencia subiu novamente no curso 2015/16 ate o 100%. Esta taxa garante que a

Titulación de Traballo social estea sendo elixida polo alumnado como a carreira en primeira opción, información que confirma a alta motivación do estudiantado por realizar esta formación.

Si analizamos a **adecuación**, podemos sinalar que oscilou entre o 73.33% o primeiro ano de implantación do título (2010/11), se mantivo en torno ao 84% nos tres anos seguintes (2011/12: 84.81%; 2012/13: 84.34%; 2013/14: 84.38%; 2014/15: 83.61%) ate chegar ao 89.71% o curso 2015/16. Son índices moi satisfactorios e superiores a outros graos da Titulación (por ex. Educación social oscila entre 69.88% ate o 86.25%).

Respecto da **satisfacción do profesorado cos estudantes**, os indicadores tamén aumentan desde o curso 2011/12 con 5.65, no 2012/13, con 5.6, e no 2013/14 ate un 5.83 (todos eles en base 7). Non temos datos de aquí en adiante para este indicador (81) da titulación de traballo social. Pero podemos confirmar que o profesorado da titulación está bastante satisfeito co perfil do alumnado da titulación.

Si analizamos algúns índices do **grado de satisfacción do alumnado**, que teñen relación coa adecuación do seu perfil cos estudos desenvolto, podemos identificar, por exemplo, o grao de “satisfacción cos obxectivos e competencias” que na enquisa de alumnado do curso 2014/15 obtivo un 3,32 (sobre 5), e que no curso 2015/16 pode ser equiparada ao ítem “competencias adquiridas” que subiu a un 3.58 para o alumnado de Traballo social superando así a media do Centro (3.22 sobre 5). Non existe cadro histórico anterior para poder avaliar este ítem no pasado.

O **grado de satisfacción do alumnado** de Traballo social cos “resultados” obtivo no curso 2014/15 un bastante alto 3.59 (sobre 5). No curso 2015/16 temos un índice que alude ao “desenvolvemento das ensinanzas da titulación” que obtén un 3.24 (sobre 5) superando a media do Centro que é de 3.04. O ítem sobre a “calidade da docencia na titulación” tamén é bastante alto 3.15 (sobre 5).

No que respecta aos índices de **satisfacción dos egresados** no curso 2015/2016, co Título foi de 3.34 (sobre 5); isto é, satisfactoria ao noso xuízo. Os indicadores máis valorados polos egresados son a “utilidade das prácticas académicas externas” con un 4.4 (sobre 5), seguido da súa “estancia na Universidade de Vigo no transcurso da titulación” con un 3.93 (sobre 5), ou os recursos materiais e servizos nos que “as infraestruturas e os recursos materiais” alcanzan un 3.53 (sobre 5) e “os servizos como a secretaría do alumnado, a biblioteca, etc.” un 3.71 (sobre 5). Pero é fundamental para este apartado o seu grado de satisfacción coa “adecuación da formación recibida ás expectativas iniciais” (3.35 sobre 5); “as competencias adquiridas” (3.4 sobre 5); e a “utilidade da formación recibida para a carreira profesional” (3.47 sobre 5), todos eles moi satisfactorios.

EN RESUMO:

- O perfil de ingreso é o perfil real do estudantado matriculado no título é coherente co establecido na memoria verificada, o que pode afirmarse a través de taxas de preferencia e adecuación satisfactorias; así como a partir dos índices de satisfacción do alumnado e dos egresados.
- A nota de acceso ao Título é suficiente pero podería ser incrementada no futuro.
- O perfil de egreso é moi satisfactorio en especial en relación a: “adecuación da formación recibida ás expectativas iniciais” (3.35 sobre 5); “as competencias adquiridas” (3.4 sobre 5); e a “utilidade da formación recibida para a carreira profesional” (3.47 sobre 5).

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia tocante aos resultados do título.

Aspectos a valorar:

➤ A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, e outras relacionadas coa avaliación, traballos de fin de grao/mestrado, prácticas externas, ...) desenvólvese segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudantado e as competencias a acadar no título. Impacto das mesmas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

NORMATIVAS

Ao longo destes anos de implantación do Título, teñen sido diversas as normativas que se teñen redactado e aprobado co fin de regular as actividades académicas e organizativas da titulación. Na páxina web da Facultade (goo.gl/T8DXqK) na pestana de *Centro* aparece un apartado con tódalas normativas da Facultade: Regulamento interno; Actuación en caso de emerxencias; Plan de Autoprotección; Practicum; Traballo Fin de Grado. E na pestana de *Estudiantes* inclúese un apartado de Normativa de Permanencia para Titulacións de Grado e de Máster (aprobada o 10-4-2013), a aplicación da normativa de permanencia e progreso para o curso 2014-2015, e un resumen da mesma. Tamén se inclúen os procedementos normativos de Avaliación por compensación (no caso dos Graos) e as Avaliacións curriculares (para materias sen docencia).

Indicamos a continuación onde atopar as normativas máis aplicadas é en vigor ate o momento: **Normativa de Permanencia**. Normativa conxunta da universidade coa que se pretende a aprobación dun número de créditos anualmente para evitar a duración excesiva dos estudos. Foi aprobada o 2 de abril de 2013 e pódese consultar en: <https://goo.gl/QKoSN4> ou goo.gl/6h7Kdt

Normativa de TFG da Facultade. O TFG ten sido unha preocupación constante por tratarse dunha materia sen apenas carga presencial pero de enorme interese para sintetizar as competencias do título. Tense debatido nos distintos órganos de Goberno da Facultade e en reunións específicas co profesorado e co alumnado con ampla participación e permanente motivación para a mellora constante dos procedementos do TFG. Foi aprobada en Xunta de Centro o 8 de maio de 2012 e pódese consultar na web da Facultade en <https://goo.gl/vtQy1g> ou goo.gl/2nhf7L

Este interese polo TFG é común a toda a Universidade polo que os seus órganos de goberno teñen actualizado o Regulamento de TFG o 17 de xullo de 2015 aplicable xa para ese curso e que resolvía algunhas das dúbidas xurdidas nos anos anteriores, como a obrigatoriedade ou non de titorizar TFG ou formar parte dos Tribunais de avaliación dos mesmos por parte do profesorado contratado a tempo parcial, a presenza ou non dos/as titores/as nos Tribunais nos que se avaliado os TFG do alumnado titorizado, os procedementos de reclamación por parte do alumnado, etc. (<https://goo.gl/dwODSO> ou <https://goo.gl/tyfpYT>)

A trasposición desta normativa da Universidade de Vigo ao ámbito das titulacións da nosa facultade estase realizando neste curso 2016/17 e será previsiblemente aplicada no curso 2017/18..

Normativa de Practicum. Existe unha normativa xeral da Universidade (goo.gl/LlZprp) que se ten adaptado á situación concreta de Traballo social, dada a importancia que ten o Practicum na Titulación co Regulamento propio (<https://goo.gl/88imgM>).

Transferencia e Recoñecemento de Créditos. Para aqueles estudantes que acceden ao título con competencias xa adquiridas (ciclos superiores, outras titulacións etc.) e para aqueles que se trasladan doutras universidades téñense elaborado Táboas de validacións para o recoñecemento das materias asociadas a estas competencias.

Tamén existen para as validacións do alumnado do Curso de adaptación, da Diplomatura ao Grao (<https://goo.gl/xcl66V>)

Así mesmo o título contempla o recoñecemento de 6 créditos por actividades que a universidade de Vigo considere validables. As normativas correspondentes pódense consultar na web do centro: Recoñecemento de créditos (<https://goo.gl/aq5XVX>) e Actividades validables (<https://goo.gl/sxbN0c>).

EN RESUMO:

- A aplicación das distintas normativas: Normativa de permanencia, Normativa de TFG, Normativa de Practicum, e Normativa de transferencia de créditos se desenvolven segundo o establecido nelas
- A Normativa de Prácticum foi modificada no ano 2013 -tal e como se explicou no aptdo 1.2.- como efecto dun proceso de mellora que se ten acreditado nos últimos anos como moi satisfactorio.

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar a maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantizan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e atópase dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución pública, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garantan a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados acadados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Consideramos que o Centro, e polo tanto a Titulación, dispón de mecanismos satisfactorios para transmitir a tódolos membros da comunidade (alumnado, profesorado, PAS, empregadores, administracións educativas) e ao seu entorno social, as características do programa formativo de Graduado/a en Traballo Social pola Universidade de Vigo.

Os cinco Informes de seguimento aos que se ten sometido o título ao longo destes anos, ten permitido a identificación daqueles puntos máis febles na Titulación e a subsanación dos mesmos a través de procesos de mellora que se foron articulando a tal efecto.

Por exemplo, no que a este apartado se refire sobre información e transparencia, se nos tiña indicado no último Informe de seguimento da necesidade de facer explícito na web da facultade o listado de docentes da Titulación de Traballo social xa que logo tódolos docentes da Facultade (catro títulos) aparecían xuntos. Cos procesos de mellora introducidos na páxina web, esta listaxe ten sido corrixida, e se ten posibilitado un mellor acceso á información, en especial para o alumnado, ao estar visible este concepto nada máis acceder a páxina web (<https://goo.gl/voNV7C>)

No seguinte enlace poden consultarse os **Informes Finais de Seguimento** do Grao en Traballo Social emitidos ben polo Servizo de Calidade da propia Universidade de Vigo, ben pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). (Véxase <https://goo.gl/8nepIf>)

En canto aos procesos utilizados para garantir a calidade da información dispoñible na WEB, temos recorrido aos indicadores de calidade de “Información Pública” propostos pola ACSUG. A partir dos mesmos foi deseñada unha “folla de rexistro” para a revisión sistematizada e o control da presenza na Web de toda a información relevante.

A continuación mostramos, o contido desta ficha coa información relevante e os enlaces que permiten o acceso á información pública do título de Traballo social.

FICHA-DETECCIÓN DE INFORMACIÓN DISPOÑIBLE NA WEB PARA O TÍTULO DE GRADUADO/A EN TRABALLO SOCIAL

Facultade Ciencias de Educación - Grado en Traballo Social

Denominación do título	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/gtsocial/
Número de créditos e duración do título	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/gtsocial/
Centro responsable do título, ou no seu caso, departamento ou instituto	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/gtsocial/
Coordinador/as e/ou responsable do título, Centro onde se imparte o título	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/2016-2017/Profesorado/Coordinacions_2016_17.pdf
En caso de títulos inter-universitarios, universidade coordinadora universidade/s participante/s	Non procede
Tipo de ensino	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/gtsocial/
Número prazos de novo ingreso ofertadas	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/gtsocial/

Idiomas nos que se imparte o título	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/Calidade/SeguimentoTitulos/Grao%20T%20Social/Memoria%20de%20verificacion%20do%20titulo.pdf https://seix.uvigo.es/docnet-nuevo/guia_docent/index.php?centre=105&ensenyament=O05G220V01&consulta=assignatures
Profesións reguladas para as que capacita	Véxase Apartado 1. Non regulada para Educación. Regulada para as cualificacións profesionais
Normativa de permanencia	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/k2/normativa-de-permanencia-para-titulacions-de-grao-e-de-master/resumo-da-normativa-actualizado-abril-2014
Normativa de transferencia e recoñecement o de créditos	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/reconecemento-de-creditos-grado-traballo-social http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/actividades-validables-grao-traballo-social
Memoria vixente do título	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/Calidade/SeguimentoTitulos/Grao%20T%20Social/Memoria%20de%20verificacion%20do%20titulo.pdf
Obxectivos do título	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/gtsocial/
Competencias xerais Competencias específicas	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/gtsocial/
Criterios de acceso e admisión	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/gtsocial/
Procedemento s de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/2015-2016/Estudos/TS/2016_17_Triptico_Acollida_Grao_traballo_social.pdf http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/Graos/PAT/DO-0203%20Plan%20accion%20titorial%20Facultade_Revis%20Permanente_26_9_2014_20102014.pdf
Perfil de ingreso recomendado	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/seguimento/gtsocial/
Condicións ou probas de acceso especiais, si existen	Non procede
Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso),	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/cursos-ponte-traballo-social
De selo caso, Complemento	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/cursos-ponte

s formativos necesarios, na función da formación previa acreditada polo estudante	traballo-social
Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/Graos/Grao%20Traballo%20Social/estructura%20plan%20de%20estudios/2014-ESTRUTURA%20DO%20PLAN%20DE%20ESTUDOS%20DO%20GRAO%20EN%20TRABALLO%20SOCIAL_Gal.pdf
Horarios Guías docentes/Programación docente	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/graotraballosociallateral/horariotraballosociallateral https://seix.uvigo.es/docnet-nuevo/guia_docent/index.php?centre=105&ensenyament=O05G130V01&consulta=assignatures
Traballo fin de grado/máster (Comisiones de avaliación, convocatorias, temáticas, etc.)	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/traballo-fin-de-grao
Información sobre as prácticas externas, si existiran (entidades colaboradoras, ...)	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/practicum-grao-traballo-social
Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto,...)	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/estudios/2013-08-08-12-51-38/grao-traballo-social http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/graotraballosociallateral/titorias http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/listado-titorias-e-cv-ts
Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/xestionAcademica/PAS20122013.pdf

Aulas e seminarios	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/novodir.pdf
Laboratorios	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/novodir.pdf
Salas de informática	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/novodir.pdf
Salas de estudo	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/novodir.pdf
Biblioteca	Enlace directo desde http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/ a http://www.biblioteca.uvigo.es/
Outros servizos dispoñibles	Gabinete psicopedagógico: http://vicou.uvigo.es/gl/servizos/gabinete-psicopedagogico Emprendemento: http://vicou.uvigo.es/gl/servizos/emprendemento Escola infantil: http://vicou.uvigo.es/gl/servizos/escola-infantil Cursos de formación: http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php?option=com_content&view=article&id=317 Voluntariado: http://vicou.uvigo.es/gl/servizos/voluntariado Unidade de igualdade: http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/unidade-de-igualdade Queixas, suxestións e parabén: https://seix.uvigo.es/uv/web/qsp/
Espazos para os representantes de estudantes	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/2015-2016/Alumnado/Delegaci%C3%B3n/WEB-representantes_alumnos_16_dende_19_de_maio.pdf http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/Alumnado/Normativa%20de%20acceso%20%20Delegación%20de%20Alumnos%20MODIFICADA.pdf http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/Documentos/2016-2017/Alumnado/Delegacion/Horario_de_atencion_al_publico_durante_el_1_cuadriestre_2016.pdf
Resultados del título (Taxa de graduación, abandono, eficiencia, rendemento, éxito, avaliación, inserción laboral)	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/2014-10-20-11-07-14/2014-11-12-12-11-58/informe-anual-de-resultados#
Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docencia)	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/2014-10-20-11-07-14/2014-11-12-12-11-58/informe-anual-de-resultados
Órgano responsable do sistema de garantía	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/2014-10-20-11-07-14/2013-08-19-10-01-30/comision-de-calidade

dacalidade do centro	
Política e obxectivos de calidade do centro	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/2014-10-20-11-07-14/2013-08-19-10-01-30/politica-e-obxectivos-de-calidade
Manual e procedementos do SGIC	http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/2014-10-20-11-07-14/2013-08-19-10-01-30/manual-do-sgic

En relación a comunicación e a transparencia, a Facultade dispón de diferentes ferramentas: o Centro dispón de paneis informativos en pantalla de plasma na entrada do Edificio de Facultades (comunmente chamado Edificio de Ferro) fronte a un dos seus accesos e ao lado de conserxería para informar ao alumnado dos eventos, actividades ou outro tipo de información relevante como prazos para determinados procedementos. Ademais, esta información tamén se divulga a través da páxina web do centro no espazo de “novidades”

Outro canal de comunicación son as listas de correo da Facultade e especificamente a asignada ao alumnado da Titulación de Traballo social (<https://listas.uvigo.es/mailman/listinfo/trabsocial>)

Así mesmo, existe unha lista de correos para comunicar cos titores externos do practicum de Traballo social (<https://listas.uvigo.es/mailman/listinfo/traballosocial>).

E aínda outra para a Búsqueda de emprego para: Mestres/as, Educación Social, Traballo Social, Psicopedagogía e CC. da Actividade Física e do Deporte. (https://listas.uvigo.es/mailman/listinfo/area_emplo-xuridicosocial_3)

Respecto do grado de satisfacción que manifesta o alumnado en relación á información recibida sobre o plan formativo, o seu desenvolvemento e resultados podemos valoralo, en xeral, e á luz dos resultados obtidos en 7 ítems da enquisa de satisfacción realizada no curso 2015/16, como **positivo**:

Grado de satisfacción do alumnado de Traballo social nunha escala de 1-5 obtido o último curso avaliado 2015-2016 (escala de 0-5)	M
<i>A información dispoñible sobre las competencias do plan de estudos</i>	3.73
<i>A información e orientación recibida na titulación</i>	3.04
<i>A información e orientación recibida sobre os distintos itinerarios curriculares ou especialidades da titulación</i>	2.56
<i>A difusión das actividades extracurriculares entre o estudantado (información das actividades culturais, deportivas, sociais...)</i>	2.88
<i>A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario de las probas de avaliación, actividades, cambios...)</i>	4
<i>A información dispoñible en relación coa calidade</i>	3.16
<i>As canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns</i>	2.80

En xeral, os resultados indican unha boa avaliación para a Web do centro, por parte do alumnado da Titulación de Traballo social. Subliñar a alta cualificación outorgada (4 sobre 5) á “información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario de las probas de avaliación, actividades, cambios...)”, información toda ela situada na pantalla de inicio da web.



Obviamente, todo é mellorable, e nese senso estase a analizar neste curso 2016/17, por parte dunha Comisión específica, as posibles melloras na páxina web da Facultade, de xeito que se consiga facer máis dinámica e atractiva, en especial para o alumnado. No caso de Traballo social sería moi satisfactorio incorporar un acceso directo ao Facebook do Grao en Traballo social, enlaces ao actos de graduación do título, vídeos de estudantes da titulación, fotos, etc.

EN RESUMO:

- A información publicada sobre o programa formativo é suficiente
- A información sobre o título é suficiente e está publicada en diversos lugares de entre os cales destaca aquela situada na Páxina Web da Facultade
- Garántese, a través da Páxina Web un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese
- O grao de satisfacción da alumnado coa información é satisfactoria
- Sendo boa, a páxina web pode ser mellorada para facela mais atractiva e dinámica

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC contén os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de xeito continuo, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisión e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo co establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e do profesorado desenvóléronse de acordo co establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólvese de acordo co establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

O SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE

De seguido entramos a valorar os aspectos asociados ao SGC centrándonos nos mecanismos de recollida e sistematización da información, a súa análise, detección de debilidades e proposta de accións de mellora, a partir do seguimento das mesmas:

Os procedementos que permiten recoller a información de xeito continuo, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisión e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo co establecido.

No curso 2009-2010 lévase a cabo a implantación do SGIC (edición 02), que comeza a facerse efectiva no curso 2010-2011. A par implantáronse as titulacións de grao do Centro: Grado en Educación Infantil; Grado en Educación Primaria; Grado en Educación Social; e Grado en Traballo Social: así coma dous másteres. Previamente, no curso 2008-2009, xa se implantara un dos mestrados da Facultade. Loxicamente, unha Facultade co número de títulos e grupos de interese coma a nosa require de recursos e esforzos importantes. Por elo, nos momentos iniciais os procedementos

permiten recoller información de xeito traballoso, levando algúns a un elevado grado de dedicación e laboriosidade. En particular, este foi o sentir inicial do profesorado respecto, entre outros, ao procedemento “DO0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza”, “DO0203 P1 - Orientación ao estudantado”, etc.

Algúns deles inciden demasiado en modelos de xestión-burocrática, restando tempo e forzas para dedicarse ás actividades propiamente docentes e de investigación.

Con todo, tanto este grupo de interese, coma os restantes foron sendo progresivamente conscientes das esixencias que conleva o modelo implantado no que se enmarca o Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) do Centro para materializar as melloras da calidade do Título. Do mesmo xeito xa se entende a importancia que ten o dispor de información para analizala e poder realizar despois unha valoración dos resultados, xa que neles se sosteñen os acordos para mellorar a calidade do Título. Deste xeito, a partir da primeira etapa transitoria véñense desenvolvendo, de acordo co establecido, os procedementos que permiten recoller a información de xeito continuo, e analizando os resultados para a toma de decisión e a mellora da calidade do título.

O seguimento do SGIC incluíu o da praxe, así coma a recollida de información e valoración de xeito puntual, permanente e dinámico, baixo unha análise dos resultados, que posteriormente son empregados na toma de acordos ou decisión, co obxecto de mellorar de modo progresivo a calidade do Título. Tal como pode observarse, noutros apartados deste Autoinforme a análise de resultados sustenta, a partir do seguimento de título nos respectivos cursos académicos, as propostas dos Plans de Accións de Mellora (PAM) do Título para o curso seguinte.

Neste senso, a avaliación da ACSUG e a interna da propia Universidade para o Grao de Traballo Social sempre ten sido favorable en tódolos cursos académicos tal e como pode apreciarse nos Informes de seguimento (<https://goo.gl/8nepIf>)

Co obxecto de optimizar as liñas de transparencia da información pública e rendemento de contas na Web do centro no apartado de calidade tamén se inclúen outros [documentos/impresos/protocolos do centro asociados ó SIGC](#), que posibilitan o control, visibilización e análise para mellorar as dinámicas do centro que deriven en boas prácticas. Podemos referirnos aos impresos/protocolos para facilitar aos docentes/alumnado a: Convocatoria de reunións de coordinación; Seguimento de titorías; Control da asistencia a revisión de cualificacións; Control de incumprimento de revisión de exame; Modificación de data de execución de exame; Parte de incidencias; Ficha de revisión de Guías Docentes, caixa de Queixas, Suxestión e Parabéns (QSP), etc.

Para finalizar, cabe referir que con posterioridade a elaboración do Autoinforme de seguimento do Título de cada curso académico desde 2010/11 ate 2014/15, nos respectivos [informes anuais de resultados/de revisión pola dirección](#) realizouse unha análise descrittivo-valorativa en profundidade sobre cada un dos Indicadores incluídos no panel do SGIC, cuxos datos foron facilitados pola Universidade, atendendo a cada un dos procedementos, obxectivos, metas e resultados acadados.

Procedementos de avaliación e mellora do ensino e do profesorado

Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e do profesorado véñense desenvolvendo de acordo co establecido pola UVigo (fundamentalmente baixo as directrices da [Área de Apoio a Docencia e Calidade](#)).

É de indicar que o profesorado sométese, en cada cuadrimestre, en función das materias do Título que imparta o docente, a avaliación do alumnado. Este tipo de avaliación enmarcase no Programa de Enquisas de Avaliación Docente (EAD). Estas enquisas de avaliación docente son realizados polo alumnado da Universidade de Vigo dende o ano académico 1992/93, e constitúe o instrumento no que se concreta o artigo 97.c dos Estatutos da Universidade de Vigo: “Valoración obxectiva dos estudantes sobre a docencia recibida, especificada por materia e profesor, realizada con garantías técnicas suficientes”. Na actualidade, a EAD intégrase dentro do Plan de Calidade Docente, e fai necesario, cada ano académico, a realización das enquisas de avaliación docente. A UVigo ten estandarizadas as enquisas para coñecer a opinión/valoración que realiza o estudiantado en relación coa:

- Organización académica
- Metodoloxía didáctica
- Recursos didácticos
- Probas de avaliación
- Axuste a planificación docente
- Coordinación entre o profesorado
- Grao de satisfacción
- Outros.

Ademais, os/as docentes do Título e o Centro asumen a avaliación liderada desde a Área de Apoio a Docencia e Calidade da UVigo a través do Programa de Valoración da Actividade Docente do Profesorado (VAD Profesorado). Este programa está incluído no Plan de Calidade Docente da Universidade de Vigo e conta cos seguintes obxectivos:

- Unificar e valorar a información dispoñible sobre o conxunto de tarefas desenvolvidas polo profesorado no ámbito da docencia.
- Favorecer a implantación e extensión, nos Centros e Departamentos, do seguimento, control e avaliación das tarefas docentes así como a estruturación e homoxeneización da información relevante.
- Empregar esta información para a achega de dotacións económicas adicionais (que se recollan nos orzamentos da Universidade de Vigo) que poidan favorecer a continuación ou posta en marcha de iniciativas de autoavaliación, formación, organización, mellora e innovación docente.

Por outra parte, e con menor repercusión ate o momento, hai que mencionar o Programa Docencia ao que, por ter carácter voluntario, algún docente do Título ou Centro se someteu no curso 2010-11. Este programa non se volveu ofrecer por parte da UVigo ata o curso actual onde foi aprobado (neste momento se está a levar a cabo o proceso). O Programa DOCENTIA da Universidade de Vigo é un novo procedemento institucional de avaliación e mellora do ensino do profesorado e mide tres dimensións: planificación da docencia, desenvolvemento da docencia e resultados. DOCENTIA

proponse os seguintes obxectivos:

- Obter información contrastada e normalizada sobre os labores de planificación da docencia, desenvolvemento do ensino e resultados académicos e de satisfacción obtidos polo profesorado.
- Utilizar esta información para a avaliación do profesorado.
- Recoñecer as labores de mellora da calidade da docencia e de innovación docente postas en práctica.
- Definir a definición e organización dos plans de formación do profesorado, e outras actividades que no futuro se queiran aprobar polos órganos correspondentes.

Por último, cabe sinalar que respecto ao indicador I4 sobre os resultados das enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese o Título tanto o alumnado como o profesorado, o persoal de administración e servizos e os egresados teñen de forma xeral unha **valoración positiva en tódolos ítems** ao longo dos cursos académicos, tan e como se vai desenvolvemento en diferentes partes deste informe.

A participación nas enquisas de satisfacción aínda non é moi alta no caso do alumnado –como xa se ten comentado– pero pode considerarse satisfactoria. No obstante, contemplamos unha medida de mellora no próximo curso académico: acadar unha maior participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.

O Procedemento das Queixas, Suxestións e Parabens (QSP)

No Centro existe un procedemento habilitado de suxestións e reclamacións denominado: **Queixas, Suxestións e Parabens** (QSP)

O Centro leva contando cunha caixa/buzón físico para depositar os grupos de interese as Queixas, Suxestións e Parabens (QSP) na entrada do Edificio Facultade onde se imparte a docencia, aproximadamente desde o curso 2003 e até 2015. Así mesmo o curso 2008-09 engadiuse outro máis nas dependencias do Decanato (4º andar). Estes buzóns permitían a recepción tanto anónima coma nominal das queixas, suxestións ou parabens. O último destes buzóns físicos deixou de cumprir co referido cometido por indicación da Área de Apoio a Docencia e Calidade ao por operativo a UVigo no ano 2016 un aplicativo dixital para a xestión de queixas, suxestións ou parabens **QSP**, permitindo tamén este a súa presentación anónima ou nominal.

Por outra parte, o Centro atende de xeito tradicional as QSP que lle chegan a través do rexistro administrativo físico, xa que aínda existen usuarios-as que se decantan por este tipo de presentación.

O procedemento de QSP desenvólvese de acordo co establecido, atendendo as directrices do procedemento correspondente (Xestión das QSP: Cód. MM-02 P1), e en todo caso tratando de solucionar as problemáticas manifestadas polos/as usuarios/as. En función das características das QSP, tal como recolle o procedemento de Xestión das QSP (Cód. MM-02 P1) teñen asumido a súa resposta os membros do equipo decanal (en función das súas competencias), coordinador/a da titulación, dirección do departamento, etc.

Cabe indicar que de forma sistemática desde o curso académico 2010/11 ao 2015/16 lévase seguindo o procedemento segundo o establecido polo SGIC. A análise da

información tamén se ten feito, unha vez finalizado cada curso, e emprégase para facer a respectiva reflexión e valoración nos respectivos Seguímentos de Título e no [Informe Anual de Resultados/ Informe de Revisión pola Dirección](#) (na web do Centro expóñense estes documentos), co obxecto de mellorar o conxunto do Centro. Na súa análise contémpanse fundamentalmente os seguintes aspectos:

- Tipoloxía
- Titulación coa que está asociada
- Data de presentación
- Data de resolución
- Sector
- Contido
- Resposta/Resolución emitida.

Os aspectos sobre os contidos concretos das QSP no Título de Traballo social téñense analizado detalladamente no apartado 1.3. deste Informe.

EN RESUMO:

- Sistema de Garantía de Calidade está implantado e Coordinado para os diferentes títulos da Facultade
- Os procedementos usados para recoller a información de xeito continuo e analizar os resultados desenvólvense de acordo co establecido
- Os seus resultados son usados para os plans de mellora da Titulación
- Tódos os plans de Mellora na Titulación de Traballo social teñen sido aplicado e, en xeral, se teñen desenvolvido completamente
- procedemento de queixas, suxestións e parabéns funciona con normalidade na Titulación e téñense resolto todo tipo de incidencias a través do mesmo, de xeito satisfactorio na maior parte dos casos.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións do título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora do título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos plantexados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

ANÁLISE E REVISIÓN PARA A MELLORA

As accións de análise e revisión que se teñen levado a cabo desde o Sistema de Garantía de Calidade teñen permitido introducir modificacións para a mellora do título.

Compre presentar una síntese xeral sobre as principais revisións e cambios realizados desde que se deseñou o SGIC do Centro:

Ano 2008

O SGIC desenvolto inicialmente no Centro (que participou na 2ª convocatoria do deseño do programa FIDES-AUDIT, 2008/09) foi revisado pola CGIC o 13/5/2009. Esta versión (edición 01) foi posteriormente aprobada pola Comisión Permanente do Centro (comisión delegada da Xunta de Centro) o 11/6/2009.

Ano 2010

As modificacións realizadas sobre o SGIC para responder as directrices do programa **FIDES-AUDIT**, e en resposta ao informe inicial de avaliación do deseño da ACSUG, foron revisadas e aprobadas pola Comisión de Garantía de Calidade do Centro (2/3/2010), e aprobadas posteriormente en Xunta de Centro (8/3/2010). Esta versión do SGIC, que constitúe a edición E02, recibiu o [informe positivo da ACSUG](#) (26/4/2010).

Año 2013

Novembro de 2013, con varios cursos de funcionamento e recollida de datos e rexistros, que permiten ter unha visión xeral do funcionamento dos SGIC dos centros, baixo as indicacións da Área de Calidade da UVigo lévanse a cabo algunhas melloras, considerando criterios de simplificación da praxe e sosteñibilidade.

Maio de 2013, conclúese baixo as directrices da Área de Calidade da UVigo, a mellora do primeiro bloque de procedementos. Estes procedementos foron aprobados en Xunta de Centro (9/7/2014), a partir de aí comézase coa súa implantación no Centro.

Setembro de 2013, tamén baixo as indicacións da Área de Calidade da UVigo iníciase a actualización dos procedementos da área de procesos estratéxicos.

Año 2014

En novembro de 2014 continuando co proceso iniciado en 2013 e seguindo os criterios mencionados actualiza o: Manual de Calidade do centro (que inclúe unha posta ao día da Política e Obxectivos de calidade); Procedementos da área de procesos estratéxicos.

Año 2015

Foi validado pola Comisión de Calidade(11/3/2015) e aprobados pola Xunta de Facultade (13/3/ 2015) o Manual de Calidade do Centro (que inclúe a composición da Comisión de Calidade, a política de calidade e os obxectivos de calidade do centro, as metas dos obxectivos); e os procedementos estratéxicos.

Año 2016

A Comisión de Calidade do Centro validou (10/5/2016) e a Xunta de Facultade aprobou (10/5/2016) os procedementos revisados e actualizados asociados aos procesos de “Xestión Académica”: AC-0104 Procedemento de Accesos e Admisión; AC-0201 Matrícula; AC-0401 Expedición de titulacións oficiais. Ademais apróbase unha nova versión do procedemento chave DO0101 -Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais.

En setembro actualizouse o anexo 1 do procedemento DE-03 P1, “Revisión do sistema pola dirección”.

Na reunión da Comisión de Calidade do Centro e posteriormente na de Xunta de Facultade o día 3/12/2015 analizouse, validouse/aprobouse a proposta de [política, obxectivos e metas de calidade do Centro](#) para o curso 2015/16 e seguintes. Con todo, está previsto en xaneiro de 2017 revisalos e, se procede, incorporar e validar os cambios pola Comisión de Calidade, así como aprobalos pola Xunta de Centro.

A relación completa de procedementos atópase publicada na páxina web da Facultade de CC. da Educación ([Anexo I. Listaxe de procedementos en vigor](#)). Así mesmo da súa implementación despréndese que as metas se foron acadando. Por esa razón o Centro decidiu dar o paso de solicitar, de forma voluntaria no curso 2016-17, someterse ao proceso de avaliación externa para poder obter a posible certificación del SGIC.

Cabe referir que nos distintos Autoinformes de seguimento do título ([apartado de Calidade da web](#)) se veu realizando a descrición, reflexión e valoración da información e en consecuencia se presentaron as respectivas propostas nos Plans de Mellora do Título, en cada curso académico desde 2010/11 a 2015/16 (e para o curso 2016/17 neste Autoinforme). Ademais nos respectivos [informes anuais de resultados/de revisión pola dirección](#) realizouse unha análise descritivo-valorativa en profundidade sobre cada un dos resultados obtidos nos Indicadores incluídos no panel do SGIC, así coma da política, obxectivos e metas de calidade, e dos Plans de Mellora do Título curso tras curso. Para cada novo curso se ten reflexionado cómo incorporar os cambios pertinentes, especialmente, en relación coa: política, obxectivos e metas de calidade do Centro, e os Plans de Mellora do Título. Evidencias substanciais e contundentes sobre o referido localízanse nos documentos anteriormente indicados.

En tódolos **Informes de seguimento do Título** obtivéronse valoracións positivas por parte dos responsables da avaliación correspondente (ACSUG e Universidade). En tódolos casos seguíronse as recomendacións efectuadas para a mellora dos informes de xeito que revertisen na mellora da Titulación. No seguinte enlace pódese consultar con maior detalle cada unha das recomendacións efectuadas así como a súa inclusión nos devanditos informes, en tódolos cursos académicos (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/2014-10-20-11-07-14/2014-11-12-12-11-58/grao-t-social>).

EN RESUMO:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permitiron introducir modificacións para a mellora do título.
- seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos plantexados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar se é axeitado e, de ser o caso, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, na que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

PARTICIPACION DOS GRUPOS DE INTERESE NO PLAN DE MELLORAS

Para realizar a análise e revisión do SGIC resultou ser moi útil a [Axenda Básica para o Desenvolvemento de Programas de Calidade de Centros e Titulacións](#), facilitada desde a Área de Apoio a Docencia e Calidade para os respectivos cursos académicos. En particular no referido ao cronograma xeral de xestión do SGIC ao sinalarse, tanto o procedemento de referencia, coma as actividades que cómpre desenvolver (de forma transversal e/ou continua, durante o curso académico, así como as que requiren o desglose por mes-es). Deste modo tratamos de facer o seguimento, análise e revisión das tarefas que implica o SGIC.

Nos Plans de Mellora identifícase seguindo as indicacións da documentación facilitada pola Área de Apoio a Docencia e Calidade. Así mesmo, foron analizadas as programadas e revisadas pola Coordinación de Curso e pola Comisión de Calidade (tal como se reflexa nas respectivas Actas) nos diferentes cursos académicos facendo unha avaliación do estado do mesmo, basicamente a partir dos seguintes criterios:

- Estado / Nivel de cumprimento
- Resultados obtidos
- Grado de satisfacción
- Accións correctoras a desenvolver
- Data da revisión, etc.

O referido abordouse sempre antes de plantexar novas propostas de cara ao curso seguinte. En particular os Plans de Mellora que se propuxeran no curso 2015-16 foron revisados e analizados en profundidade pola Comisión de Calidade na reunión do día 9/6/2016, así como novamente a finais de ano pola Coordinadora de Título.

En todo caso, no deseño de cada Plan de Mellora se tiveron en conta as análises e resultados de cursos e acción anteriores para deseñar as novas e sempre contemplando os compoñentes centrais dunha planificación destas características (véxanse [Plans de Mellora](#) na web do centro, apart. Calidade):

- Titulación (sempre que o alcance sexa titulación)
- Curso académico no que se formula a acción
- Programa de calidade asociado
- Criterio do programa ao que se asocia
- Ámbito de aplicación
- Denominación da acción de mellora
- Punto débil / Análise das causas
- Obxectivos
- Actuacións a desenvolver
- Data límite para a súa execución
- Recursos / financiamento
- Responsable da súa aplicación
- Responsable do seguimento
- Data para realizar o seguimento
- Indicadores de execución ou evidencias documentais da súa implantación.

Para determinar o Plan de Melloras analizáronse en profundidade, polos grupos de interese, os puntos febles e tamén os fortes. Así mesmo, este PAM ven sendo examinado co obxecto de coñecer o seu grado de cumprimento para, de ser necesario, retomar as accións que sexan necesarias. Neste sentido cabe remitir a descrición, reflexión, análise de resultados e valoración realizada nos seguintes documentos: [Autoinforme de seguimento do título e Informe final de seguimento de ACSUG/Revisión interna](#) (curso académico 2010/11, 2011/12, 2012/13, 2013/14 e 2014/15); [Informe anual de resultados/de revisión pola dirección](#) (2010/11, 2011/12, 2012/13, 2013/14, 2014/15 e 2015/16); [Informe anual de accións de coordinación](#) (curso 2013/14, 2014/15 e 2015/16); así como aos [Informes anuais sobre o Plan de Acción Tutorial](#) (PAT). Seguindo os criterios de transparencia, recollidos no [Plan de Información Pública e Rendementos de Contas do Centro](#), estes e outros documentos derivados da análise do SIGC, son publicados na web do Centro, no apartado de “CALIDADE”.

A reflexión e análise das cuestións relativas ao SGIC e, particularmente, aos Plans de Mellora foi tratada fundamentalmente nas reunións da Comisión de Calidade e puntualmente en grupos de traballo. Na Comisión de Calidade están representados os distintos grupos de interese, e existe unha implicación e visión plural á hora de abordar os aspectos obxecto de apreciación e discusión.

Cabe resaltar que para facilitar a implantación dos procedementos do SGIC ademais de seguir a literalidade dos propios procedementos se deseñaron, en diferentes casos,

formularios para facilitar dita implantación, os cales foron validados pola CGIC do Centro (ver na web do centro o apartado de “Calidade”).

En definitiva **a análise e revisión do SGC**, na que participan todos os grupos de interese, **derivou en plans de mellora**.

A **implicación dos grupos de interese** na implantación do SGIC foi gradual, xa que como se mencionou existiron resistencias naturais, ante o elevado esforzo e o cambio requirido nas rutinas establecidas, en particular polo profesorado e o PAS. Con todo, foise forxando un clima de colaboración, implicándose progresivamente todos os grupos de interese no proceso de deseño, desenvolvemento e seguimento das melloras do SGIC. En particular a Comisión de Calidade con representatividade dos diferentes grupos de interese realiza de modo sistemático o seguimento para mellorar progresivamente a implementación do SGIC.

Na actualidade a composición da Comisión de Garantía Interna de Calidade, seguindo o Manual de Calidade (Índice 4) recolle a seguinte [representatividade](#):

Mar García Señorán: Presidenta (Decana)

M. Carmen Ricoy Lorenzo: Secretaria(Coord. de Calidade e enlace igualdade).

PDI

Pino Díaz Pereira (Coordinadora do Grao de Educación Infantil)

Ángeles Conde Rodríguez (Coordinadora do Grao de Educación Primaria)

Xosé Manuel Cid Fernández (Coordinador do Grao de Educación Social)

Carmen Verde Diego (Coordinadora do Grao de Traballo Social)

F. Javier García Núñez (representante por delegación no Mestrado de Diversidade).

Ramón Ángel Fernández Sobrino (representante por delegación no Mestrado de Secundaria).

Valentín Iglesias Sarmiento (representante por delegación no Mestrado de Dificultades).

Fernando Tellado González (representante do profesorado).

ALUMNADO

Fernando López Rivero (representante do estudantado)

Santiago Pato Rodríguez (representante do estudantado egresado)

PAS

Carlos Ángel Varela Castro (representante por delegación da administradora de Centro).

REPRESENTANTE DA SOCIEDADE

Jesús Deibe Fernández Simo (representante da Sociedade).

En definitiva, **tódolos grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC**.

Cabe sinalar que a Comisión de calidade encóntrase plenamente operativa e ten perfectamente delimitadas as súas [funcións e regulamento de réxime interno](#) seguindo as directrices do Manual de Calidade (Índice 04).

No que respecta ás **evidencias do SGC** manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

De entrada cabe recordar que o proceso inicial de implantación do SGIC levouse a cabo no curso 2008/2009 (edición 01), e foise desenvolvendo de xeito paulatino con moitas dificultades e a esixencia de grandes esforzos especialmente por parte do profesorado. En xeral os problemas fundamentais prodúcense pola falta de persoal, xa que non se dotou ao Centro de recursos humanos específicos sen apoio administrativo e existía inicialmente un escaso recoñecemento e coñecemento das persoas que se tiveron que responsabilizar do proceso xa que logo a súa capacitación profesional o era en calidade de docentes e de investigadores (non de xestores).

Hai que incidir no grande esforzo e a moita voluntariedade (por boa parte do profesorado do Centro e, en particular, do Título e de forma algo menos comprometida dos restantes grupos de interese) que foi necesaria para implantar e desenvolver os distintos procedementos do SGIC, de acordo co establecido. Como se describiu previamente, neste momento (2016) contamos con todos os [procedementos implantados ou en fase de implementación](#) como os seguintes: AC-0104 Procedemento de Accesos e Admisión; AC-0201 Matricula; AC-0401 Expedición de titulacións oficiais; DO-0101 P1; Deseño, verificación e autorización das titulacións.

É de sinalar que as dificultades atopadas, por tódolos grupos de interese, están asociadas ás características inherentes ao modelo de Calidade implementado, ao contar con procedementos moi farragosos ou de difícil comprensión para os colectivos aos que se dirixe. De tal modo, que inicialmente produce un efecto “perverso” ou paradóxico, xa que leva a vincular a Calidade con xestión-burocrática e non axuda a enlazala directamente coa Mellora da praxe.

Os avances na simplificación dos procedementos e do Manual de Calidade (índice 04) aportados dende a Área de Apoio a Docencia e Calidade da Universidade de Vigo, así coma o interese dos grupos diana (neste caso por buscar a forma de que a Facultade puidese responder as esixencias externas para acadar os obxectivos e metas) contribuíron a acadar as finalidades do SGIC.

Na actualidade, estamos en condicións de soste que os diversos grupos de interese se están implicando e que segue crescendo a súa colaboración, aínda que lles continúa supondo un grande esforzo, ante a falla de apoio continuado de recursos humanos e dixitais específicos, para levar a cabo as múltiples accións e seguimento que demandan as esixencias do SGIC.

Así mesmo estes colectivos están xa a comprender a dinámica do mesmo e, incluso, a identificar a repercusión na práctica real do Centro e, en particular, do Título. Isto último parécenos especialmente relevante.

Como mostra dos avances na cultura colaborativa, son de resaltar os logros acadados na coordinación docente, tanto a nivel vertical como horizontal. Evidencias destes feitos amósanse nos Informes Anuais de Accións de Coordinación elaborados sobre os [cursos académicos 2012/13, 2013/14 e 2014/15](#) e xa foron analizados con anterioridade.

Cabe indicar que a análise dos resultados e a toma de acordos ou decisión co obxecto de mellorar a calidade do Título se desenvolve de acordo co establecido nos respectivos procedementos. Neste sentido, a evolución e o traballo desenvolto pola Comisión de Calidade leva sido transcendental, pois na actualidade esta Comisión podemos caracterizala coma un ente plural, dinámico, operativo e bastante eficiente.

De feito, está a ser o escenario para a reflexión, diálogo, debate, análise e toma de acordos e decisións que contribúen a mellorar o Título e o Centro. Coa representatividade referida a Comisión de Calidade é un exemplo da existencia dunha cultura de colaboración en fase de crecemento, como se desprende das evidencias que reflexan as súas Actas.

EN RESUMO:

- Na análise e revisión do SGC participan tódolos grupos de interese
- A revisión do SGC deriva en plans de mellora
- Tódolos grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta co profesorado suficiente e a súa cualificación é axeitada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que debe acadar o estudiantado.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado a primeiro curso de títulos de Grao, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Mestrado.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións atender a todo o estudiantado.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- De ser o caso, a Universidade ten cumprido os compromisos incluídos na memoria de verificación do título, relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

RECURSOS HUMANOS

A valoración relativa á suficiencia, información dispoñible e cualificación do equipo de docentes do Grado de Traballo Social é, en xeral, satisfactoria.

A información sobre o persoal académico implicado na docencia do Grao en Traballo Social é pública e de fácil acceso na web do Centro por unha dobre vía. Por un lado, nas propias guías docentes de cada materia e, por outro, no listado de profesorado publicado na pestana de Docentes así como especificamente, dentro do espazo do Grado de Traballo Social no que aparece o listado de profesorado que imparte na Titulación e que se actualiza anualmente.

Así, tanto no listado de profesorado da Facultade como no da Titulación, aparece información detallada sobre a súa categoría, datos de contacto, horarios de titorías, despacho, docencia impartida, temas de interese na investigación, publicacións recentes, etc. (Datos da plantilla de profesorado do Centro: <https://goo.gl/30JZ5k> e datos da plantilla de profesorado da Titulación de Traballo Social: <https://goo.gl/ZXFqee>

O proceso de supervisión destes datos foi executado polo Decanato e pola Coordinadora de Grao quen, ademais de revisar o contido de cada ficha docente, sistematizou o proceso de revisión da actualización das titorías nun Informe o último curso académico.

Cadro de persoal docente e investigador (PDI) da Titulación de Traballo social

Tomando como referencia o POD do curso 2015/2016, un total de 7 departamentos e 15 áreas de coñecemento están implicados na docencia do Grado de Traballo Social cun total de 3.270 horas de docencia global.

O Departamento que asume a maior carga docente é o de Análise e Intervención Psicosocioeducativa (D00 X01) con 2.190 horas (67%), seguido do Departamento de Socioloxía, Ciencia política e da administración e Filosofía co 23% da carga docente, o resto dos Departamentos asumen o 10% restante.

As Áreas de coñecemento que imparten un maior número de horas no Grao son: “Traballo social e Servizos sociais” con case 1400 horas (1394.5 h.), isto é o 42% da carga total da docencia de grado seguida de “Ciencia política”, e “Socioloxía”.

Un total de 37 docentes (18 profesores e 19 profesoras) impartiron docencia, fose do tipo que fose (por exemplo dirixindo TFGs), no Título de Traballo social, no curso 2015/2016.

Case a metade deste profesorado -17 docentes- compartía a súa carga docente no resto de Titulacións do Centro e da Universidade de Vigo en Graos como Educación social, Dereito, Turismo, etc. e 3 deles incluso noutros Campus (Pontevedra, Vigo).

Ademais nese cómputo total do curso 2015/16 había 3 profesores alleos ao Grado de Traballo social para dirixir TFGs.

Pode dicirse que, dende o ano 2010/11, o profesorado implicado na docencia de Traballo social foi de 24 docentes, aumentando a 34 no curso 2012/13, e situándose nos 37 nos últimos tres cursos analizados: 2013/14, 2014/15 e 2015/16.

Na seguinte Táboa pode apreciarse o profesorado da titulación a tempo completo e a tempo parcial, desagregados por categorías profesionais e clasificados segundo a docencia é impartida en exclusiva ou non no Grao de traballo social.

Categoría profesional do profesorado do Grao de Traballo Social (Curso 2015-2016)							
Categoría Laboral	Docencia só en TS		Docencia compartida		Sub-total Docencia só en TS	Sub-total Docencia compartida	TOTAL DOCENTES
	Profesor	Profesora	Profesor	Profesora			
TEMPOS COMPLETOS							
Profesor/a titular de escola universitaria		1			1		1
Catedrático/a de universidade	0				0		0
Profesor/a Titular de universidade	2	1	3	2	3	5	8
Profesor/a contratado/a doutor/a	0	1	1	3	1	4	5
Profesor/a axudante doutor/a	1			1	1	1	2
Profesor/a axudante	1				1		1
SUBTOTAL Tempos completos	4	3	4	6	7	10	17
TEMPOS PARCIAIS							
Profesor/a asociado/a non doutor/a	0	8	3 (1 alleo)	0	8	3	11
Profesor/a asociado/a doutor/a	4	1	3 (1 alleo)	1 (allea)	5	4	9
SUBTOTAL tempos parciais	4	9	6	1	13	7	20
TOTAL	8	12	10	7	20	17	37

No que respecta ao número e tipoloxía de contratación do profesorado de Traballo social, imos a determos en dúas debilidades históricas do título que teñen evolucionado favorablemente: a) o escaso número de doutores/as e b) o escaso número de profesorado a tempo completo.

As persoas doutoras no Grao de traballo social

Supuxo un reto importante, a partir da implantación de Bolonia, adecuar o Grao de Traballo social as novas esixencias xa que logo procedía dunha Diplomatura e na Uvigo pervivía algún docente soamente con título de Diplomado (moi poucos), un alto número de profesorado con dúas titulacións, isto é con título de Diplomado máis outro de Licenciado, pero un escaso número de doutores/as.

Esta debilidade xa foi detectada no ano 2010/11, no que no Autoinforme de seguimento do curso 2011/12 se indicaba a necesidade de contratar doutores. Ese curso convocouse unha praza de profesor Contratado Doutor na área de Traballo social e Servizos sociais (a que ten máis peso na docencia do Grao) que quedou deserta ao non presentarse candidatos/as polas razóns antes comentadas: os Diplomados/as en traballo social aínda non tiveran tempo de realizar e defender as súas teses ao proceder orixinariamente dunha diplomatura.

Con todo, o número de profesorado doutor da área de Traballo social e Servizos sociais pasou de 1 doutora aquel curso 2010/11, a 4 doutores/as no curso 2016/17, incrementándose polo tanto nun 400% nesa área. Este esforzo tense feito en tódalas áreas implicadas no Grao de Traballo social.

No ano 2013/14, o número total de doutores/as da titulación chegou a 69.6%. No curso 2015/16, con 37 profesores impartindo no Título de Traballo social, os doutores/as da titulación baixaron ao 64,87% dos cales 15 a tempo completo e 9 a tempo parcial (24 profesores doctores en total). Esta baixada produciuse respecto de anos anteriores polo falecemento dun docente e o cambio de adscrición de outros tempos completos doutores a outras titulacións.

No ano en curso, 2016/17, dous novos asociados que imparten na titulación teñen defendido as súas teses doutorais (un deles na Área de Traballo social e Servizos sociais) e tense realizado unha nova contratación dun Axudante Doutor na Área de Traballo social e Servizos sociais, polo que se espera que nos anos seguintes se incremente o índice de doutores/as na titulación.

O escaso número de profesorado a tempo completo e a subseguinte sobrecarga laboral

Unha debilidade do equipo docente de Traballo social é o importante número de profesorado eventual con contratación a tempo parcial que ten sido un dos motivos de principal preocupación ao longo do seguimento da Titulación.

O Grao de traballo social conta cun elevado nº de profesorado asociado, en primeiro lugar, porque o grao procede dunha Diplomatura, como xa se ten comentado. En segundo lugar, porque ten sido tradicional nos estudos de Traballo social apreciar e contar con profesionais no exercicio activo da profesión que aporten os seus coñecementos á Universidade e, polo tanto, persoas de recoñecido prestixio que aportan a súa valiosa experiencia profesional ao mundo universitario.

En terceiro lugar, o elevado número de profesorado a tempo parcial está ligado ás dificultades de contratación e promoción de profesorado a tempo completo a partir da implantación do Real Decreto-Lei 14/2012, del 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo (*Decreto Wert*) nas Universidades españolas. En conxunto, na Facultade dende o ano 2010 ate o 2016 xubiláronse 5 profesores/as Titulares de Universidade na Facultade pero estas baixas, en xeral, foron supridas coa contratación de profesorado a tempo parcial.

Con todo na específica área de Traballo social e Servizos sociais, aquela que aporta o maior número de profesorado á Titulación, dende o curso 2011/12 pasouse de ter 2 tempos completos ao inicio da implantación do título (1 titular de universidade, 1 titular de escola universitaria), a ter aumentado a plantilla nestes momentos con tres profesores mais a tempo completo (2 axudantes doutores, o último no 2016/17 e 1 axudante a tempo completo non doutor) e unha nova bolsa predoutoral recién incorporada no 2016/17 tamén a tempo completo; isto é **tense aumentado un 300% o número de PDI a tempo completo na área.**

A aplicación do Decreto tamén supuxo para algún profesorado á tempo completo un incremento da súa carga docente de 240 a 320 horas, una intensificación que xerou unha sobrecarga de traballo importante naquel profesorado que debe impartir un gran número de materias, cunha metodoloxía moi esixente en tempo e dedicación, ao mesmo tempo que debe incrementar a súa produción científica.

A partir do curso 2013/14, coa **implantación xa no Grao das materias de Practicum e TFG**, detectouse por parte da Coordinación de Grao e a Equipa decanal un importante **sobreesforzo** para os seus Coordinadores (tal e como se explicou no apartado 1.3 deste Informe), como una sobrecarga laboral para o profesorado a tempo completo, agravada pola especificidade destas materias: supervisións individuais, materias non adscritas ao POD

senón a recoñecementos ao profesorado, non obrigatoriedade de asumir esa docencia por parte do profesorado a tempo parcial (ao non figurar no POD), escasa motivación por parte deste para realizar esta labor “voluntariamente” ao non ter os recoñecementos pola mesma ate o ano seguinte, participación en Tribunais de TFG, etc.

Detectadas as dificultades, e a proposta dos diferentes Coordinadores no título de Traballo social (de Practicum, de TFG, de Grao), a Equipa decanal promoveu varias **accións de mellora**.

A primeira conlevou o **recoñecemento do prácticum en POD no curso 2015/16** solicitada polos Coordinadores do Practicum –como xa se ten explicado no apartado 1.2. deste Informe– o que normalizou case por completo a situación do profesorado respecto desa materia, aínda que poderían incrementarse de xeito máis satisfactorio os recoñecementos docentes para a Coordinación do practicum (agora con 45 horas a distribuír entre dous profesores) e para os titores académicos por cada alumno titorizado (1.25 horas por estudante ao ano).

A segunda medida foi expresada pola Equipa decanal no Informe de revisión para a Dirección do curso 2014/15, p.13 (goo.gl/1uS23m), onde se propuxo como mellora a **“solicitud de aos departamentos de máis profesorado a tempo completo para a titulación”**.

Esta encomenda foi executada persoalmente pola Coordinadora de Grao quen falou coas Áreas de “Traballo social e Servizos sociais”, “Antropoloxía”, “Socioloxía”, “Ciencia política”, e “Filosofía do Dereito” para que asumisen a docencia no Grao de Traballo social persoas a tempo completo e doutoras, medida que **mellorou moito a situación do cadro de profesorado do curso 2015/16**, aínda que non resolve de todo o problema, en especial en relación ao TFG.

Na seguinte Táboa elaborada pola Coordinadora de Grao de Traballo social despois de ter analizado co equipo Decanal e co profesorado da Titulación esta situación (Informe do 9/11/2015) no curso 2015/16, mostra as porcentaxes de traballo asumido aquel ano polo profesorado a tempo completo e a tempo parcial respecto da titorizacións de TFG, ademais, moi alto por terse acumulado o número de estudantes que o realizaban: 114 estudantes, cuestión da que daremos explicación mais adiante no apartado 6.1 deste Informe.

TIPOLOXÍA DE PROFESORADO- tempo completo/parcial- EN TRABALLO SOCIAL (CURSO 2015/16):	Nº profesorado		Nº TFG a titorizar	
	Nº	%	Nº	%
Prof. a Tempo completo (TC) que imparte en exclusiva en TS	7 (4 Área TS)	18.92	72	63.16
Prof. a Tempo completo (TC) que comparte a súa docencia con outra Titulación e xa oferta TFG na mesma	10	27.03	19	16.67
SUBTOTAL TEMPOS COMPLETOS	17	45.95%	91	79.83
Prof. a Tempo parcial (TP) que imparte en exclusiva en TS	13 (7 Área TS)	35.14%	16	14.04
Prof. a Tempo parcial (TP) que comparte a súa docencia con outra Titulación e xa oferta TFG na mesma	4	10.81%	2	1.76
Prof. a Tempo parcial (TP) alleo a Traballo social que oferta prazas	3	8.11%	5	4.39
SUBTOTAL TEMPOS PARCIAIS	20	54.06%	23	20.18
TOTAIS	37	100%	114	100 %

Como se pode observar o 45.95% do profesorado a tempo completo da Titulación tivo que asumir o 79.83 % dos TFG, sendo os profesores con adicación exclusiva á Traballo social os máis sobrecargados xa que supoñendo o 18.92% do total de docentes no título tiveron que asumir o 63.16% de tódolos TFG. Por contraposición o número de profesorado asociado (con docencia exclusiva, compartida ou alleos) que supoñen o 54.06% da titulación asumiron soamente o 20.18% de tódolos TFG.

Esta situación persiste no curso 2016/17 aínda que a chegada dun novo profesor a tempo completo á Titulación de Traballo social (Axudante doutor) e unha mellor distribución entre a Coordinadora de Grao e o Coordinador de TFG ten **mellorado a situación**, reducindo xa o número límite de TFG a titorizar aos 8 estudantes como máximo que establece a Universidade de Vigo, para o profesorado a tempo completo, e a 4-5 ao profesorado a tempo completo que comparte docencia noutros centros ou con circunstancias especiais (baixas, nova incorporación, profesorado realizando tese, etc.).

Unha **posible acción de mellora** consistiría, tal e como se efectuou co Practicum de Traballo social no 2015/16, en distribuír a cargo docente con persoal a tempo parcial e/ou en recoñecer na PDA do Título e no POD horarios explícitos para a supervisión do TFG. Un camiño iniciado xa no noso grao no curso 2016/17 co recoñecemento, aínda moi exíguo e insuficiente, de 8 horas para esta función en Traballo social.

A pesar das dificultades, hai que destacar que a **alta implicación do profesorado**, en especial en todo o relacionado co Practicum e co TFG, que ten sido **exemplar**, dedicando todo o tempo necesario que precisa o/a estudante a súa supervisión nunha materia ou na outra, ou que precisan as relacións intitucionais cos titores externos do Practicum, ou o tempo que se precisa para a participación nos Tribunais de TFG.

Non podemos deixar de comentar outra cuestión directamente relacionada coa sobrecarga do PDI, esta vez en relación coa **xestión**. A maior parte dos cargos ou das accións de xestión na Facultade so poden ser realizadas por parte de PDI a tempo completo ou soamente son consideradas como horas de traballo recoñecidas ao ano seguinte de terse executado o que provoca a resistencia do profesorado eventual a asumilas.

Sendo deste xeito todos os docentes a tempo completo con docencia exclusiva e incluso compartida na Titulación de Traballo social están asumindo algunha acción ou cargo de xestión: Coordinadores de curso, Coordinación de TFG, Coordinación de Practicum, Coordinación de Título, responsables de calidade no seu Título, apoio á calidade, participación na Comisión de validacións, participación na Comisión de avaliación curricular, etc., ademais cun insuficiente número de persoal de administración e servizos (PAS) no apoio as súas labores de xestión.

Obviamente a carga sempre se focaliza nas mesmas persoas con docencia exclusiva na Titulación (PDI a tempo completo). Si ben isto **enriquece o coñecemento destes docentes respecto do seu Título** resultando ser un valor engadido aos mesmos, a súa sobrecarga provoca, entre outras cuestións -imposibilidade de realizar estancias, cursos de formación, etc.-, a redución de horas destinadas á súa propia docencia, horas que teñen sido suplidas por persoal a tempo parcial en materias necesariamente fragmentadas o cal -como xa se ten comentado- esixe, a súa vez, un maior sobre esforzo na coordinación das materias.

O modelo de contratación de profesorado a tempo parcial en contratos múltiples de 30 horas tampouco axuda a minimizar a fragmentación das materias, como xa se ten explicado. E as materias compartidas entre varios docentes teñen un baixo índice de satisfacción entre o alumnado (2.73 sobre 5) como xa se ten comentado, e son causa algunhas das queixas recibidas no Título, como tamén se ten analizado noutras partes deste informe.

Todas estas cuestións, entre outras, teñen levado a Equipa decanal, a Coordinación de Grao e os Coordinadores de curso a realizar un **esfuerzo improbo** nos cursos 2014/15 e 2015/16 por mellorar os procesos de coordinación docente entre profesorado que comparte materias como xa se ten explicado no apartado de Coordinación deste informe.

As accións de melloras de todas estas situacións precisan dunha profunda análise na que leva implicada xa a Equipa decanal e a Coordinación do Título dende hai varios anos, e nas que seguen a poñer os seus máximos esforzos co obxecto de solventar a situación, vai sendo resolta nestes cursos académicos coa **ampla implicación e o compromiso dos docentes da Titulación**.

En todo caso, o grado de **satisfacción do colectivo docente cos Recursos Humanos** da Titulación situouse no curso 2014/15 en 3.73 (sobre 5). Nos existen datos dos anos seguintes.

Experiencia docente e investigadora do profesorado da Titulación: Quinquenios e Sexenio do profesorado

Antes de adentrarnos na análise da experiencia docente e investigadora do profesorado de Traballo social cabe mencionar que os Quinquenios e Sexenios soamente poden ser solicitados polo profesorado a tempo completo con contrato permanente, isto é funcionariado e contratados doutores/as. Isto ten derivado nunha diminución progresiva do indicador dos quinquenios e sexenios, sobre todo, neste último curso 2015/2016.

No Grao de traballo social, no curso 2015/16 a posibilidade de posuir quinquenios e sexenios se concretaba en 14 persoas dos 37 docentes da titulación xa que a incorporación de profesorado máis novo ten categorías profesionais que non posibilitan a petición de quinquenios e/ou sexenios.

Móstrase o numero de quinquenios do profesorado de Traballo social no curso 2015/16 o que, en todo caso, manifesta contratacións xa antigas, isto é a estabilidade ou experiencia docente do profesorado na Titulación. A oscilación á baixa nos últimos anos mostran ás xubilacións e/ou falecemento dos docentes de Traballo social.

Quinquenios do profesorado (experiencia docente)

Titulación	Indicadores	Nº Quinquenios	Nº Quinquenios	Nº Quinquenios/ano
	Curso Académico	Home	Muller	Total
Graduado en Trabajo Social	2015/2016	20	14	34
	2014/2015	20	21	41
	2013/2014	20	27	47
	2012/2013	20	24	44
	2011/2012	23	16	39
	2010/2011	23	11	34

No que respecta aos sexenios, isto é a experiencia investigadora dos docentes tamén ten oscilado polas xubilacións, o cambio de adscrición ao Título dun docente á tempo completo e outras vicisitudes do profesorado ao longo dos anos.

Sexenios do profesorado (experiencia investigadora)

Titulación	Sexo	Home	Muller	Total
	Curso Académico	Nº Sexenios	Nº Sexenios	Nº Sexenios/ano
Graduado en Trabajo Social	2015/2016	3	4	7
	2014/2015	3	7	10
	2013/2014	3	7	10
	2012/2013	4	6	10
	2011/2012	4	1	5
	2010/2011	4	1	5

Non pode obviarse o endurecemento das esixencias que a ANECA ten incrementado nos últimos anos ao respecto da áreas de coñecemento que participan na docencia de Trabajo social e que provocan un retraso na aprobación dos sexenios. E tampouco esquezamos que o profesorado avaliable é de 14 persoas, soamente o 37.84% dos docentes da Titulación.

Pola contra non podemos de deixar mencionar que contamos con persoal que imparte docencia na titulación que ten acadado a acreditación certificada pola *Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA)* pero que non puido promocionar debido ás restricións das políticas de contratación: por exemplo, un dos nosos docentes ten a acreditación de Catedrático de Universidade (2013/14) e outro conseguiu a acreditación de Contratado Doutor (2014-2015); sin embargo ningunha das dúas pudo facerse efectiva.

Non podemos rematar este apartado sen nomear o Programa DOCENTIA da Universidade de Vigo que foi aprobado polo Consello de Goberno do 17/7/2015 e autorizado pola ACSUG o 27/01/2016 (consultar en <https://goo.gl/kpbAz2>) e do cal xa falamos no Criterio 3.

Os resultados do programa de avaliación da actividade docente do profesorado da titulación no Programa **DOCENTIA** son satisfactorios. A pesar de ser o primeiro ano da súa re-implementación, participou no mesmo o 43.24%, ou sexa 16 docentes dos 37 da titulación.

Os resultados obtidos representan o bo facer do profesorado da Titulación, xa que un 80.75% do profesorado ten acadado unha valoración moi favorable (12%) ou favorable (68.75%).

Satisfacción do alumnado coa labor docente

No que respecta a satisfacción do alumnado respecto do profesorado da Titulación podemos acudir aos datos do **programa de avaliación docente da Universidade de Vigo**.

O indicador de “valoración global do profesorado” é **positivo** malia que ten oscilacións ao longo dos anos tendo sido o curso 2013/14 o mellor avaliado.

Así, no curso académico 2012/13 tense obtido unha puntuación de **3.63** (sobre 5), superando aquel ano a do Centro situada en 3.55 e achegándose a da Universidade con 3.70.

No curso 2013/14 a puntuación incrementouse ate **3.78** (sobre 5), algo por debaixo da do Centro aquel ano en 3.88 pero superando nesta ocasión a da Universidade cun 3.73 (sobre 5).

No curso académico 2014/15, a puntuación foi de **3.69** (sobre 5) por debaixo da do Centro aquel ano en 3.85 e cerca da puntuación global da Universidade en 3.73.

No último curso analizado 2015/16, a puntuación subiu un pouco respecto do ano anterior a **3.70**, mentres que se distanciou da do Centro que aumentou a 3.96, xa por riba da media da Universidade en 3.80.

Si valoramos a **evolución histórica do grao de satisfacción xeral do alumnado de Traballo social coa actividade docente do profesorado (Indicador 76)**, temos que comentar que nos anos avaliados comezou cun 4.95 (sobre 7) no ano 2011/12, descendeu lixeiramente nos dous anos seguintes (2012/13- 4.18; 2013/14- 4.15) e continuou subindo o curso 2014/15 posicionándose en 5.92 (sobre 7; e 2.96 xa na nova escala sobre 5) para situarse no curso 2015/16 nun 6.34 sobre 7 (3.17 sobre 5). Podemos destacar que este indicador é superior ao resto das titulacións de Grado da Facultade (3.09 sobre 5; isto é un 6.18 no histórico sobre 7) e da Universidade cun 3.05.

Programas de formación e mobilidade do profesorado

Non son tan satisfactorios os datos rexistrados pola Uvigo respecto da participación do profesorado da Titulación en programas de formación da Uvigo no curso 2015/2016 (<https://goo.gl/ffbqM>) e <https://goo.gl/XoSoT0>)

Sen embargo, os datos existentes da Produción científica (investigación e transferencia) no Dpto. de Análise e intervención psicosocioeducativa manifestan un alto índice de participación do profesorado con docencia en traballo social en actividades formativas e de investigación externas á Uvigo.

Coa mobilidade ocorre algo similar. Os datos rexistrados na Uvigo dende o curso 2013/14, indican que ese ano 2 docentes participaron en programas de mobilidade, no curso 2014/15 3 docentes e no curso 2015/16 outros 2. Pero os rexistros de saída do Dpto. de Análise e intervención psicosocioeducativa mostran que polo menos no curso 2015/16 realizaron estadias no estranxeiro, polo menos, 4 docentes implicados na docencia de Traballo social. Estas discrepancias nos datos débense a que non tódolos docentes saíntes o fan co financiamento dos programas da Uvigo. De feito tense constancia de que algún profesorado ten feito as súas estancias en período vacacional, por non poder efectualo ao longo do curso académico.

No que respecta á recepción de profesorado, temos recibido unha delegación de 15 docentes de Perú, interesados en diversos campos científicos así como en cuestións de xestión e docencia de noso Centro. Especificamente en Traballo social, no curso 2015/16 recibimos unha profesora de Portugal (ERASMUS), unha profesora de Uruguai (estancia dun mes financiado polo seu Ministerio), e receptionamos dous profesores procedentes da Universidade de Valencia (estancia 3 meses) e outro da Universidade de Murcia (estancia unha semana).

Ambos indicadores –participación e mobilidade– manifestan tamén as dificultades do profesorado de Traballo social para dedicar o seu tempo á formación ou á mobilidade coa actual sobrecarga laboral, como xa se ten comentado. Pero tamén, a pesar desa circunstancia, o seu tesón por incrementar as relacións con outras universidades e a consolidación de redes de investigación, nomeadamente coas Universidade de Valencia e a Universidade da República de Uruguai, xa que logo os intercambios non teñen sido puntuais e se repiten dende hai varios anos ou con profesorado de Traballo social saíndo, ou receptionando docentes invitados.

Grupos de investigación

Todo o profesorado a tempo completo do Grao de Traballo social está incluído nos Grupos de Investigación da Uvigo, tamén algún do seu profesorado asociado. Os cambios normativos da Universidade de Vigo no curso 2014/15, sobre os requisitos para a composición dos grupos de investigación teñen modificado substancialmente a súa composición estes últimos anos.

Unha peculiaridade dos grupos de investigación nos que se atopa o profesorado de Traballo social é o carácter eminentemente interdisciplinar do seu ámbito de coñecemento: o xurídico-social. Isto provoca que os docentes de Traballo social estén implicados en grupos de investigación, así como en Máster ou Doutoramentos alleos á Facultade de Ciencias da educación onde se imparte a titulación, ademais dos propios, ou da propia Universidade participando en grupos de investigación inter-universitarios.

Analizando os datos aportados pola Vicerreitoría do Campus de Ourense, existe un total de 7 grupos de Investigación con sede na Facultade de Ciencias Educación. Unha consulta detallada das súas liñas de investigación pode atoparse no enlace: <http://vicou.uvigo.es/gl/investigacion>

Completando esta información coa ofrecida telefonicamente á Coordinadora do Grao pola Vicerreitoría de Investigación da Universidade de Vigo en novembro 2016 (xa que logo non existen listados actualizados dos grupos de investigación publicados para toda a Universidade de Vigo) podemos ofrecer a seguinte Táboa resumo dos grupos de investigación onde participaron os docentes de Traballo social no curso 2015/16.

Grupos de Investigación con participación de Docentes de Traballo social no curso 2015/16			
CÓDIGO	NOME GRUPO	INVESTIGADOR/ A PRINCIPAL (I.P.)	MEMBROS
PT1	Saúde, Sexualidade e Xénero	LAMEIRAS FERNÁNDEZ, MARÍA	<u>Docente TS: Antonio González Fernández</u> José María Faílde Garrido, Yolanda Rodríguez Castro, María Victoria Carrera Fernández, Patricia Alonso Ruido y Laura Ruiz Soriano.
HI14	Investigación en contextos educativos e socioeducativos	RICOY LORENZO, MARÍA DEL CARMEN	<u>Docentes TS: Luís Miguel Nogueiras Mascareñas, Miguel Angel Vázquez Vázquez</u> Pedro Membiela Iglesia, Xosé Manuel Cid Fernández, Manuel Vidal López, José Fernández Fernández, , María Esther Pérez Enriquez.
SP1	Teoría Feminista	-	<u>Docente TS: Méndez Fernández, Ana Belén</u> Cristina Caruncho Michinel, Antón Fernández Álvarez, David Álvarez Garcia
ASI	Astronomía e Astrofísica	ANA M ^a ULLA MIGUEL (Facultade de Bioloxía)	<u>Docente TS: Fátima Braña Rey</u> M ^a Dolores Dapía Conde. Colaboradoras: Cristina Rodríguez López, Esther Pérez Fernández, Raquel Oreiro Rey
DE3	Educación e Saúde (GIES-10)	MARGARITA PINO JUSTE (Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte- Pontevedra)	<u>Docentes TS: Antonio López Castedo, Carmen Verde Diego, Encarnación Sueiro Domínguez, José Domínguez Alonso, Francisco Xabier Aguiar Fernández.</u> Ourense: Xoana Reguera Pontevedra: Ciencias da Educación e do Deporte: López de la Osa, Diego Alonso Fernández, Águeda Gutiérrez Sánchez,

			Jorge G. Soto Carballo, M ^a José Martínez Patiño, Mirian Alvariñas Villaverde, María Luisa Rodicio García. Pontevedra: Fisioterapia Rocío Abalo Núñez. Dez Doutorandos
CPS1	Investigación aplicada en Ciencia Política e Socioloxía	ARGIMIRO ROJO SALGADO (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais)	<u>Docentes TS:</u> Mónica López Viso
	Grupo de innovación docente "Docencia aberta_Open Teaching" aprobado pola COAP do 23 de novembro de 2016.	XOSÉ MARÍA MAHOU LAGO (Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación)	<u>Docentes TS: Mónica López Viso; Antón Lois Fernández Álvarez</u> Pontevedra: Oscar Briones; Celso Candela Outeda; Constantino Cordal Rodríguez; Pedro Figueroa; Adela García-Pintos Escuder Álvaro Xosé López Mira; Fernando Martínez Arribas; Rosa Ricoy Casas; Argimiro Rojo Salgado; Enrique José Varela Álvarez Ana Dopico; Pedro Figueroa; Adela García-Pintos Escuder; Juan Vidal Puga Técnico Biblioteca: Hector Castro Rey Técnica Fatic: Sonia Álvarez López

Para dar maior visibilidade e apoio á actividade investigadora do profesorado do Centro, cada cinco anos publícase dende a Facultade, un libro colectivo que reflicte a maior parte das liñas de investigación relacionadas coa temática de cada unha das titulacións. Tamén a Vicerreitoría do Campus de Ourense edita un libro cos resumos das investigacións financiadas na Facultade.

Cabe destacar, para rematar, que o colectivo de docentes do Grao de traballo social forma parte de entidades e institucións relevantes para o noso ámbito: así, temos profesorado de Traballo social implicado na Mesa de redacción da revista do Colexio oficial de Traballo social de Galicia, *Fervenzas*, e na revista do Consejo General del Trabajo social, *Servicios social e Política social* dirixida pola propia Coordinadora de Grao en Traballo social, quen tamén forma parte da Xunta de Goberno do Consejo General del Trabajo social como membro electo; e profesorado que forma parte dos grupos de traballo da *Conferencia de Decanos y Directores de Trabajo social* (estándares Practicum, TFG, Posgrao) ou que forma parte da mesma en representación da Universidade de Vigo.

EN RESUMO:

- O profesorado do grao de Traballo social conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- O número de Doutores da Titulación sendo baixo ao inicio da implantación do Plan tense incrementado paulatinamente nos últimos anos.
- O número de Profesorado a tempo completo sendo baixo ao inicio da implantación do Plan ten ido mellorando ao longo dos anos.
- O profesorado realiza un sobre esforzo para atender adecuadamente ao alumnado compensado pola súa unha ampla motivación e un alto compromiso coa Titulación.
- Seguen as accións de mellora xa iniciadas pola Equipa decanal no Centro para aumentar o número de profesorado a tempo completo na Titulación e rebaixar o sobre esforzo que provocou no seu momento a implantación do Practicum e do TFG.
- O Profesorado conta cun número suficiente de quinquenios e sexenios.
- Todo o profesorado que imparte na Titulación pertence a Grupos de investigación de alto rendemento.
- O Profesorado é, en xeral, avaliado de xeito satisfactorio no programa DOCENTIA.
- Aínda é escasa a participación do profesorado en programas de formación e de mobilidade.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos/as de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a axeitada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- De ser o caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título, relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- La institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa su labor de apoio no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

A día de hoxe o cadro de persoal dispoñible para as cuestións de administración e xestión económica da Facultade é o seguinte: Secretaría do Decanato; Secretaría de Alumnado; Asuntos Económicos; e Conserxería. Pódese consultar na páxina web da Facultade.

Ademais deste persoal adscrito ao centro, débese citar o persoal do Campus ao servizo da Titulación como persoal de informática, biblioteca, gabinete psicopedagógico, área de emprego, área de servizos á comunidade, etc.

Ademais do persoal de administración enumerado a Facultade conta, de xeito discontinuo, con diferentes bolseiros/as que prestan apoio á área de calidade e realizan labores de mantemento e control das salas de informática do Centro.

É importante sinalar que a peculiaridade da Facultade onde se radica a nosa Titulación de Traballo social ten, ademais de Traballo social, outros tres títulos máis de Grao e tres máis de Máster polo que o persoal asignado, en especial á Secretaría de Decanato resulta escaso.

Como xa se ten sinalado isto ten provocado a sobrecarga laboral das persoas con cargos no Decanato, nomeadamente da Decana e da Vicedecana de Calidade, así como daqueles docentes que teñen asumido as Coordinacións dos Graos no Centro (con desgravacións de 45 horas) que teñen realizado un importante sobreesforzo para o bo funcionamento da Facultade.

En canto á participación en plans de formación do PAS, dende a implantación do título, os resultados son moi alentadores superando as expectativas previstas (no ano 2010 participaron en formación un 67%, en 2014 un 86% e no ano 2015 un 77.36%) o que pon de manifesto o seu interese por mellorar a súa actividade e a calidade dos servizos que prestan.

No que respecta as enquisas de satisfacción dos **PAS** teñen un índice de participación do 63.64%. Respecto de **PAS** temos cifras globais que indican que a súa satisfacción na Universidade de Vigo se sitúa no 3.75 (sobre 5) no curso 2015/16, baixando nos Graos a 3.68 (sobre 5) e alcanzando no noso Centro no índice de “satisfacción global” dun 2.68 sobre 5.

O indicador máis baixo é o relativo a súa satisfacción cos recursos humanos (2 sobre 5), polas dificultades xa comentadas, e os máis altos cun 3 cada un deles (sobre 5) refiren a satisfacción coa “información xeral sobre o centro e as súas titulacións” e aos “recursos materiais e servizos”.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/ase competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición do estudantado e o profesorado son suficientes e axeitados ás características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que debe acadar o estudantado.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as axeitadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudos, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición do estudantado, son os axeitados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir polos mesmos, e coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos/as, seguridade, saúde e medioambiente e coñecemento das mesmas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título, relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento, ...) e orientación profesional postos a disposición do estudantado son axeitados para o dirixir e orientar nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudantado (documentación, informes de calificacións, actas, certificacións académicas, tramitación de solicitudes de convalidacións ou de traslado...) postos ao seu dispor son axeitados para o dirixir e orientar nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientanlle no funcionamento da institución.

- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte do estudiantado, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, de ser o caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso no que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son axeitadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Consideramos que os recursos materiais e servizos postos á disposición do desenvolvemento do título son **axeitados**, en relación ao expresado na Memoria do título (goo.gl/kO8Tur), e respecto dos recursos cos que, en xeral, dispón a Universidade de Vigo.

Podemos destacar que a UVigo, ocupa a 7ª posición (de un total de 76 Universidades) no Ranking de Universidades Españolas en software libre 5º edición (RuSL, 2016). Poden consultarte datos máis precisos en: <https://goo.gl/l8ahH9>

INSTALACIÓNS E ESPAZOS

A contorna na que se atopa a Facultade de Ciencias da Educación onde está radicada a Titulación de Traballo social é inmejorable, situándose no céntrico barrio de As Lagoas na cidade de Ourense. As súas instalacións están distribuídas en 3 edificios: as aulas impártense principalmente no denominado Edificio de Facultades (ou comunmente chamado “Edificio de Ferro”) e en dous edificios anexos coñecidos por Pavillón 1 *Concepción Ramon Amat* e Pavillón 2 *Olga Gallego Domínguez* onde se atopan principalmente despachos para o profesorado, os investigadores e os bolseiros/as. O Pavillón 1 conta cunha sala de exposicións así como sedes dos Departamentos. En total, suman máis de 17.000 m², rodeados de arbolado e unha pequena lagoa artificial no Campus circundante.

No Edificio de Facultades (comunmente chamado “Edificio de Ferro”) están ademais das diferentes aulas para Traballo social, as do resto da Facultade de Ciencias da educación, as da Facultade de Historia, e as aulas da recén inaugurada Titulación de Enxeñería espacial. O estudiantado mistúrase no Centro co Programa para Maiores que tamén teñen alí a súa docencia.

O Edificio alberga ademais das aulas, os despachos da Vicerreitoría do Campus de Ourense, da Delegación de estudantes, da Delegación de Persoal de Administración e Servizos (PAS). Alberga no seu soto o despacho do Gabinete Psicopedagóxico, unha Sala multi-usos e zonas de estudo, tamén existentes noutras plantas do edificio.

Na páxina web da Facultade, dentro da pestana de Centro podemos atopar un apartado de “Espazos” nos que aparecen as instalacións das que se dispón (<https://goo.gl/T8DXqK>)

A Facultade de Ciencias da Educación está dotada de múltiples servizos, propios e compartidos con outras Facultades, que contan con todos os recursos materiais e tecnolóxicos precisos para unha docencia moderna, adaptada ao desenvolvemento de procesos de ensino-aprendizaxe nas máis variadas situacións.

O Edificio e a súa contorna contan con múltiples adaptacións para unha accesibilidade completa: accesos, prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida nos aparcamentos, cuartos de baños para persoas con algunha discapacidade, ascensores adaptados con Braille, etc., todos eles para facilitar que toda a comunidade educativa desenvolva con normalidade a súa actividade.

A Facultade de Ciencias da Educación de Ourense dispón dun Vicedecanato encargado especificamente da revisión e organización de aulas para o cumprimento das actividades docentes: tanto en aulas para unha docencia máis teórica como máis prácticas, incluíndo os laboratorios de idiomas e de informática.

No que respecta aos **recursos materiais** hai que sinalar o esforzo que o Decanato ten realizado nos últimos anos por dotar tódalas aulas de ordenadores, canón proxector, e algunhas delas de pantalla dixital. Tamén se teñen dotado os laboratorios específicos co instrumental audiovisual ou doutro tipo necesario para cada unha das súas funcións. A disposición do profesorado o Centro ten ademais gravadoras, aparatos de reprodución musical, cámaras de gravación, etc.

Así mesmo téñense feitos moitos esforzos dende o Decanato por dotar ao Centro de espazos de traballo para o alumnado con ordenadores, e de ir substituíndo os máis antigos por novos en cada orzamento anual. Os ordenadores máis antigos, serven para dotar outros espazos da facultade como as salas de persoal de investigadores dos departamentos ou os despachos do novo profesorado que aínda non dispón de orzamento propio para facelo.

Nos últimos cursos académicos tense realizado un esforzo para mellorar os compoñentes e renovar os equipamentos informáticos das aulas e os laboratorios específicos cunha dotación inicial, no ano 2015, de 19.477,59 € aos que se lle sumou outros 28.685 €, o 30% da dotación económica total a Facultad (100.560,86 €) para mobiliario e equipamento.

Na Facultade tamén se ofrece un servizo de mantemento sistemático e periódico dos recursos informáticos existentes en aulas e laboratorios.

Durante os anos 2015 e 2016 téñense ampliado os puntos de conexión eléctrica nalgúns espazos de traballo, aulas e laboratorios, tendo planificadas novas ampliacións destes puntos de conexión para o presente ano 2017. Nesta línea, durante o ano 2016 tamén se ten feito un esforzo para mellorar o acceso á rede Wifi no Edificio de aulas, o Edificio Facultades ou “de ferro”.

Así mesmo, os estudantes teñen a súa disposición unha torre con 15 ordenadores portátiles para traballar nas aulas habituais cando non hai espazo para facelo nos laboratorios informáticos.

En Conserxería existe un servizo de préstamo de ordenadores portátiles para o alumnado (baixo a responsabilidade dun docente) para traballos puntuais en horario de clase ou durante os fins de semana. Os estudantes tamén poden dispor de gravadoras de audio e de vídeo, cámaras de fotos, etc.

Téñense instalado dous discos NAS para fomentar e mellorar as accións de coordinación pedagóxica e a xestión administrativa. A súa adquisición produciuse ante a necesidade de mellorar as demandas externas e internas de coordinación e a recollida de evidencias. Deste xeito, organízase e distribúese a información relacionada cos procesos de calidade e almacenan as evidencias xeradas na coordinación e dinámicas de traballo do Centro.

En xeral, pode considerarse que o Centro conta con modernos recursos materiais e electrónicos que posibilitan o desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe nas máis diversas situacións. Son instalacións pensadas e equipadas para que o alumnado aprenda a facer facendo (learningbydoing).

Os resultados históricos das **enquisas de satisfacción do profesorado** de Traballo social poñen de manifesto que o seu grao de satisfacción cos recursos de apoio ao ensino (indicador 80 da antiga enquisa) tipificados a partir de 2014/15 como “satisfacción cos recursos materiais e servizos” non deixou de aumentar dende a posta en marcha do novo plan: 5.39 (sobre 7) no curso 2011/12; 5.3 (sobre 7) no 2012/13; 5.41 (sobre 7) no ano 2013/14; 5.86 no curso 2014/15 (ou 4.1 sobre 5). Non temos datos do 2015/16.

En canto ao **alumnado**, o grado de satisfacción cos recursos de apoio ao ensino (indicador 75 da antiga enquisa) tipificados a partir de 2014/15 como “satisfacción cos recursos materiais e servizos” tampouco deixou de aumentar salvo unha baixada puntual dende a posta en marcha do novo plan: 3.54 (sobre 7); 3.92 (sobre 7) no ano 2013/14; 4.53 no curso 2014/15 (ou 3.17 sobre 5).

Respecto do ano **2015/16**, temos xa datos desagregados en relación á **satisfacción do alumnado cos recursos materiais e os servizos**: a satisfacción coas aulas e o seu equipamento é de 2.78 (sobre 5). En canto a súa satisfacción cos laboratorios, aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento a valoración foi de 3.5 (sobre 5); a valoración sobre os espazos destinados ao traballo autónomo como salas de estudo ou salas de informática foi de 3.62 (sobre 5).

Así mesmo foron valorados a dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación cun 3.73 (sobre 5) e as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia cun 3.62 sobre 5 superando a media obtenida en el Centro 3.56 (sobre 5). A media alcanzada en todos estes aspectos é dun 3.57 (sobre 5) para o alumnado de Traballo social, unha puntuación sempre mellorable pero moi satisfactoria.

Tamén no curso 2015/16 podemos saber a **satisfacción dos PAS** cos “recursos materiais e servizos” na que se preguntou por “as instalacións e o equipamento onde se desenvolven as titulacións do centro” (indicador 10) e “as instalacións e o equipamento onde realizan o seu traballo” (indicador 11). Os resultados globais do grao de satisfacción de PAS para este apartado nos Graos da Facultade de Ciencias da Educación foi dun 3 (sobre 5) un pouco máis baixo se o comparamos co da Universidade de Vigo que é 3.76 (sobre 5).

A satisfacción “recursos materiais e servizos” por parte **dos egresados** no curso 2015/16 especificamente en relación ás infraestruturas e os recursos materiais foi de 3,53 (sobre 5) e respecto dos servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...) foi dun 3,81 (sobre 5); isto é unha media de 3.67 (sobre 5) neste apartado que consideramos satisfactorio.

ORIENTACIÓN E ATENCIÓN AO ALUMNADO

Temos diferentes ferramentas e estratexias para orientar ao estudantado, das cales xa temos falado: as **Semana de acollida** para o alumnado de novo ingreso e do Curso Ponte (onde, entre outras informacións se lles aporta a necesaria para darse de alta nas listas de correo do centro e da titulación); paneis informativos no edificio onde teñen aulas, taboleiros de información fixa específicos para a Titulación co calendario oficial, horarios, datas de exame, etc.; a páxina web da facultade que concentra toda a información e formularios necesarios para a vida académica do estudante; listas de correos (<https://listas.uvigo.es/mailman/listinfo/trabsocial>) xestionadas pola Facultade onde se divulgan anuncios e avisos importantes relativos á docencia, por exemplo, os prazos para a selección de títos/as de TFG, e a investigación (avisos de conferencias, xornadas, etc).

En Traballo social contamos ademais cun **Punto de información** inaugurado o 3/2/2015 na cuarta planta (do cal xa falamos no Apto. 1.1. deste Informe) e que se vai actualizando periodicamente coa remisión por parte do Colexio oficial de Traballo social de Galicia de información sobre actividades formativas, información da colexiación, etc.

Tamén contamos cun existoso **Facebook do Grao en Traballo social** xestionado por tres profesores/as da Titulación (a Coordinadora de grao, un Coordinador de Prácticum e unha Coordiadora de Curso) dende o ano 2014.

Páxinal oficial de Facebook do Grao de Traballo Social en Ourense:

www.facebook.com/traballosocial

Data de inicio: 2014

Administradores: Carmen Verde Diego, Mónica López Viso y Paco Aguiar.
Profesores/as do Grao de Traballo Social.

Fans

Total de “Me gusta” da páxina ata hoxe: 411

Persoas ás que lle gusta a páxina: Mulleres: 82%, Homes: 17%

Procedencia dos fans: 382 España, 4 Portugal, 3 Ecuador, 3 Reino Unido, 3 Perú, 2 Italia, 2 Alemaña, 2 Bolivia, 2 México, 1 Uruguai

A rede social Facebook é especialmente interesante pola súa alta taxa de penetración entre o alumnado e tamén entre o profesorado da titulación.

Consideramos que o noso Facebook fomenta a interacción entre o profesorado e as/os estudantes e permite accións colaborativas relacionadas cos contidos da titulación e as súas diferentes materias.

A páxina serve de plataforma para difundir eventos, noticias e novidades de interese para título, establecer unha rede de contactos organizados entre a comunidade educativa e tamén constitúe un espazo de diálogo entre as/os docentes e as/os estudantes, entre os propios estudantes, así como entre profesionais e estudantes doutros centros, comunidades e países vinculados aos contidos da nosa titulación.

De xeito dinámico e a través das diferentes ferramentas que ofrece facebook (muro, eventos, fotos, vídeos e notas) se vai insertando información de interese para o alumnado de carácter académico (vídeos sobre os seus Actos de Graduación, eventos académicos de interese, celebración de conferencias, congresos ou cursos, etc.) convocatorias de bolsas, ofertas de emprego, e incluso, a petición dos docentes noticias ou vídeos de interese para complementar o desenvolvemento das aulas.

Os resultados apuntan a unha maior interacción e un uso colaborativo na rede social, que mellorou o proceso de ensino-aprendizaxe.

No curso 2015/2016 continuamos usando con asiduidade o espazo virtual de Coordinación do grao creado na plataforma de teledocencia FAITIC para difundir os obxectivos de calidade do centro e subir evidencias de coordinación de materias, de cursos e tamén da titulación. Este espazo está coordinado polos Coordinadores de curso e a Coordinadora de Grao e supervisado pola Vicedecana de Calidade.

O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

Mención aparte, dentro das accións de orientación académica e de atención ao alumnado merece o **Plan de Acción Tutorial** (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/pat-grao-traballo-social>). Pódese consultar a súa normativa na web da Facultade na pestana de alumnado (<https://goo.gl/SVTVOb>). A normativa vixente foi aprobada en Xunta de Centro o 30/10/2008 e refrendados algúns dos seus cambios na Comisión Permanente do 26/9/2014 na Comisión de Calidade do 29/9/2014.

O Plan de Acción Tutorial (PAT) da Facultade de Ciencias da Educación comezou no curso 2009/10 de forma paralela á implantación dos novos Títulos de Grado coa finalidade de axudar e orientar ao alumnado matriculado no Centro. Máis alá das titorías académicas, institucionalízanse unha serie de titorías de orientación nas que o docente trata de facilitarlle ao estudante o tránsito á Educación Superior e o acompaña no seu proceso de adaptación á vida universitaria. Trátase dun servizo que o alumnado pode utilizar de forma optativa, e que el centro lle ofrece asignándolle un titor/a dende a súa entrada no Centro ate a culminación dos seus estudos.

A esixencia de contar cun elevado número de titores/as (arredor de 90 en todo o centro) para atender a todo o seu alumnado, engadido a que os estudantes dos cursos superiores asistían cada vez en menor número ás reunións propostas polos seus titores/as, levou á modificación da organización e estruturación do PAT, tratando de axustalo ás necesidades e aos recursos humanos dispoñibles no centro.

A partir do curso 2012-13 as titorías de orientación con grupos-PAT centráronse no alumnado de 1º ano dado que é ao inicio do período de transición á educación superior, o cal pode implicar problemas de adaptación a este novo contexto por parte dalgúns estudantes. Para o resto do alumnado deseñáronse outra tipoloxía de accións axustadas as súas necesidades, formalizando unha serie de sesións informativas, segundo as necesidades derivadas de cada un dos cursos ou materias (mencións, mobilidade, prácticas externas, saídas profesionais, etc.)

A partir dese momento o PAT estruturouse en tres fases:

Fase de Acolida: Accións de orientación dirixidas ao alumnado de novo ingreso. Engloba basicamente as actividades incluídas nas **Semana de acolida** realizadas durante a primeira semana de cada curso académico que inclúen o acto de benvida pola dirección do centro, información sobre o título a cargo das coordinacións dos Títulos, información sobre recursos e servizos (biblioteca, idiomas, servizo de deportes, gabinete psicopedagóxico, etc.) a cargo dos responsables dos mesmos.

Fase de Apoio: Accións que teñen como obxectivo promover a adaptación académica e social do alumnado de 1º curso no novo entorno universitario. Se canalizan a través dos *grupos- PAT* (formados por 12-15 estudantes e un/unha titor/a) que realizan un mínimo de dúas reunións durante o primeiro ano de vida universitaria.

Fase de orientación específica: Accións dirixidas aos estudantes do resto dos cursos del Grado. Se realizan sesións informativas sobre itinerarios formativos (mencións, optatividade, etc.), prácticas externas, TFG, programas de mobilidade, saídas profesionais, continuación de estudos etc.

O Plan de Acción Tutorial realízase a través dun proceso de actuación programado e continuo, controlado e supervisado pola Coordinadora do PAT, as Coordinadoras dos distintos Grados e a equipa directiva do centro.

Ao principio de cada curso académico, o alumnado é informado a través da web, das listas de distribución do Centro e os espazos específicos do PAT para o alumnado de 1º curso albergados na plataforma FAITIC, das distintas actividades desenvolvidas a tal efecto. A asignación de alumnado a titores/as PAT realízase, na medida do posible, entre os propios docentes do curso e entre coordinadores académicos, de modo que se solapen funcións buscándolle maior operatividade. Con esta organización, planificación e secuenciación das actividades se intentan optimizar os recursos a disposición do alumnado e simplificar ao máximo as obrigas dos titores/as e responsables da acción tutorial e a coordinación académica.

Respecto á implantación do PAT no Centro, ademais do manifestado polos estudantes que participaron nas accións de tutorización, a percepción de coordinadores, titores/as e resto do alumnado revelan tanto aspectos positivos, como cuestións susceptibles de mellora.

En canto aos aspectos positivos:

As reunións de titores/as cos grupos-PAT téñense conformado como un canal institucionalizado para a recepción das suxestións e comentarios dos estudantes, permitindo detectar duplicidades e/ou solapamentos entre materias, desaxustes nos horarios, fallos na información, etc.

A labor de tutorización grupal realizada polos profesores-titores PAT encargados de recibir as dúbidas, consultas e preguntas do seu grupo de 1º curso é considerada en xeral polos estudantes que acoden ás tutorías como un elemento importante que permite un contacto máis directo e personalizado co Centro.

Os estudantes e os docentes do Centro consideran necesarias as diferentes sesións informativas con orientacións específicas sobre temáticas académicas (Practicum, TFG, etc.) Destaca a importancia das Semana de acollida para estudantes de novo ingreso, as cales lles permiten coñecer dunha forma rápida e estruturada as características do novo contexto ao que se incorporan.

En canto aos **aspectos susceptibles de mellora**, destacamos:

A necesidade de accións específicas para estudantes de incorporación tardía e dos Cursos ponte que acceden no 2º prazo de matrícula, moi comúns -como xa se ten comentado- na Titulación de traballo social. Para os de 1º curso xa se teñen incorporado grupos-PAT específicos, e normalmente os Coordinadores de curso de 4º ou a Coordinación de Grao, fanse cargo das necesidades individualizadas do alumnado do Curso Ponte.


A necesidade de consensuar coas coordinacións de Graos un calendario de tutorías, para presentar durante as Semana de acollida e que o alumnado e profesorado o teña presente dende o inicio de curso.

A posibilidade de planificar máis reunións informativas sobre o TFG co alumnado de 3º e 4º curso de maneira que se poida facilitar a realización e defensa do mesmo na primeira convocatoria ao maior número posible de estudantes.

Por último, observamos -como xa se ten comentado- que os esforzos así como a cantidade de recursos e estratexias despregados polo Centro non se corresponde coa resposta dada polo alumnado (nº de asistentes ás sesións) e coa percepción que teñen respecto das accións de orientación xa que logo o grao de satisfacción nas enquisas é dunha media de 2.8 sobre 5 no Centro.

A pesar do limitado valor do dato, dada a baixa participación do alumnado nestas enquisas,

plantexamos a necesidade de reflexionar sobre o modelo actual do PAT e a súa visibilización para que resulte máis motivador tanto para os estudantes como para os titores.



A pesar das limitacións, as accións desenvolvidas no marco do PAT poden considerarse en xeral satisfactorias, polo que é necesario mantelas, realizando algúns axustes e incluíndo **elementos de mellora** dentro das posibilidades e recursos dispoñibles no Centro, sobre todo a nivel informativo, tales como:

Realizar máis accións para unha mellor difusión das reunións e sesións de información incluídas no PAT (listas de distribución, carteis, web, delegación de alumnado...)

Elaborar un material informativo sobre as accións de orientación para publicar na web.

Concienciar ao alumnado sobre o valor do PAT para a súa mellor adaptación ao contexto do Universitario.

Especificamente na web, dentro do Grado de Trabajo Social (+ info), aparece a información relativa á asignación de titores/as de PAT para o alumnado de primeiro curso de Trabajo social. (Consultar en: goo.gl/36YRhY).

No curso 2015/2016 continuamos usando o espazo virtual do PAT do grao creado na plataforma de teledocencia de FAITIC. Este espazo permíte acceder aos titores/as do PAT á documentación, normativa e anexos precisos para ofrecer a súa orientación ao alumnado.

Tamén existe unha carpeta para subir as actas das reunións co alumnado asignado ao longo do curso académico. Este espazo virtual está supervisado pola Coordinadora do PAT e pola Vicedecana de Calidade.

En relación coa **satisfacción do alumnado**, en xeral, coa orientación ao estudantado, podemos destacar que no curso 2015/2016, o grao de satisfacción en relación á información e orientación recibida na titulación é de 3.04 (sobre 5) superando a media obtida no Centro (2.88 sobre 5). O grao de satisfacción sobre as accións desenvolvidas no Plan de acción tutorial (PAT) é de 2.67 (sobre 5), un pouco máis baixa coa obtida no Centro (2.86 sobre 5). O grao de satisfacción sobre a orientación profesional e laboral é de 2.68 (sobre 5), que tamén supera a media do Centro (2.56 sobre 5). Por último, a disusión das

actividades extracurriculares entre o estudantado (información das actividades culturais, deportivas, sociais...) obtén unha puntuación de 2.88.

Respecto do **grao de satisfacción dos egresados** coa orientación ao estudantado, podemos destacar que no curso 2015/2016, o grao de satisfacción en relación á información e orientación académica (para a continuación dos estudos) foi de 2.63 (sobre 5). O grao de satisfacción sobre a orientación profesional e laboral foi de 2.40 (sobre 5), resultando de media unha puntuación aprobada de 2.52.

A pesar de que estas puntuacións non son tan altas como outras relativas ao desenvolvemento do ensino, aos recursos materias e servizos ou a xestión da calidade, o esforzo por orientar ao alumnado durante a súa estancia na facultade é improbo por parte de todo o profesorado, os e as titores/as do PAT, os Coordinadores de Curso, a Coordinadora de Grao e moi especialmente pola Coordinadora do PAT. Probablemente, o alumnado non sexa consciente de tódalas ferramentas e servizos postos a súa disposición para orientalos convenientemente.

Respecto do **grao de satisfacción do profesorado** coa **orientación ao alumnado** (antigo indicador 72) non temos datos da evolución histórica, senón soamente do curso 2014/15 onde foi puntuada cun 4.10 (sobre 5). Non temos aínda datos do 2015/16.

Non podemos deixar de sinalar, neste apartado destinado á orientación, as horas de titorías do profesorado de traballo social (<https://goo.gl/ZXFqee>), e que na Titulación son usadas polo alumnado, non soamente para as dúbidas docentes ou a revisión de exames, senón para todo tipo de consultas e asesoramento en relación aos seus futuros estudos, colexiación, saídas profesionais, etc.

Ademais xa se comentou que o alumnado do Centro ten a súa disposición a través da plataforma dixital na páxina web do Centro (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/>) o enlace a Queixas, suxestións e/ou parabéns (QSP) (<https://seix.uvigo.es/uv/web/qsp/>) a través do cal se van resolvendo de forma satisfactoria para todas as partes implicadas os posibles problemas xurdidos como explicamos no apartado 1.4.do presente informe. Lembremos que o grao de satisfacción do alumnado da titulación en relación ás vías para realizar Queixas, suxestións e/ou parabéns foi de 2.80 (sobre 5), algo inferior a media del Centro (2.93 sobre 5).

SERVIZOS AO ALUMNADO

Os servizos de atención ao estudante do Centro relacionados coas cualificacións das actas, certificados académicos, tramitación de validacións, etc. postos a súa disposición consideramos que son axeitados. Todas estas cuestións son atendidas polo persoal da Secretaría de alumnado (<https://goo.gl/j3OA7l>).

Algúns servizos están enlazados aos propios teléfonos móbiles do estudantado, se este autorizou esta modalidade ao matricularse. Así, por exemplo, poden coñecer en tempo real, as notas provisionais de todas e cada unha das materias que cursa cando o docente as introduce no sistema, cal é o día da revisión dos seus exames, ou as súas notas definitivas.

Ademais, o alumnado a través da páxina web do Centro pode consultar estas cuestións. Por exemplo, na pestana de “Alumnado” teñen dispoñibles as normativas de permanencia, de avaliación por compensación, impresos do seu interese sobre solicitude de transferencia, de cambio de grupo, etc. Na pestana de “Xestión académica” tamén poden consultar o calendario do centro, cronograma, convocatorias de matrículas, etc. (<https://goo.gl/OxWgEr>).

OUTROS SERVIZOS DO CAMPUS PARA O ALUMNADO DE TRABALLO SOCIAL

A BIBLIOTECA. O alumnado de traballo social ten un acceso directo coa Biblioteca Rosalía de Castro do Campus de Ourense dende a web da Facultade (<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/>). A Biblioteca conta con fondos bibliográficos e recursos documentais suficientes e actualizados para a titulación. Un exemplo, se no buscador da biblioteca poñemos a palabra chave “servicios sociais “ aparecen 1245 referencias, ou para “traballo social” 442, entradas de publicacións a disposición do usuario/a.

Ademais a Biblioteca dispón de obras de áreas temáticas especializadas da Titulación. A biblioteca dispón dunha sección para “solicitar novas adquisicións” bibliográficas, ao servizo da comunidade universitaria (http://www.perseo.biblioteca.uvigo.es/search*spi). Ademais dispón de máis de 120 recursos electrónicos e bases de datos especializadas (Psyinfo, Scopus, Eric, JournalCitationReport (JCR), etc.). A biblioteca da Universidade pertence ao consorcio Bugalicia(<http://www.bugalicia.org/>) que recolle os servizos e os recursos-comúns ás tres universidades de Galicia dende o ano 1999. Este servizo de xestión integra información científica de tódolos ámbitos e permite o acceso a bases de datos, revistas electrónicas, artigos, e-books, xestores bibliográficos entre outros.

O GABINETE PSICOPEDAGÓXICO. É un servizo para o alumnado situado no soto do Edificio de Facultades, ten por finalidade brindar unha asesoría multidisciplinar e integral nas áreas psicolóxica e psicopedagóxica co propósito de fortalecer a autonomía, a autoestima, o autoaprendizaxe e os valores fundamentais que propicien o equilibrio persoal e melloren a calidade de vida do alumnado. Os servizos que presta o Gabinete a todo o alumnado son: 1) Asesoramento Académico; 2) Atención psicolóxica; 3) Servizo de fondo de documentación. Para ver máis información consultar: <http://vicou.uvigo.es/es/servicios/gabinete-psicopedagogico>.

Tamén presta especial atención ao estudantado con algún tipo de necesidade especial de forma que no que respecta a alumnado con discapacidade, o 7,69% do atendido no Gabinete pertence a Traballo Social. Desta porcentaxe o 2,56 % está incluído no **PROGRAMA PIUNE** de Apoio á Integración de Estudantes Universitarios con Necesidades Específicas. Nestes momentos a titulación de Traballo social ten unha alumna cega neste programa que, nos próximos meses, se incorporará as aulas co seu can-guía.

Unha gran cantidade de estudantes de Traballo social acuden ao Gabinete para consultar dúbidas ou traballar diversas problemáticas. Do rexistro de actividades do Gabinete podemos dicir que a participación do alumnado de Traballo social nelas tamén é importante nos cursos/accións que desenvolve: Traballo en equipo: 10,77%; Motivación de alto impacto: 8,16%; Speed Reading y MindMapping: 12,25%; Habilidades comunicativas: 25%; Técnicas actorais: 12,25%; Técnicas de relaxación: 14,29%; Xestión do tempo: 18,18%.

O CENTRO DE LINGUAS (<http://cdl.uvigo.es/>). Nace no ano 2004 para promover e desenvolver actividades de formación en linguas modernas, atendendo ás necesidades lingüísticas da comunidade universitaria e da súa contorna máis próxima. Tras 10 anos de experiencia, o CdL é un referente no ensino de linguas e na acreditación de nivel de idioma, ao estar certificado polas entidades de acreditación máis recoñecidas (Instituto Cervantes, ACLES, TOEFL, etc). Unha das principais liñas de actividade do Centro é a formación específica en linguas da comunidade universitaria, co obxecto de contribuir á calidade na docencia e na investigación e á internacionalización da Universidade de Vigo. O alumnado interesado no ERASMUS pode utilizar este servizo para facer cursos de idiomas e examinarse para acadar as certificacións do idioma esixido na universidade europea de destino.

O SERVIZO DE DEPORTES (<http://deportes.uvigo.es/inicio/>) do Campus de Ourense, conta cunhas instalacións envexables –ximnasio, piscina, spa, etc-. O programa de actividades que desenvolve é moi amplo e abrangue as áreas de Benestar, Saúde e Deportes. O seu eixe estratéxico está dirixido á promoción de actividades físicas saudables, o deporte para todos, e o exercicio como unha fonte de diversión e disfrute do tempo de ocio. Neste senso podemos falar do programa “Ponte en forma” ou dos “Roteiros culturais” que organiza o servizo.

O SERVIZO DE VOLUNTARIADO lle propón ao alumnado un amplo abano de posibilidades para participar en proxectos de carácter solidario (<http://vicou.uvigo.es/docs/servicios/voluntariado/voluntariado.pdf>)

OUTRAS ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO. O estudantado do noso campus conta coa posibilidade de participar noutras actividades promovidas na Universidade de Vigo como o Teatro, Danza ou o Coro universitario, por poñer un par de exemplos.

Así mesmo durante a súa permanencia na universidade. Ao rematar, os egresados contan, por exemplo, co programa Emprendemento (<http://vicou.uvigo.es/gl/servizos/emprendemento>) cuxo principal obxectivo é ofrecer apoio técnico preciso no proceso de maduración e posta en marcha dun proxecto empresarial. Tódolos servizos do Campus poden atoparse na páxina da Vicerreitoría do Campus: <http://vicou.uvigo.es/gl/>

PRACTICAS EXTERNAS

O alumnado de Practicum de traballo social, en cuarto curso, primeiro cuadrimestre, dispón de máis de 100 institucións da Comunidade Autónoma de Galicia para levar a cabo as súas prácticas (goo.gl/aNwHmW): entre estas institucións e entidades conveniadas coa Universidade de Vigo figuran Concellos (servizos sociais comunitarios), Diputacións, Servizos sociais especializados dependentes da Xunta de Galicia (especialmente para atender á Menores), Institucións penitenciarias, Centros de Saúde, Hospitais, etc. Tamén temos convenios con empresas que atenden a persoas maiores, persoas con dependencias, persoas con discapacidades (Residencias, axuda á domicilio), etc. Ademais tense convenio con ONGs (como Cruz Roja ou AECC) e outras entidades do Terceiro sector que atenden a poboación en risco de exclusión social, excluída socialmente, ou con algunha problemática específica: persoas con dificultades de inserción laboral, persoas con drogodependencias, persoas sen fogar, persoas gravemente impactados pola crise, persoas inmigrantes, etc.

Si un ano un alumno ou alumna desexa realizar as súas prácticas nalgunha entidade ou institución coa cal aínda non existe convenio, faise un novo convenio con ela, de forma que cada curso, a petición do alumnado de Traballo social, ou a solicitude da entidade se abren novos postos de prácticas.

O número de prazas ofertadas por cada institución varía en cada curso académico pero, en Traballo social, aínda que a mesma institución ofrezca varias, soe distribuír ao alumnado en distintos servizos da entidade, de forma que soemos ter un único estudante por destino final, agás nos Servizos especializados da Xunta de Galicia destinados á menores que chegaron a admitir catro alumnas un ano para a mesma sección. Esta cuestión ten moito co ver coa especificidade do Traballo social: as profesionais, das que xa dixemos que teñen que ser obrigatoriamente traballadoras sociais, soen traballar maioritariamente soas cando atenden aos seus usuarios, aínda que traballen en equipos interdisciplinares máis amplos. As obrigas do mantemento da confidencialidade e do segredo profesional no exercicio da

profesión, son outra das cuestións que inciden en que os e as estudantes de Traballo social sexan titorizadas individualizadamente, o cal aporta un grao de calidade extrema ao seu período de simulación laboral.

Tampouco é igual o número de alumnado que fai as súas prácticas por curso académico. Esta cifra varía –xa se explicou- en función das materias chave aprobadas polo estudante (polo menos oito de dez). Así no curso 2012/13 realizaron o seu practicum 62 estudantes, no curso 2013/14 foron 67, no curso 2014/15 foron 59 estudantes e no curso 2015/16, 64 alumnos e alumnas.

Respecto das institucións ofertadas cada curso académico (en función das decisións tomadas pola Comisión do practicum cada ano) podemos dicir que sempre superaron con creces o número de solicitudes do alumnado. No ano 2012/13, para un total de 62 estudantes se lle ofreceron 83 prazas en institucións diferentes (133,87%), das cales foron ocupadas o 74.7% da oferta.

No ano 2013/14, para un total de 67 estudantes matriculados no practicum se lle ofertaron 86 prazas en institucións diferentes (128,35%), das cales foron ocupadas o 77.9%.

No curso académico 2014/15, para un total de 59 estudantes se lle ofreceron 111 prazas en institucións diferentes (188, 13%), das cales foron ocupadas o 53.6%.

Por último, no ano 2015/16, para un total de 64 matriculados se lle ofertaron 90 prazas en institucións diferentes (140,63%) das cales foron ocupadas o 71.12%.

A oferta de cada ano elabórase en base aos intereses previamente definidos polos estudantes (a primeira fase do proceso que xa se explicou). Aínda así, cada ano se ofertan prazas sobrantas por se aparecen cuestións sobrevidas ou cambios de última hora (sempre entre as preferencias primeiras do estudantado). Todo isto permite que a escolla do estudante sexa o máis axeitada aos seus intereses: ámbito de intervención no cal realizar a súa simulación profesional, proximidade ao seu domicilio, expectativas laborais futuras, etc.

Nas páxinas seguintes ofrecemos táboas nas que aparecen o nome da Institución, co número de prazas ofertadas e aceptadas pola Coordinación de Practicum, de entre as cales escolleu o estudantado de Traballo social, nos últimos catro cursos académicos, o ámbito ao cal pertencen, e observacións engadidas pola Coordinación de Practicum sobre a peculiaridade das prazas ese ano en concreto que se lle ofrece ao alumnado para unha mellor selección dos destinos.

PRACTICUM DE TRABALLO SOCIAL. OFERTA PRAZAS CURSO 2012-2013

INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓNS
Concello de Ourense - Servizos Sociais Comunitarios	7	SS.SS Comunitarios	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos pola propia coordinadora dos Servizos sociais municipais entre as distintas UNIS e prazas ofertadas.
Sergas - Complexo Hospitalario Universitario (CHUO)	1	Sanidade	Unidade de T.S. do Hospital Cristal

Sergas - Complexo Hospitalario Universitario (CHUO)	1	Sanidade / psiquiatría	Hospital de Piñor- Psiquiátrico. Esta praza corresponde á que antes se ofertaba no psiquiátrico de Toén, pois como saberedes hai uns meses o hospital psiquiátrico de Toén pechouse e trasladouse ao Hospital de Piñor.
Sergas- Centro de Saúde A Carballeira	1	Sanidade	
Sergas - Centro de Saúde Novoa Santos	1	Sanidade	
Sergas - Uca alcolismo	1	Sanidade	Traballan na prevención e tratamento do alcolismo, ludopatías, tabaco. A unidade está ubicada no Hospital Santa María Nai.
Xunta de Galicia - Servizo de menores	6	Menores	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo entre as distintas profesionais.
Xunta de Galicia - Gabinete de Orientación Familiar	1	Familia	O Gof traballa temas de orientación e mediación familiar.
Xunta de Galicia - EVO / información	1	Discapacidade, persoas maiores, dependencia	A persoa que elixa esta praza rotará nos servizos de información; EVO (equipo de valoración e orientación) e dependencia
Xunta de Galicia - Residencia Nosa Sra. dos Milagres	1	Persoas maiores	A residencia sitúase en Cabeza de Vaca.
Xunta de Galicia – Centro de menores Montefiz	1	Menores	Centro Terapéutico de internamento da Xunta xestionado pola Fundación O Belén que traballa con menores.
Deputación Provincial de Ourense	2	SS.SS. Xestión/ Coordinación	As persoas que elixan estas prazas teñen que saber que no servizo se traballa moito no asesoramento e coordinación cos Concellos da provincia. Os postos teñen un marcado perfil de xestión/coordinación, e non tanto de atención directa ao público. De especial interese para persoas que queiran entrenarse en xestión, programación, contacto e asesoramento a concellos etc...
Cruz Vermella	6	Varios	Exclusión social 1 praza; maiores 3 prazas (respiro

			familiar, axuda complementaria e teleasistencia) ; SMS emprego 1 praza; Familias acolledoras 1 praza. Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos pola propia coordinadora da entidade entre as prazas que ofertan.
Morea – Asociación de Familiares e enfermos mentais de Ourense.	1	Terceiro sector/ saúde	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito.
Afaor – Asociación Familiares de Enfermos de Alzheimer de Ourense.	1	Terceiro sector/ saúde	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito
Aspanas – Asociación de persoas con discapacidades psíquicas - Ourense	1	Terceiro sector/ discapacidade	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito
Aixiña – Asociación para a integración de persoas con discapacidade física - Ourense	1	Terceiro sector/ discapacidade	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito
Renacer- Asociación persoas con dano cerebral de Ourense	1	Terceiro sector/ discapacidade	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito
Caritas	1	Terceiro sector	Programa de animación comunitaria - voluntariado
Fundación San Rosendo - Oficina central / residencias	1	Terceiro sector	Esta Fundación xestiona diversas residencias da terceira idade na comunidade autónoma. A praza ofértase nas oficinas centrais de Ourense, con posibilidade de atención nas residencias da cidade e periferia.
Grupo Nais – Empresa Axuda no Fogar	1	Empresa privada	Interesante para as persoas que queiran coñecer de preto o ámbito do T.s. na empresa privada. Traballan moito con persoas maiores/dependencia
Benestar - - Empresa Axuda no Fogar	1	Empresa privada	Interesante para as persoas que queiran coñecer de preto o ámbito do Ts na empresa privada. Traballan moito con persoas maiores/dependencia
Geriatros Barbadás – Residencia persoas maiores	1	Empresa privada	Residencia da terceira idade situada en Barbadás.
Centro Penitenciario	2	Xudicial-	Os alumnos/as que elixan este

Pereiro de Aguiar		penitenciario	destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo entre as dúas profesionais titoras.
-------------------	--	---------------	--

OURENSE PROVINCIA			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Concello de Verín – Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Xinzo de Limia – S. Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Amoeiro – Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Celanova – Servizos Sociais Comunitarios	2	SS.SS Comunitarios	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo.
Concello de A Bola – Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de San Cibrao das Viñas – S.S. Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	

VIGO			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Concello de Vigo – Servizos Sociais Comunitarios	2	SS.SS Comunitarios	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo, non podendo precisarse as UNIS nas que se xeneran as prazas.
Sergas – CHUVI – Hospital Xeral	1	Sanidade	
Sergas – CHUVI – Hospital Nicolás Peña	2	Sanidade	Unha das prazas é para psiquiatría e a outra para o resto de servizos do Hospital.
Sergas – Centro de Saúde Sárdoma	1	Sanidade	
Xunta de Galicia- Servizo Maiores, discapacidade e	2	Maiores, discapaci	

menores		dade e menores	
Centro Alborada – Asociación cidadá de loita contra a droga.	1	Terceiro sector/ toxicoma nías	
Cruz Vermella	1		Programa persoas sen teito
Fundación Juan Soñador	1	Terceiro sector/in migrante s	
Medicos do mundo	1	Terceiro sector/co operació n	

PROVINCIA PONTEVEDRA			
INSTITUCIÓN	PRA ZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Concello de Redondela – Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Direcció n/ xestión	Esta praza é de dirección e xestión dos servizos sociais. O alumno/a que o solicite debe estar interesado/a especialmente neste aspecto, e non tanto na atención directa aos usuarios. O alumno/a terá a oportunidade de estar tutorizado pola coordinadora dos Servizos sociais.
Sergas – Centro de saúde de Redondela	1	Sanidade	
Concello de Mos - Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunit arios	
Cogami – Confederación Galega de Minusválidos - Mos	1	Terceiro sector/di scapacid ade	
Centro Residencial Ocupacional Esclavas de la Virgen Dolorosa -Mos	1	Persoas maiores	
Doral Residencias Vigo (Tameiga-Mos)	1	Persoas maiores	
Concello do Porriño - Servizos Sociais Comunitarios	2	SS.SS Comunit arios	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo.
Sergas – Centro de Saúde O Porriño e Mos	1	Sanidade	A persoa que elixa esta praza estará nos Centros de saúde de Porriño e Mos, xa que o profesional rota e atende nos dous centros segundo os días

			da semana.
Asociación de persoas con discapacidade do Baixo Miño Vontade	1	Terceiro sector	Asociación ubicada en Tomiño.
Centro Penitenciario A Lama	1	Xudicial-penitenciario	
Cruz Vermella Pontevedra	2	Varios	1 praza no programa de Inmigrantes e 1 praza no programa de familias de acollida
Sergas – Centro de Saúde de A Cañiza	1	Sanidade	
Geriatrios Lalin – Residencia persoas maiores	1	Persoas maiores	
Cruz Vermella Pontearreas	1	Varios	

OUTROS			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Concello de Monforte de Lemos – S.S. Comunitarios	2	SS.SS Comunitarios	
Sergas – Centro de Saúde de Monforte de Lemos	1	Sanidade	
Concello de Pobra de Brollón – S.S. Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Caritas Santiago de Compostela	1	Terceiro sector	
Cogami – Confederación Galega de Minusválidos – Santiago de Compostela	1	Terceiro sector/discapacidade	
TOTAL PRAZAS OFERTADAS ANO 2012/13	83		

PRACTICUM DE TRABALLO SOCIAL. OFERTA PRAZAS CURSO 2013-2014

INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓNS
Concello de Ourense - Servizos Sociais Comunitarios	7	SS.SS Comunitarios	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos pola propia

			coordinadora dos Servizos sociais municipais entre as distintas UNIS e prazas ofertadas.
Concello de Barbadás- Servizos Sociais Comunitarios	3	SS.SS Comunitarios	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos pola propia coordinadora dos Servizos sociais municipais entre as distintas UNIS e prazas ofertadas.
Sergas - Complexo Hospitalario Universitario (CHUO)	1	Sanidade/ psiquiatría	Hospital de Piñor- Psiquiátrico. Esta praza corresponde á que antes se ofertaba no psiquiátrico de Toén, agora trasladouse ao Hospital de Piñor.
Sergas- Centro de Saúde A Carballeira	1	Sanidade	
Sergas - Centro de Saúde Novoa Santos	1	Sanidade	
Sergas - COF	1	Sanidade	Centro de Planificación Familiar
Sergas - Uca alcoholismo	1	Sanidade	Traballan na prevención e tratamento do alcoholismo, ludopatías.... A unidade está ubicada no Hospital Santa María Nai.
Sergas - Uca drogodependencias	1	Sanidade	Traballan na prevención e tratamento das drogodependencias.... A unidade está ubicada no Hospital Santa María Nai.
Xunta de Galicia - Servizo de menores	2	Menores	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo entre as distintas profesionais.
Xunta de Galicia - Gabinete de Orientación Familiar - GOF	1	Familia	O Gof traballa temas de orientación, terapia e mediación familiar.
Xunta de Galicia - EVO / información	2	Discapacidade, persoas maiores, dependencia	A persoa que elixa esta praza rotará nos servizos de información; EVO (equipo de valoración e orientación) e dependencia
Xunta de Galicia - Residencia Nosa Sra. dos Milagres	1	Persoas maiores	A residencia sitúase en Cabeza de Vaca.

Xunta de Galicia – Centro de menores Montefiz	1	Menores	Centro Terapéutico de internamento da Xunta xestionado pola Fundación O Belén que traballa con menores.
Deputación Provincial de Ourense	1	SS.SS. Xestión/coordinación	As persoas que elixan estas prazas teñen que saber que no servizo se traballa moito no asesoramento e coordinación cos Concellos da provincia. Os postos teñen un marcado perfil de xestión/coordinación, e non tanto de atención directa ao público. De especial interese para persoas que queiran entrenarse en xestión, programación, contacto e asesoramento a concellos etc...
Cruz Vermella	6	Varios	Exclusion social 1 praza; maiores 3 prazas (respiro familiar, axuda complementaria e teleasistencia) ; SMS emprego 1 praza; Familias acolledoras 1 praza. Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos pola propia coordinadora da entidade entre as prazas que ofertan.
Morea – Asociación de Familiares e enfermos mentais de Ourense.	1	Terceiro sector/saúde	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito.
AECC – Asociación Española contra o Cancro de Ourense.	1	Terceiro sector/saúde	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito.
Afaor – Asociación Familiares de Enfermos de Alzheimer de Ourense.	1	Terceiro sector/saúde	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito
Aspanas – Asociación de persoas con discapacidade psíquicas - Ourense	1	Terceiro sector/discapacidade	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito
Aixiña – Asociación para a integración de persoas con discapacidade física -	1	Terceiro sector/discapacidade	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito

Ourense			
Renacer- Asociación persoas con dano cerebral de Ourense	1	Terceiro sector/dis capacidade	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito
Caritas	1	Terceiro sector	Programa de animación comunitaria - voluntariado
Federación Xordos de Ourense	1	Terceiro sector	Só para persoas con coñecementos de lingua de signos. Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito. A persoa que elixa este destino rotará coa ONCE.
Fundación San Rosendo - Oficina central / residencias	1	Terceiro sector	Esta Fundación xestiona diversas residencias da terceira idade na comunidade autónoma. A praza ofértase nas oficinas centrais de Ourense, con posibilidade de atención nas residencias da cidade e periferia.
Grupo Nais – Empresa Axuda no Fogar	1	Empresa privada	Interesante para as persoas que queiran coñecer de preto o ámbito do T.s. na empresa privada. Traballan moito con persoas maiores/dependencia
EMPRESA Fomento de Servicios Sociosanitarios	2	Empresa privada	Empresa concesionario do SAF do Concello de Ourense. Interesante para as persoas que queiran coñecer de preto o ámbito do Ts na empresa privada. Traballan moito con persoas maiores/dependencia
Empresa Troncoso	1	Empresa privada	Teñen Centro de día de maiores, centro para persoas con enfermidade mental e SAF. Interesante para as persoas que queiran coñecer de preto o ámbito do T.s. na empresa privada. Traballan moito con persoas maiores/dependencia
Geriatros Barbadás – Residencia persoas maiores	1	Empresa privada	Residencia da terceira idade situada en Barbadás.
Centro Quérote +	1	Xuventude- e-	Rede de centros para a xuventude da Xunta de

		comunidade	Galicia. Traballan moito programas de orientación, prevención e intervención comunitaria.
Centro Penitenciario Pereiro de Aguiar	1	Xudicial-penitenciario	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo entre as profesionais titoras.

OURENSE PROVINCIA			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Concello de Verín - Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Mancomunidade de Verín	2	SS.SS. Comunitarios	
Concello de Xinzo de Limia - S. Sociais Comunitarios	2	SS.SS Comunitarios	
Concello de Amoeiro - Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Mancomunidade de Celanova - Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Allaríz - Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Taboadela - Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de O Carballiño - Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Mancomunidade de O Carballiño - Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Toén - Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Pereiro de Aguiar - Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de San Cibrao das Viñas - S.S. Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de O Barco de Valdeorras - Servizos	1	SS.SS Comunitarios	

Sociais Comunitarios		rios	
----------------------	--	------	--

VIGO

INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Concello de Vigo – Servizos Sociais Comunitarios	2	SS.SS Comunitarios/ inmigrantes	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo. Unha praza é en SS.SS Comunitarios e outra no programa de atención á poboación inmigrante.
Sergas – Centro de Saúde Rosalía / Sárdoma	1	Sanidade	3 días no CS Rosalía de Castro e 2 en Sárdoma.
Xunta de Galicia-Servizo Maiores, discapacidade e menores	4	Maiores, discapacidade e menores	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo.
Centro Alborada – Asociación cidadá de loita contra a droga.	1	Terceiro sector/ toxicomanías	
Fundación Juan Soñador	1	Terceiro sector/inmigrantes	
Medicos do mundo	1	Terceiro sector/cooperación	
Geriatros Bembrive – Residencia persoas maiores	1	Empresa privada	Residencia da terceira idade situada en Bembrive.
Geriatros Vigo– Residencia persoas maiores	1	Empresa privada	Residencia da terceira idade situada en Vigo
Grupo 5 – Traballo social	1	Empresa privada	Diversos servizos de atención social.

PROVINCIA PONTEVEDRA

INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Concello de Mos - Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Doral Residencias Vigo (Tameiga-Mos)	1	Persoas maiores	
Concello do Porriño - Servizos Sociais Comunitarios	2	SS.SS Comunitarios	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo

			coordinador do Servizo.
Pontevedra - Cruz Vermella	1	Varios	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo.
Pontevedra- Sergas - Hospital Montecelo	1	Sanidade	
Concello de Pontearreas	1	SS.SS. Comunitarios	

OUTROS			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Noia - Cruz Vermella	1	Terceiro sector	
Noia - Geriatros	1	Empresa privada	Residencia da terceira idade
Noia - Concello-SS.SS. comunitarios	1	SS.SS. comunitarios	A persoa que elixa este destino rotará durante tres semanas nalgún dos outros destinos en Noia, por vacacións da profesional.
A Coruña - Sergas - CHUAC	1	Sanidade	
Santiago de Compostela Cogami - Confederación Galega de Minusválidos	2	Terceiro sector/discapacidade	
TOTAL PRAZAS OFERTADAS ANO 2013/14	86		

PRACTICUM DE TRABALLO SOCIAL. OFERTA PRAZAS CURSO 2014-2015

OURENSE CAPITAL E LÍMITROFES			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓNS
Concello de Ourense - Servizos Sociais Comunitarios	10	SS.SS. Comunitarios	2 Programa de SAF/SAAD/ Centro de Día/ Teleasistencia Domiciliaria/Comedor Sobre Rodas. Unis Casco Vello e Unis Centro. - 6, Programas de Orientación e Inserción Social: 1 Casco Vello, 2 Unis O Couto, 1 Unis A Ponte, 2 Unis Centro.

			- 1 Plan de Inclusión. - 1 Programa de Inmigrantes.
Concello de Barbadás- Servizos Sociais Comunitarios	2	SS.SS Comunitarios	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos pola propia coordinadora dos Servizos sociais municipais entre as distintas UNIS e prazas ofertadas.
Sergas - Complexo Hospitalario Universitario (CHUO)	1	Sanidade/psiquiatría	Hospital de Piñor- Psiquiátrico. Esta praza corresponde á que antes se ofertaba no psiquiátrico de Toén, agora trasladouse ao Hospital de Piñor.
Sergas - Unidade de saúde mental	1	Unidade de Saúde Mental	Unidade de Saúde Mental ubicada no barrio de A Ponte
Sergas- SAP. A Carballeira	1	Sanidade	Centro de Saúde
Sergas - Uca alcohismo	1	Sanidade	Traballan na prevención e tratamento do alcohismo, ludopatías.... A unidade está ubicada no Hospital Santa María Nai.
Sergas - Uca drogodependencias	1	Sanidade	Traballan na prevención e tratamento das drogodependencias.... A unidade está ubicada no Hospital Santa María Nai.
Xunta de Galicia - Servizo de menores	2	Menores	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo entre as distintas profesionais.
Xunta de Galicia - Gabinete de Orientación Familiar - GOF	1	Familia	O Gof traballa temas de orientación, terapia e mediación familiar.
Xunta de Galicia - Residencia Nosa Sra. dos Milagres	1	Persoas maiores	A residencia sitúase en Cabeza de Vaca.
Xunta de Galicia - Centro de menores Montefiz	1	Menores	Centro Terapéutico de internamento da Xunta xestionado pola Fundación O Belén que traballa con menores.
Xunta de Galicia - Centro de menores Monteledo	1	Menores	Centro de internamento da Xunta xestionado pola Fundación Camiña social
Deputación Provincial de	1	SS.SS. centrais	A práctica desenvolveríase nos servizos centrais desta

Ourense		Xestión / Coordinación	institución. A principal labor que se desenvolve non está centrada na atención directa de usuarios, senón accións de planificación, xestión, execución e coordinación de distintos programas e servizos en materia de servizos sociais comunitarios que van encamiñados a proporcionar apoio técnico, económico e xurídico ás entidades locais da nosa provincia (91 concellos).
Cruz Vermella	6	Terceiro sector. Varios	Exclusion social 1 praza; maiores 3 prazas (respiro familiar, axuda complementaria e teleasistencia) ; SMS emprego 1 praza; Familias acolledoras 1 praza.
Morea - Asociación de Familiares e enfermos mentais de Ourense.	1	Terceiro sector/ saúde	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito.
AECC - Asociación Española contra o Cancro de Ourense.	1	Terceiro sector/ saúde	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito.
Aspanas - Asociación de persoas con discapacidades psíquicas - Ourense	2	Terceiro sector/ discapacidade	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito
Aixiña - Asociación para a integración de persoas con discapacidade física - Ourense	1	Terceiro sector/ discapacidade	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito
AODEM - Asociación de Esclerose múltiple Ourense	1	Terceiro sector/ discapacidade	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito
Caritas	1	Terceiro sector	Programa de animación comunitaria - voluntariado e atención directa
EMPRESA Fomento de Servicios Sociosanitarios	2	Empresa privada / axuda no fogar	Empresa concesionario do SAF do Concello de Ourense. Interesante para as persoas que queiran coñecer de preto o ámbito do Ts na empresa privada. Traballan moito con persoas maiores/dependencia
Empresa Troncoso	1	Psiquiatría/	Neste destino xestionan unha unidade residencial de

		persoas maiores Empres a privada	psiquiatría, un Centro de día de maiores e unha unidade convivencial de persoas maiores.
Geriatros Barbadás – Residencia persoas maiores	1	Empres a privada / Persoas maiores	Residencia da terceira idade situada en Barbadás.
Centro de día Alzheimer - Ourense	1	Xunta de Galicia / Geriatro s	Rede de centros especializada en Alzheimer. A xestión do centro está subcontratada a Geriatros (situado na Rúa Bernardo González, zona Lagoas).
Xunta de Galicia - Centro Quérote +	1	Xuvent ude- comuni dade	Rede de centros para a xuventude da Xunta de Galicia. Traballan moito programas de orientación, prevención e intervención comunitaria.
Centro Penitenciario Pereiro de Aguiar	2	Xudicial - peniten ciario	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo entre as profesionais titoras.
Concello de Toén - Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comuni tarios	
Concello de San Cibrao das Viñas – Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comuni tarios	

OURENSE PROVINCIA			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Concello de Verín – Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitar ios	
Mancomunidade de Verín	4	SS.SS. Comunitar ios	
Concello de Xinzo de Limia – S. Sociais Comunitarios	2	SS.SS Comunitar ios	
Concello de Amoeiro – Servizos	1	SS.SS Comunitar	

Sociais Comunitarios		ios	
Mancomunidad de Celanova – Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Taboadela – Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de O Carballiño– Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Mancomunidad de O Carballiño – Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
O Carballiño - Centro de Educación Especial	1	Educación	Centro de Educación Especial Vila de Arenteiro.
Concello de Ribadavia	1	SS.SS Comunitarios	
VIGO CIDADE			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Concello de Vigo – Servizos Sociais Comunitarios	2	SS.SS Comunitarios	Unha praza é par UNIS e outra para programa inmigrantes
Sergas – SAP Centro de Saúde Rosalía / Sárdoma	1	Sanidade	3 días no Centro de saúde Rosalía de Castro e 2 en Sárdoma.
Sergas – Hospital do Rebullón	1	Sanidade	
Xunta de Galicia-Servizo de Familia e Menores	3	Familia e menores	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo.
Centro Alborada – Asociación cidadá de loita contra a droga.	1	Terceiro sector/ drogodependencias	
Medicos do mundo	1	Terceiro sector	Programa CEREDA, muller e exclusión social.

Geriatros Vigo-Residencia persoas maiores	1	Empresas privada/persoas maiores	Residencia da terceira idade situada en Teis.
Centro de Inserción social Carmen Avendaño	1	Institucións penitenciarias	Centro dependente de institucións penitenciarias-A Lama.
Cruz Vermella Vigo	1	Terceiro sector	Varios programas
Cáritas	1	Terceiro sector	Varios programas
Xunta de Galicia - Centro Quérote +	2	Xuventude-comunidade	Rede de centros para a xuventude da Xunta de Galicia. Traballan moito programas de orientación, prevención e intervención comunitaria.
CIIES- Centro Integral de Inclusión e emerxencia social do Concello de Vigo	1	Exclusión social. Empresa privada/ Grupo 5 - Traballo social	A empresa Grupo 5 ten a concesión deste centro que persigue dar cobertura a servizos básicos, realizar unha intervención social que permita aumentar a calidade de vida e procurar contextos que faciliten a inserción sociolaboral. Aténdense situacións de emerxencia social e tamén teñen un piso.
CLECE	3	Empresa privada	Esta empresa ten a concesión do programa de Apoio familiar e o SAF no Concello de Vigo.
LÍMITROFES VIGO E RESTO PROVINCIA DE PONTEVEDRA			
INSTITUCION	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACION

Concello de Mos - Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios	
Concello do Porriño - Servizos Sociais Comunitarios	2	SS.SS Comunitarios	
Concello do Porriño - UAD Drogodependencias	1	Drogodependencias	
Porriño- Asociación ACEESCA	1	Terceiro sector - discapacidade intelectual	Centro de educación especial para persoas con discapacidade intelectual
Pontevedra - Cruz Vermella	1	Terceiro sector	
Pontevedra- Centro penitenciario de A Lama	1	Xudicial-penitenciario	
Concello de O Grove. UAD Drogodependencias	1	Drogodependencias	Con posibilidade de compartir algún tempo con SS.SS. comunitarios
Concello de Rodeiro	1	SS.SS Comunitarios	

PROVINCIA DE LUGO E A CORUÑA			
INSTITUCIÓN	PAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Concello de Lugo	2	SS.SS. comunitarios	
Lugo - Cruz Vermella	1	Terceiro sector	
Lugo - SAP Centros de saúde	3	sanidade	Ofértanse 3 prazas, unha praza en cada un dos seguintes centros de saúde: Milagrosa, San Roque e Illas Canarias.
Concello de Chantada	1	SS.SS. comunitarios	
Sergas- SAP Centro de saúde de Chantada	1	Sanidade	Centro de saúde
Concello de Monterroso	1	SS.SS. comunitarios	
Concello de	1	SS.SS. comunitarios	

Carballedo (A Barrela)			
Concello de Sober	1	SS.SS. comunitarios	
Concello de Vilalba	1	SS.SS. comunitarios	
Concello de Viveiro	1	SS.SS. comunitarios	
UAD - Burela	1	Drogodependencias	Unidade de atención á drogodependencia do Concello de Burela-Sergas
Sergas – SAP Burela	1	Sanidade	Centro de saúde de Burela
A Coruña - Sergas – CHUAC	1	Sanidade	HUAC. Hospital . Servizo de Urxencias e Cirurxía.
A Coruña - Sergas – CHUAC	1	Sanidade	Hospital Marítimo de Oza. Servizo de Coidados continuos e Paliativos.
Santiago de Compostela Cogami – Confederación Galega de Minusválidos	2	Terceiro sector/discapacidade	
Xunta de Galicia - Santiago de Compostela-Centro Quérote +	2	Xuventude-comunidade	Rede de centros para a xuventude da Xunta de Galicia. Traballan moito programas de orientación, prevención e intervención comunitaria.
Santiago de Compostela – IGAXES 3 - Instituto galego de xestión para o terceiro sector.	1	Instituto galego de xestión para o terceiro sector. Terceiro sector	Ofértan una praza na sede central de Santiago, no programa Aleida para a prevención do fracaso escolar.
TOTAL PRAZAS OFERTADAS ANO 2014/15	111		

PRACTICUM DE TRABALLO SOCIAL. OFERTA PRAZAS CURSO 2015-2016

OURENSE CIDADE E LÍMITROFES			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓNS
Concello de Ourense - Servizos Sociais Comunitarios Básicos	4	SS.SS Comunitarios	1 Programa de SAF/SAAD/ Centro de Día/ Teleasistencia Domiciliaria/Comedor Sobre Rodas. 3 Programas de Orientación e Inserción Social. As persoas serán distribuídas entre as distintas UNIS e prazas ofertadas pola coodinadora do servizo.
Concello de Ourense - Servizos Sociais Comunitarios Específico	1	SS.SS Comunitarios	Plan de Inclusión e Fogar do transeunte.
Concello de Barbadás- Servizos Sociais Comunitarios	2	SS.SS Comunitarios	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos pola propia coordinadora dos Servizos sociais municipais entre as distintas UNIS e prazas ofertadas.
Sergas - Complexo Hospitalario Universitario (CHUO). Psiquiatría	2	Sanidade/ psiquiatría	Hospital de Piñor- Psiquiatría. Estas prazas corresponden ás que antes se ofertaba no psiquiátrico de Toén, agora trasladouse ao Hospital de Piñor.
Sergas –Complexo Hospitalario Universitario (CHUO). Unidade de saúde mental A Ponte	1	Unidade de Saúde Mental	Unidade de Saúde Mental ubicada no barrio de A Ponte
Sergas- Complexo Hospitalario Universitario. (CHUO). Unidade Traballo social Hospital Cristal	1	Unidade de Traballo social	Unidade de Traballo social da Residencia sanitaria ubicada no Edificio Cristal.
Sergas- SAP Novoa Santos	1	Sanidade	Centro de Saúde

Sergas - Uca alcoholismo	1	Sanidade	Traballan na prevención e tratamento do alcoholismo, ludopatías.... A unidade está ubicada no Hospital Santa María Nai.
Xunta de Galicia - Servizo de menores	2	Menores	Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo entre as distintas profesionais.
Xunta de Galicia - Gabinete de Orientación Familiar - GOF	1	Familia	O Gof traballa temas de orientación, terapia e mediación familiar.
Xunta de Galicia - Centro de menores Montefiz	1	Menores	Centro Terapéutico de internamento da Xunta xestionado pola Fundación O Belén que traballa con menores.
Cruz Vermella	5	Terceiro sector. Varios	Área maiores 2 prazas (respiro familiar, axuda complementaria e teleasistencia) Área de emprego 1 praza; Área persoas en situación de extrema vulnerabilidade 2 prazas (1 programa sen teito e 1 programa de Acogida e Valoración). Os alumnos/as que elixan este destino serán distribuídos pola propia coordinadora da entidade entre as prazas que ofertan. De non cubrirse as prazas ou por iniciativa do grupo pode establecerse rotar entre máis dun programa.
Morea - Asociación de Familiares e enfermos mentais de Ourense.	1	Terceiro sector/ saúde	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito.
AECC - Asociación Española contra o Cancro de Ourense.	1	Terceiro sector/ saúde	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito.
Aspanas - Asociación de persoas con discapacidades psíquicas	2	Terceiro sector/dis capacidad e	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito
Aixiña - Asociación para a integración de persoas con discapacidade física -	1	Terceiro sector/ discapaci dade	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito

AODEM – Asociación de Esclerose múltiple	1	Terceiro sector/dis capacidad e	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito
Caritas	1	Terceiro sector	Este destino reformouse este ano para darlle máis contido á práctica. O alumnado estará presente en distintos programas da entidade: programa de acollida, comedor social e programa de animación comunitaria - voluntariado
Fundación San Rosendo -	1	Terceiro sector	Oficina central / residencias. Esta Fundación xestiona diversas residencias da terceira idade na comunidade autónoma. A praza ofértase nas oficinas centrais de Ourense, con posibilidade de atención nas residencias da cidade e periferia.
Empresa Troncoso	1	Psiquiatría /persoas maiores Empresa privada	Neste destino xestionan unha unidade residencial de psiquiatría, un Centro de día de maiores, apartamentos tutelados e unha unidade convivencial de persoas maiores.
Geriatros Ourense Centro	1	Empresa privada/ Persoas maiores	Residencia e centro de día da terceira idade situado no barrio de Barrocás.
Geriatros Barbadás –	1	Empresa privada/ Persoas maiores	Residencia da terceira idade situada en Barbadás.
Centro de día Alzheimer - Ourense	1	Xunta de Galicia / Geriatros	Rede de centros especializada en Alzheimer. A xestión do centro está subcontratada a Geriatros (situado na Rúa Bernardo González, zona Lagoas).
Centro Quérote +	1	Xuventud e- comunida de	Rede de centros para a xuventude da Xunta de Galicia. Traballan moito programas de orientación, prevención e intervención comunitaria.
A.P.E.S.	1	Terceiro sector/ Centro Penitencia rio Pereiro	Asociación que predominantemente traballa no Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar. Programa de preparación da vida en

		de Aguiar.	liberdade, programas de alternativa ao delito, Programa de emprego para colectivos en risco de exclusión, Programa de prevención da delincuencia en centro escolares.
RESTO DA PROVINCIA DE OURENSE			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓNS
Concello de Verín	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Xinzo de Limia	2	SS.SS Comunitarios	
Concello de Amoeiro	1	SS.SS Comunitarios	
Mancomunidad de Celanova	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Maceda	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Coles	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Esgos	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Xunqueira de Ambía	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Taboadela -	1	SS.SS Comunitarios	
Mancomunidad de O Carballiño	1	SS.SS Comunitarios	
O Carballiño. Sociedade Cooperativa Vila do Arenteiro	1	Educación	Traballo social no ámbito educativo.
Concello de Ribadavia	1	SS.SS Comunitarios	A persoa que elixa este destino rotará algunha semana polo Centro de Saúde de Ribadavia.
Concello de Toén -	1	SS.SS	

Servizos Sociais Comunitarios		Comunitarios	
Toén – Centro de día do Consorcio Galego de Benestar	1	Persoas Maiores	Centro de día da rede dependente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar – Xunta de Galicia
Concello de Muiños- Lobios	1	SS.SS Comunitarios	

VIGO CIDADE			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Concello de Vigo – Servizos Sociais Comunitarios	1	SS.SS Comunitarios/	Unis que destine a xefa de servizo dentro da cidade de Vigo.
Sergas – SAP Centro de Saúde Rosalía / Sárdoma	1	Sanidade	3 días no Centro de saúde Rosalía de Castro e 2 en Sárdoma.
Xunta de Galicia-Servizo de Familia e Menores	1	Familia e menores	
Medicos do mundo	1	Terceiro sector/cooperación	Programa CEREDA. Traballan principalmente muller e exclusión social.
Geriatros Bembrive – Residencia persoas maiores	1	Empresa privada	Residencia da terceira idade situada en Bembrive.
Doralresidencias	1	Persoas maiores	Residencia da terceira idade situada cerca do Rebullón.
Fundación Emaús	1	Exclusión social	Programas de exclusión social severa. Atención individual e obradoiros grupais.
Centro de Inserción social Carmen Avendaño	1	Inserción social	Centro dependente de institucións penitenciarias-
Cruz Vermella Vigo	1	Terceiro sector	
Cáritas	2	Terceiro sector	
Centro Quérote +	1	Xuventude-comunidade	Rede de centros para a xuventude da Xunta de Galicia. Traballan moito programas de orientación, prevención e intervención comunitaria.

RESTO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Concello do Porriño	1	SS.SS	Os alumnos/as que elixan este

- Servizos Sociais Comunitarios		Comunitarios	destino serán distribuídos polo coordinador do Servizo.
Concello do Porriño – UAD Drogodependencias	1	Drogodependencias	
Porriño- Asociación ACEESCA social	1	Terceiro sector – discapacidade intelectual	Centro de educación especial para persoas con discapacidade intelectual
Residencia Geriátrica Salvaterra do Miño	1	Persoas maiores	Residencia privada persoas maiores.
Concello de Tui	1	SS.SS Comunitarios	
Pontevedra- Centro penitenciario de A Lama	1	Xudicial-penitenciario	
Concello de Cangas	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Vilagarcía de Arousa	1	SS.SS Comunitarios	
Concello de Rodeiro	1	SS.SS. Comunitarios	

PROVINCIA DE LUGO			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
Concello de Lugo	1	SS.SS. comunitarios	
Lugo - Cruz Vermella	1	Terceiro sector	
Lugo – SAP Centro de saúde Milagrosa	1	Sanidade	
Lugo – SAP Centro de saúde Illas Canarias	1	Sanidade	
Concello de Monforte de Lemos SS.SS. comunitarios	1	SS.SS. comunitarios	
Sergas- SAP Centro de saúde de	1	Sanidade	

Chantada			
Concello de Carballedo (A Barrela)	1	SS.SS. comunitarios	
Burela- SAP Centro de Saúde	1	Sanidade	

PROVINCIA DE A CORUÑA			
INSTITUCIÓN	PRAZAS	AMBITO	OBSERVACIÓN
A Coruña - Sergas - CHUAC - Hospital Marítimo de Oza	1	Sanidade	Hospital Marítimo de Oza. Servizo de Coidados continuos e Paliativos.
A Coruña - Sergas - CHUAC - HUAC Hospital	2	Sanidade	HUAC. Hospital . Servizo de Urgencias e Cirurxía.
A Coruña. SAP Centro de Saúde O Ventorrillo	1	Sanidade	
A Coruña - Centro Quérote +	1	Sanidade	Rede de centros para a xuventude da Xunta de Galicia. Traballan programas de orientación, prevención e intervención comunitaria.
Concello de Muros	1	SS.SS. comunitarios	
Concello de Arteixo	1	SS.SS. comunitarios	
Santiago de Compostela Cogami - Confederación Galega de Minusválidos	1	Terceiro sector	Desenvolven diversos programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores no seu ámbito
Santiago de Compostela - Igaxes	1	Terceiro sector	Programas de protección da infancia.
TOTAL PRAZAS OFERTADAS ANO 2015/16	90		

No que respecta ao grao de satisfacción do alumnado co practicum, lembremos que o indicador máis valorado da titulación polo estudantado xa **egresado** foi a “utilidade das prácticas académicas externas” con un 4.4 (sobre 5), polo que estamos **moi satisfeitos** con este indicador.

EN RESUMO:

- As instalacións e espazos nos que se inserta a Titulación de Traballo social son óptimos
- A orientación e atención ao alumnado é múltiple e abundante aínda que a súa satisfacción respecto deste indicador non se corresponda cos esforzos realizados polo Centro. Haberá que continuar visibilizando este traballo
- Os servizos o alumnado son abundantes e dunha gran calidade: a Biblioteca, o Gabinete psicopedagóxico, o Centro de linguas, o Servizo de Deportes, o Servizo de voluntariado, etc.
- As prácticas externas están moi desenvoltas e son moi ben valoradas polo alumnado e os egresados

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

6.1.- O estudantado ao finalizar o proceso formativo adquire as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados da aprendizaxe previstos.
- Os resultados da aprendizaxe acadados satisfacen os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados da aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES ACADÉMICAS

O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen, a noso xuízo, **de xeito satisfactorio**, á consecución e valoración dos resultados da aprendizaxe previstos no Plan de estudos de Traballo social. Toda esta información atópase nas Guías docentes das asignaturas, primeiro apartado do cal falaremos.

A información sobre as competencias que deben ser adquiridas polo estudantado na Titulación do Grao de Traballo Social están detalladas na memoria do grado (goo.gl/l07jEQ) así como nas guías docentes de cada materia. O alumnado ten acceso directo a esta información na páxina web da Universidade, con enlaces dende a páxina web do Centro: goo.gl/XJuRX9.

Sobre as Guías Docentes

No curso 2014/2015 a Vicerreitoría de Organización académica e de profesorado incorporou cambios no deseño das guías docentes para o curso 2015/2016 e na aplicación informática onde se introducen os datos, atendendo ás recomendacións recollidas nos Informes de seguimento sobre a importancia de aportar evidencias da avaliación e adquisición de competencias. Nas actuais guías docentes de cada materia se inclúen, a partir dese momento, os seguintes epígrafes: 1. Competencias; 2. Resultados

de aprendizaxe; 3. Contidos; 4. Planificación docente; 5. Metodoloxía docente; 6. Atención personalizada; 7. Avaliación; 8. Bibliografía; 4. Recomendacións.

Podemos sinalar os **cambios máis destacados** en relación aos cursos anteriores:

- a. Cambios na terminoloxía relativa ás competencias (xerais, específicas, básicas e transversais).
- b. Os resultados de aprendizaxe deben relacionarse explicitamente coas competencias da materia que constan na memoria do título.
- c. Debe indicarse o tipo de proba de avaliación, a porcentaxe que representa da nota final e as competencias que son avaliadas en cada proba.
- d. Debe garantirse que tódalas materias seguen o sistema de avaliación continua, ao tempo que ofrezan modalidades alternativas de avaliación para o alumnado que non pode asistir ás clases con regularidade agás no Practicum no que o/a estudante en prácticas debe estar presente sempre no lugar onde realiza as súas prácticas.
- e. Debe explicarse en detalle as diferenzas entre os tipos de avaliación (continua/única), as diferenzas entre a primeira a segunda convocatoria e as condicións para volverse a examinar en caso de suspendela materia.

Establecidos os requirimentos, na titulación de traballo social se implicaron nos procesos relativos á actualización das guías docentes a Vicedecana de Calidade, a Coordinación do Grao os Coordinadores/as de cada curso e o profesorado.

o Decanato analizou, debateu e acordou criterios e procedementos para a elaboración e revisión das guías docentes, creando unha Rúbrica/ficha para usar na actualización das guías, así como outra para rexistrar as posibles deficiencias na súa cumprimentación en DOCNET (<https://goo.gl/4LBPsq>), e detectar incidencias no sistema. Os Coordinadores de curso e a Coordinadora de Grao, verificaron cada guía docente do título do seu curso, e a Coordinadora de Grao, xunto con eles, supervisaron finalmente que todas cumprisen cos requisitos esixidos, e que estivesen publicadas en galego e en castelán, antes de ser aprobadas en Xunta de Facultade. No ano 2015/16 repetiuse este proceso de forma pormenorizada.

En Traballo social, o Secretario do Decanato e a Coordinadora de 2º curso de Traballo social revisaron a Memoria do Título e as correspondentes Ficha Verifica na primeira quincena de xuño 2015. Actualizouse a información en Documentos de fácil visualización por parte dos docentes: Memoria do título e Fichas Verifica 2016. Convocouse ao profesorado de Traballo social (15/6/2016) para coordinar a selección de competencias das súas asignaturas por **módulos e materias** -véxase apartado 1.2. deste informe— tal como figura na Memoria do Título (existe evidencia da reunión). Abriuse un prazo para que os docentes revisaran e corrixiran, de selo caso, as guías docentes das súas asignaturas. A Coordinadora de 2º curso elaborou as "Fichas de competencias por grupo de materias" para a verificación das mesmas por parte da Coordinadora de Grao.

Os/as Coordinadores/as de curso supervisaron e rexistraron en Rúbricas cada unha das materias correspondentes ao seu curso de supervisión. As Rúbricas das asignaturas de 1º, 2º 3º e 4º de Traballo social realizadas polos Coordinadores/as de curso foron remitidos a aquel profesorado con algunha deficiencia nas súas materias para seren corrixidas. Finalizado o prazo, a Coordinadora de Grao revisou que tódalas incidencias foran subsanadas e reclamou aquelas que aínda non o foran. Completou as competencias

nas "Fichas de competencias por grupo de materias". Revisou a publicación das Guías en versión galega e castelá. As Rúbricas de tódolos cursos foron depositadas no Decanato (Sección Calidade) coas anotacións dos Coordinadores de curso (CC) e da Coordinadora de Grao (CG) na que se detallan deficiencias, data de petición de correccións, correccións realizadas, etc.

A Coordinadora de Grao verificou e confirmou fallos reiterados no sistema informático en relación á ilexibilidade dalgúns apartados, nomeadamente cando eran traducidos dun idioma a outro, e que aínda sendo corrixidas a mán non eran rexistradas permanecendo algunhas Guías con símbolos nalgunha das súas versións galega ou castelá. Cursou a queixa correspondente (QSP-13/07/2016) á cal se lle respondeu que os erros foran subsanados. A Coordinadora de Grao de Traballo social deu por finalizado o proceso, trala corrección de tódalas incidencias a 11 de xullo de 2016, data na que "bloqueou" o acceso as GUÍAS DOCNET por parte do profesorado, e elaborou o correspondente informe para a Decana. Finalmente, as Guías docentes foron aprobadas en Xunta de Facultade (Existen evidencias de todo o proceso).

Resultados Académicos

Nos *Informes de resultados* anuais que se poden atopar na páxina web da Facultade na sección de Calidade (<https://goo.gl/W3fisw>) e no *Informe de revisión pola Dirección* do curso académico 2014/15, poden atoparse, para cada Grao do Centro, a análise de diferentes indicadores que miden os “resultados de aprendizaxe” e que propoñen metas así como melloras dos “resultados académicos das titulacións”, tamén para a Titulación de Traballo social. (pp.33 e seguintes): a duración media dos estudos desexada sitúase en 4 anos; a taxa de rendemento a cal se debe tender ≥ 80 ; a taxa de abandono ≤ 15 e taxa de eficiencia ≥ 90).

Tamén na páxina 35 do mesmo *Informe*, no apartado “satisfacción da usuarios e usuarias” podemos atopar os graos de satisfacción “xeral” dos grupos de interese da Titulación de Traballo social ate o curso 2014-15 obtidos a partir das antigas enquisas e aínda calculados sobre unha escala de 7: persoas tituladas (egresados) 4.7 (sobre 7); profesorado 4.5 (sobre 7); alumnado 4 (sobre 7).

Así mesmo, no Portal de Transparencia da Universidade de Vigo, na súa sección “Uvigo en cifras” vanse actualizando anualmente datos xerais do noso interese para cumprimentar este Informe de autoavaliación do Grao de Traballo social. Serán éstas as fontes as que acudamos para a explotación dos datos, xa que incorporan os resultados da nova enquisa, cunha escala sobre 5, e actualizan os datos (salvo algunha excepción) ate o curso 2015/16.

Comezaremos coa análise dos resultados académicos obtidos por cada asignatura (un total de 42 materias nos catro cursos da titulación de Traballo social), atendendo á **TAXA DE RENDEMENTO**, entendendo por tal a relación porcentual entre o número de créditos superados polas persoas matriculadas no curso académico e o número total de créditos matriculados nese curso, multiplicado por cen (os créditos recoñecidos e transferidos non están incluídos dentro dos créditos superados, nin nos créditos matriculados). Considérase que o alumnado que non se presenta ás probas de avaliación dunha materia ou que a suspenda, non ten adquirido os obxectivos propostos para superar a asignatura, nin ten acadado as competencias que lle corresponden.

Preséntanse os resultados globais de tódolos cursos académicos **redondeados**, aínda que é a análise máis detallada farase sobre os tres últimos nos que graduada xa a primeira promoción do novo plan de estudos, se imparten con normalidade os catro cursos da titulación.

Taxa RendementoTraballo social			
Curso académico	Alumno	Alumna	Total
Curso 2009/2010	69%	80%	78%
Curso 2010/2011	83%	84%	84%
Curso 2011/2012	73%	88%	86%
Curso 2012/2013	76%	89%	86%
Curso 2013/2014	74%	86%	85%
Curso 2014/2015	77%	83%	82%
Curso 2015/2016	81%	83%	83%

A análise da **evolución histórica da taxa de rendemento** das asignaturas da titulación, que se mostra na seguinte Táboa, permítenos facer algunhas reflexións:

%Taxa de Rendemento por asignaturas	Curso 2015/2016	Curso 2014/2015	Curso 2013/2014	Nº total no rango
100%	2	0	2	4
90-99%	16	15	18	49
80-89%	16	14	14	44
70-79%	2	7	4	13
60-69%	2	5	2	9
50-59%	4	0	2	6
40-50%	0	1	0	1

- A **taxa de rendemento xeral da titulación** nos cursos 2013/2014, 2014/2015 e 2015/2016, se corresponde co 86%, 83% e 83%, respectivamente.
- A **taxa de rendemento máis frecuente** nos últimos tres cursos académicos pertence ao rango de 90-99%. Tense incrementado esta taxa no curso académico 2015/16 pasando de 15 a 16 asignaturas superadas nese rango.
- A taxa de rendemento que ocupa o segundo lugar, nos tres últimos cursos académicos, se sitúa no rango entre o 80-89%. Son 14 asignaturas no curso 2013/2014, ao igual que no curso 2014/2015 e 16 asignaturas no curso

2015/2016.

- En relación ás asignaturas que obteñen unha taxa de rendemento entre o 70-79% serían: 4 no curso 2013/2014; 7 no curso 2014/2015; e 2 no curso 2015/2016.
- No rango 60-69% temos 2 asignaturas no curso académico 2013/14, 5 no curso 2014/15 e novamente 2 asignaturas no curso académico 2015/16.
- No rango que vai entre o 50-59% só hai 2 asignaturas no curso 2013/14 e 4 no curso académico 2015/16.
- Existe unha materia con rango inferior aos establecidos, concretamente cunha taxa de rendemento do 44% no curso académico 2014/15 que se corresponde co Traballo Fin de Grado.
- O número de materias que rexistra unha taxa de rendemento do 100% son no curso 2015/2016 dúas asignaturas optativas (*Avaliación de programas sociais e Xeriatria para traballadores sociais*) e no curso 2014/2015 outras dúas optativas (*Traballo social na incorporación social* e *Sistemas de benestar social comparados*).
- Entre as **taxas de rendemento máis baixas** está cun 44% a materia de *Traballo Fin de Grado* no curso académico 2014/15 que, afortunadamente subiu o curso 2015-2016 ao 51% de taxa de rendemento. A esta materia se lle dedica un apartado específico para a súa análise máis adiante.
- Outras materias que obteñen taxas baixas de rendemento no curso 2013-2014 son: *Conceptos, teorías e métodos en Traballo social* (Obrigatoria de 2º curso) cunha taxa de rendemento do 57% é *Introdución ao Traballo social* (Obrigatoria de 1º curso) cunha taxa de rendemento do 58%. No obstante, se analizamos a evolución destas materia ten sido positivo, xa que no curso 2014/15 ámbalas dúas aumentaron ao 60% e ao 79% respectivamente.
- As taxas de rendemento máis baixas do curso 2014/2015 son para as asignaturas de *Conceptos, teorías e métodos en Traballo social* (Obrigatoria de 2º curso) que obtén o xa comentado 60%, ao igual que *Antropoloxía social e cultural* (Formación básica de 1º curso)
- As taxas de rendemento máis baixas do curso 2015/2016 son para as materias de *Traballo de Fin de Grado* con 51% e *Servizos especializados II* (obrigatoria de 2º curso) cunha taxa de 52%.
- Por contraposición, **as taxas de rendemento que superan o 95%** no curso 2015/16 (dentro do rango 90-99%) son: *Psicoloxía básica* (formación básica de 1º curso) cun 99% e *Sistemas de benestar comparados* (optativa) cun 96%.
- En xeral, a taxa de rendemento durante o período analizado é positiva, acadando un valor promedio de 82.53%, e concretamente no curso académico 2015/16 do 83%, superando as metas propostas polo *Informe de revisión pola Dirección* do curso académico 2014/15 que a situaban no $\geq 80\%$.

Mención aparte merecen o Practicum é o TFG polas súas peculiaridades.

O **Practicum de Traballo social** foi realizado no curso 2012/13 por 62 estudantes, no curso 2013/14 por 67, no curso 2014/15 por 59 estudantes e no curso 2015/16, por 64 alumnos e alumnas. Dende o ano da súa implantación -2012/13- obtén un alto índice de rendemento. Na evolución histórica obtivo no curso 2012/13 unha **taxa de rendemento** do 100%, en tódolos cursos seguintes a taxa de rendemento foi 97%. Xa se indicou que o grao de satisfacción dos egresados co practicum era moi satisfactorio: un 4.4 sobre 5, de xeito que consideramos un éxito o desenvolvemento desta asignatura dende a implantación do novo Plan cun **altísimo grao de adecuación cos obxectivos do**

programa formativo.

O **Traballo de Fin de Grado** foi matriculado (non sempre realizado) no curso académico 2012/13 por 58 estudantes, no curso 2013/14 por 95 estudantes, no curso 2014/15 por 102 e no curso 2015/16, por 123 alumnos e alumnas. Este aumento progresivo da matrícula débese ao número de estudantes “non presentados” dunha convocatoria á outra que se van sumando aos novos matriculados.

Hai que aclarar que non sempre o alumnado “matriculado inicialmente no TFG” mantén a súa decisión de realizalo no ano en curso. Dependendo das asignaturas que vai aprobando ou deixando pendentes pode continuar ou non coa pretensión de defender o seu TFG nese curso académico. Isto leva, por exemplo, ao feito de que no ano 2015/16 estivesen matriculados inicialmente 123 estudantes no TFG, e cando se realizou a adscrición para a súa titorización a un docente soamente 114 manifestaron o seu desexo de ser titorizados/as, de forma que finalmente soamente estes 114 foron titorizados e logo de entre eles só se presentaron 65 ás convocatorias da materia dese ano. Este feito obríganos a depurar as cifras de matriculación inicial, verificando no Portal de transparencia o número de créditos realmente matriculados no TFG, ou os listados de Actas da materia de cada ano, como se ten feito neste Autoinforme. As taxas de rendemento do Traballo Fin de Grao recollen, entre outras evidencias, este “desaxuste” entre a matrícula inicial e a final, en especial, no curso 2015/16.

No que respecta a **taxa de rendemento**, no curso académico 2012/13 matriculáronse do TFG 58 estudantes, dos cales se presentaron e superaron a asignatura 41 (quedaron 17 pendentes), establecendo unha taxa de rendemento do 71%.

No curso académico 2013/14 matriculáronse 95 estudantes pero soamente se presentaron e superaron a asignatura 59 (quedando 36 pendentes), establecendo unha taxa de rendemento do 62.º1%.

No curso 2014/15 tivemos 102 matriculados dos que se presentaron soamente 46, cunha taxa de rendemento final do 44% (xa que logo un presentado non superou a asignatura). Este ano quedaron pendentes 56 estudantes, isto o altísimo número do 54% dos matriculados.

No curso académico 2015/16, dos 123 estudantes inicialmente matriculados, só continuaron 114 o proceso de titorización e de entre eles soamente se presentaron 65, cunha taxa de rendemento do 51.1% quedando pendentes 49 estudantes o que supuxo o 42.99% do alumnado finalmente matriculado. Un estudante suspendeu na primeira convocatoria (xuño) pero aprobou na segunda, polo que superou a asignatura ese mesmo curso académico.

Podemos concluír que no que respecta á superación da asignatura (taxa de éxito) que é moi alta para o TFG, xa que logo só dous estudantes suspenderon nalgunha convocatoria ao longo destes últimos catro cursos académicos. Iste débese a que, en xeral, o profesorado non permite a presentación dos TFG que titoriza se non reúnen os requisitos mínimamente esixibles para o seu aprobado.

Sen embargo no que respecta á presentación dos TFG ás convocatorias de cada curso académico, resulta obvio que os datos reflicten unha **situación anómala** que o Decanato se propuxo afrontar proponendo **accións de mellora**: 1) relativos á supervisión dos TFG e 2)

aprobando a apertura de novas convocatorias de presentación; isto é unha convocatoria anticipada no mes de febreiro de cada ano para aqueles estudantes que non se presentaron en convocatorias anteriores e que dispoñen dos requisitos necesarios para facelo.

Respecto da primeira medida tomada polo Decanato, xa se ten comentado das dificultades da titorización dos TFG por parte do profesorado de Traballo social. Con todo, se ten reducido en Traballo social o número de TFG a supervisar por profesorado a tempo completo de 10-12 no curso 2015/16 a 8 estudantes como máximo no curso actual 2016/17 como xa se ten explicado.

Respecto da segunda medida tomada, pode completarse con **novas accións de mellora**: pode convocarse de xeito anual, unha reunión por parte da Coordinadora de Grao e do Coordinador de TFG, ao final do ano académico, no curso de 3º, onde se lle expliquen aos estudantes a oportunidade de matricularse nos periodos nos que realmente poidan ter posibilidades de realizar, de feito, o seu TFG.

Podemos comentar, de paso, que nestes cursos académicos, a convocatoria na que sempre se presenta máis alumnado é a segunda no mes de xullo.

Respecto da nota dos TFG temos elaborado unha Táboa por rangos de nota:

Nota TFG	Curso 2015/2016	Curso 2014/2015	Nº total no rango
5-5.9	5	2	7
6-6.9	8	1	9
7-7.9	17	15	32
8-8.9	19	14	33
9-10	16	7	23
Suspensos	0	1	1
Non presentados	49	6	55
TOTAL	114	46	

O rango maioritario dos TFG presentados no curso académico 2014/15 foi o do 7-8 (15 TFG) seguido polo do 8-9 (14). A nota media de tódolos TFG de entre os presentados (40) foi de 7.92, case un 8, ou sexa un notable.

O rango maioritario dos TFG presentados no curso académico 2015/16 foi o do 8-9 (19 TFG) seguido polo do 7-8 (17). O incremento da rango, sen embargo, non aumentou a nota media dos TFG, entre os presentados (65) que foi de 7.91; con todo unha cifra que manifesta a alta calidade dos mesmos.

Directamente en relación coa taxa de rendemento está a **TAXA DE ÉXITO** das asignaturas da titulación de traballo social (42) que se entende como a relación porcentual entre o número de créditos superados polas persoas matriculadas nun curso e o número total de créditos presentados á exame no mencionado curso académico, multiplicado por cen (os créditos recoñecidos e transferidos non están incluídos dentro dos créditos superados nin nos créditos matriculados).

Entrando pola pestana de Estudos ou de Grao en Traballo social (+ info) podemos atopar indicadores específicos de taxas de éxito (<https://goo.gl/JgK0Es>)

No caso de traballo social a taxa de éxito é moi alta dende a implantación do Título. Mantense bastante estable en torno ao 90%, aínda que tivo unha subida ate o 93% nos cursos 2012/13 e 2013/14, manténdose novamente cercano ao 91% nos dous últimos cursos 89,80% e 90,71%).

A análise da **evolución histórica da taxa de éxito** das asignaturas da titulación, que se mostra na seguinte Táboa, permítenos facer algunhas reflexións:

% Taxa de éxito por asignaturas	2015/2016	2014/2015	2013/2014	2012/2013	Nº total asignaturas no rango
100%	11	9	13	13	46
90-99%	21	23	20	24	88
80-89%	6	6	5	4	21
70-79%	1	3	2	1	7
60-69%	2	1	2		5
50-59%	1				1

- A **taxa de éxito máis frecuente** nos últimos cursos académicos pertence ao rango de 90-99%. Tense reducido lixeiramente esta taxa no curso académico 2015/16 pasando de 23 a 21 asignaturas nese rango.
- A taxa de éxito que ocupa o segundo lugar, nos últimos cursos académicos, se sitúa no rango do 100%. Son 13 asignaturas no curso 2013/2014, 9 no curso 2014/2015 e 11 asignaturas no curso 2015/2016.
- En relación ás asignaturas que obteñen unha taxa de éxito entre o 80-89% serían: 5 no curso 2013/2014; 6 no curso 2014/2015; e 6 no curso 2015/2016.
- No rango 70-79% temos 2 asignaturas no curso académico 2013/14, 3 no curso 2014/15 e 1 asignatura no curso académico 2015/16.
- No rango que vai entre o 60-69% só hai 2 asignaturas no curso 2013/14, 1 no 2014/15, e 2 no curso académico 2015/16.
- No rango que vai entre o 50-59% só hai 1 asignatura no curso académico 2015/16.
- Son bastantes as asignaturas que nos últimos anos (curso académico 2014/15 e 2015/16) rexistran unha taxa de éxito do 100%. Comentamos algunhas particularidades dalgunha delas: manteñen o 100% na taxa de éxito nos dous cursos mencionados 4 asignaturas optativas: *Traballo social e mediación*, *Avaliación de programas sociais*, *Sistemas de benestar social comparados*, e *Xeriatria para traballadores sociais*; 1 asignatura obrigatoria de 3º curso - *Políticas públicas en España*- e o Practicum, materia obrigatoria de 4º curso.
- Entre as taxas de éxito máis baixas no curso académico 2015-16 están cun 57% a materia de *Servizos sociais especializados II*, materia obrigatoria de 2º curso, e

Epistemoloxía do Traballo social, materia obrigatoria de 1º curso, cun 60%. En ámbolos dous casos, a diminución da taxa de éxito é puntual, xa que logo nos cursos anteriores superaban o 80% as dúas.

- A materia de *Psicoloxía: Desenvolvemento humano do ciclo vital*, materia de formación básica de 2º curso, é sen embargo una asignatura cunha evolución na taxa de éxito descendente nos últimos 4 anos: cun 84% no 2012/13, un 74% no 2013/14, un 72% no 2014/15 e un 63% no 2015/16.
- Outra materia que obtén taxas de éxito relativamente baixas de xeito continuado é *Conceptos, teorías e métodos en Traballo social* (Obrigatoria de 2º curso) cunha taxa de éxito no curso 2013-2014 de 69%, no 2014/15 do 71% e no 2015/16, dun 73%, pero á inversa da asignatura anterior, vai aumentando progresivamente cada ano a súa taxa de éxito.
- As Taxas de éxito do Practicum é do 100% en tódolos anos xa que logo, o alumnado está moi implicado na súa realización acadando con éxito os obxectivos e as competencias da asignatura.
- A taxa de éxito do TFG, foi do 100% tódolos anos, agás no 2014/15 cunha taxa do 98% por un suspenso. Isto é normal xa que logo á presentación dos TFG lle precede a “autorización” do titor/a para a súa defensa, circunstancia que dalgún xeito garante, en xeral, o seu aprobado.

En xeral, **a taxa de éxito durante o período analizado é positiva**, acadando un valor promedio de 91.54%, superando as metas propostas polo *Informe de revisión pola Dirección* do curso académico 2014/15 que a situaban no $\geq 90\%$.

Relacionadas coas taxas de éxito analizaremos de seguido as **TAXAS DE AVALIACIÓN**, entendendo por tales a relación porcentual entre o número de créditos presentados a exame polos/as estudantes nun curso académico e o número total de créditos matriculados en dito curso académico multiplicados por cen (os créditos recoñecidos e transferidos non están incluídos dentro dos créditos matriculados).

Taxa de éxito e avaliación en Traballo social		
Curso académico	Taxa de Avaliación	Taxa de Éxito
Curso 2009/2010	87%	90%
Curso 2010/2011	94%	89%
Curso 2011/2012	94%	91%
Curso 2012/2013	93%	93%
Curso 2013/2014	91%	93%
Curso 2014/2015	90%	91%
Curso 2015/2016	91%	91%

No que respecta a taxa de avaliación por asignaturas, a Táboa resumo permítenos facer algunhas reflexións:

% Taxa de avaliación	2015/2016	2014/2015	2013/2014	2012/2013	Nº total no rango
100%	2	0	3	8	13
90-99%	34	30	32	26	122
80-89%	4	10	6	7	27
70-79%	1	1	0	1	3
60-69%	0	0	1	0	1
50-59%	1	0	0	0	1
40-49%	0	1	0	0	1

- A **taxa de avaliación máis frecuente nos últimos cursos académicos pertence ao rango de 90-99%** con 122 asignaturas en total. Foi aumentando en cada curso, agás no curso 2014/15 (30) para conseguir o máximo no curso académico 2015/16 con 34 asignaturas nese rango.
- A taxa de avaliación que ocupa o segundo lugar, nos últimos cursos académicos, se sitúa no rango do 80-89%. Son 27 asignaturas en total: 6 no curso 2013/2014, 10 no curso 2014/2015 e 4 asignaturas no curso 2015/2016.
- No rango 70-79% só temos 3 asignaturas, no rango que vai entre o 60-69% só hai 1 asignatura no curso 2013/14, e no rango que vai entre o 50-59% só hai 1 asignatura no curso académico 2015/16.
- So existen 2 asignaturas cunha taxa de avaliación do 100% no curso 2015/16, ambas optativas: *Avaliación de programas sociais e Xeriatria para traballadores sociais*.
- As Taxas de avaliación do Practicum son do 100% no curso 2012/13, e dun 97% o resto dos cursos académicos. Xa se ten comentado a necesidade de cursar e aprobar materias chave para poder realizar o practicum.
- No que respecta as taxas de avaliación máis baixas, nos rangos de 40-49%, 50-59% e 60-69% corresponden todos a mesma asignatura: o TFG cuxa evolución histórica na taxa de avaliación ten sido un 71% no 2012/13, no 2013/14 un 62%, no 2014/15 un 45% e no curso 2015/16, 51%. Xa se teñen explicado as súas peculiaridades e a necesidade de ter tódalas materias anteriores do plan aprobadas para poder cursar esta materia.
- En xeral, a **taxa de avaliación** durante o período analizado é moi positiva, acadando un valor promedio de 92.15%, cifra que incluso podería aumentar os próximos cursos coa normalización da superación dos TFG cos procesos de mellora postos en marcha.

Enquisas de satisfacción

En relación coas enquisas de satisfacción dos cursos 2013/14, 2014/15 e 2015/16 das que dispoñemos (usando como fonte o portal de transparencia da Uvigo), recollen un grao de satisfacción coa titulación bastante positivo tanto no alumnado, como no profesorado e nos egresados en traballo social.

A **evolución histórica do grao de satisfacción xeral do profesorado** de Traballo social foi en paulatino aumento: no curso 2011/12, era de 5.53 puntos sobre 7 (isto é 3.93 sobre 5), unhas décimas máis baixa que a satisfacción global do profesorado na Uvigo que alcanzaba os 5.61 puntos (sobre 7) ou do profesorado do ámbito das ciencias xurídicas e sociais que se posicionaba no 5.60 (sobre 7).

No curso 2014/15 o grao de satisfacción xeral do profesorado incrementouse ao 5.86 (sobre 7, por seguir coa vella escala) ou un **4.09** puntos sobre 5, unhas décimas xa máis alta que o grao de satisfacción xeral do profesorado da Universidade de Vigo situado ese mesmo ano no 4.03 (sobre 5). Do ano 2015/16, como xa temos comentado, aínda non temos datos.

Si valoramos a **evolución histórica da satisfacción xeral do alumnado de Traballo social**, temos que comentar que nos anos avaliados comezou cun 4.95 (sobre 7) no ano 2011/12, descendeu lixeiramente nos dous anos seguintes (2012/13- 4.18; 2013/14- 4.15) e continuou subindo o curso 2014/15 posicionándose en 2.96 xa sobre 5 (isto é no histórico sobre 7 correspondería a 5.92) para situarse no curso 2015/16 nun 3.17 sobre 5 (no histórico sobre 7, un 6.34). Deste xeito, podemos afirmar que **o grao de satisfacción xeral do Título de Traballo social non deixou de incrementarse nos últimos anos.**

Lembremos os datos dalgúns outros ítems relacionadas cos resultados de aprendizaxe como a **“satisfacción cos obxectivos e competencias”** que na enquisa de alumnado do curso 2014/15 obtivo un 3,32 (sobre 5), e que no curso 2015/16 pode ser equiparada ao ítem **“competencias adquiridas”** que subiu a un 3.58 para o alumnado de Traballo social superando así a media do Centro (3.22 sobre 5). Non existe cadro histórico anterior para poder avaliar este ítem no pasado.

Queremos rematar co grao de satisfacción do alumnado de Traballo social cos **“resultados”** que no curso 2014/15 obtivo un bastante alto 3.59 (sobre 5) e que no curso 2015/16 pode ser equiparado ao **“desenvolvemento das ensinanzas da titulación”** que obtén un 3.24 (sobre 5) superando a media do Centro que é de 3.04. O ítem sobre a **“calidade da docencia na titulación”** tamén é bastante bo 3.15 (sobre 5).

En definitiva, observamos que a **satisfacción xeral do alumnado de traballo social é máis que satisfactoria**, obtendo como promedio de tódalas respostas na enquisa de avaliación no curso 2015/16, un 3.17 (sobre 5), superando o promedio do Centro (3.12), o do ámbito xurídico-social ao que pertence (3.12), así como os promedios outorgados aos

Graos da Uvigo (2.96), e o promedio global da propia Universidade de Vigo cun 3.15.

Os índices de **satisfacción dos egresados** co Título no curso 2015/2016, tamén foi moi satisfactoria cun 3.34 (sobre 5).

No que respecta aos resultados de aprendizaxe, son de resaltar o grao de satisfacción dos egresados coas “competencias adquiridas” cun 3.4 sobre 5, a “adecuación da formación recibida ás expectativas iniciais” cun 3.35 (sobre 5) e “a utilidade da formación recibida para a carreira profesional” cun alto 3.47, un dato moi significativo porque revalida que os resultados de aprendizaxe cumpren co perfil de egreso do Título implantado.

EN RESUMO:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contidas nas Guías DOCNET están revisadas e actualizadas permitindo á consecución e valoración dos resultados da aprendizaxe previstos.
- Os resultados académicos son satisfactorios como pode apreciarse na seguinte Táboa:

TIPO DE INDICADOR/ TAXA	VALORACIÓN GLOBAL
TAXA DE RENDEMENTO (analizada no aptdo. anterior)	SATISFACTORIA , cun valor promedio de 83.35%, superando as metas propostas polo Centro $\geq 80\%$.
TAXA DE ÉXITO (analizada no aptdo. anterior)	SATISFACTORIA , cun valor promedio de 91% superando as metas propostas polo Centro $\geq 90\%$.
TAXA DE AVALIACIÓN (analizada no aptdo. anterior)	SATISFACTORIA , acadando un valor promedio de 92%.

- Os resultados da aprendizaxe no Practicum e no TFG son moi satisfactorios
- Aínda existen procesos a mellorar respecto da matriculación do TFG para o cal se propoñen accións de mellora concreta
- As enquisas de satisfacción de tódolos grupos de interese son satisfactorio

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfan as demandas sociais do seu entorno.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

INDICADORES DO TÍTULO


Na páxina web do centro, na pestana de Calidade, está dispoñible a información relativa ás taxas e indicadores principais do grado de Traballo social nos *Informes anuais de resultados* (<https://goo.gl/ZIXeVa>)

No Informe de revisión pola dirección do curso académico 2014/15 establécense as metas a acadar para a matrícula ≥ 75 , ocupación da titulación ≥ 75 , a taxa de preferencia ≥ 75 , a taxa de adecuación ≥ 75 , e a nota de medio de acceso dos estudantes á titulación ≥ 5 sobre 10.

En relación ao indicadores relacionados coa **DEMANDA** do grado de Traballo social, afirmamos que, ao noso xuízo, son satisfactorios: a carreira segue a xerar interese entre o estudantado que nun 96,48% pertence á Comunidade Autónoma de Galicia (dos cales un 46.48% de Ourense, un 33.80% de Pontevedra, un 8.45% de Lugo e un 7.75% de A Coruña).

No que respecta á **evolución histórica da matrícula** é, en xeral, positiva xa que logo, salvo excepcións puntuais en dous cursos pasados, a demanda cubre (e excede) ás 75 prazas ofertadas en matrícula de Grao (sen computar as prazas destinadas ao Curso de Adaptación), chegando no ano 2012/13 aos 100 preinscritos en 1ª opción cunha Taxa de ocupación aquel ano do 110.67%.

Malia baixada na matrícula de novo ingreso en preinscrición nos cursos 2013/14 con 64 alumnos (cun cociente de prazas ofertadas/demandadas do 67.3%), sendo aquel ano a taxa de ocupación final do 85.33%, e do curso 2014/15 con 61 matrículas de novo ingreso en primeira opción e unha taxa final de ocupación do 81.33%, as taxas de ocupación teñen aumentado no curso 2015/16 ate o 90.67% con 68 estudantes matriculados de novo ingreso en primeira opción e teñen **consolidado a tendencia á alza** no curso 2016/17 cun número de matriculados de novo ingreso de 82 estudantes (superando as 75 prazas ofertadas) e unha **taxa de ocupación final do 109.34%**, moi similar ao do ano 2012/13 (110.67%).



O **cadro histórico de matrícula** na Titulación rexistra 1593 estudantes dende a implantación da titulación no curso 2009/2010 ate o curso 2015/2016. É importante fixarse no ano 2012/2013, xa que foi o primeiro no que estaban implantados os catro cursos da titulación; isto é nos que saíu a súa “primeira promoción”. A matrícula global da Titulación incrementou progresivamente de 275 estudantes no ano 2012/13 ata 311 no curso 2015/16.

A **taxa de preferencia** do alumnado que mide os preinscritos en primeira opción en relación á oferta de prazas que accede á Traballo social sempre se achegou ou superou o 100%, agás coa baixada que sufriu no curso 2014/15 (87%), sendo do 130.67% no curso 2011/12, do 133.33% no curso 2012/13 ou novamente do 100% no curso 2015/16.

No que respecta a **nota mínima de acceso** á Titulación dende o 2010/2011 ate o 2015/2016 oscila entre o inicial 5.010 ate o último 5.130. Axustándose as metas do centro ≥ 5 , aínda que se espera que melloren no futuro.

Sen embargo, tódolos anos se ten superado esta nota mínima en máis dun punto: a **nota media de acceso** no curso 2010/2011 foi de 6.58 e tense incrementado un pouco ate chegar no ano 2015/16 ao 6.60.

En relación á evolución histórica da **duración media dos estudos** foi de menor a maior duración na realización dos estudos: no ano 2012/2013 a media era de 2.95 anos; no 2013/14 a media estaba en 4.02 anos; no 2014/15 en 4.36; e no 2015/16 estableceuse en 4.35. Este aumento ten moito que ver co número de non presentados no TFG os dous últimos cursos. Dado que a duración media dos estudos desexada polo Centro é de =4 anos haberá que seguir mellorando esta cuestión con posibles procedementos estratéxicos. O mais importante está incluído no **Plan de Mellora** do actual curso académico e ligado a este Informe e consiste, como xa se ten explicado no Criterio 6 en establecer unha reunión anual, ao final do curso académico co alumnado de 3º curso que é suceptible de matricularse ao ano seguinte de TFG.

A continuación abordaremos a **análise dos indicadores e taxas de resultados** incluídos no panel de indicadores do Sistema de Garantía de Calidade, tomando como referencia os datos publicados no Portal de transparencia da Universidade de Vigo no momento de redacción deste informe. Os indicadores que analizaremos son: graduación, abandono e eficiencia. Lembremos que as taxas de rendemento, éxito e avaliación xa foron analizadas no apartado anterior relativos aos resultados de aprendizaxe.

Aínda que se consultaron os datos ofrecidos no *Informe de revisión pola Dirección* do ano 2014/15, a actualización de datos realizouse acudindo as fontes do Portal de transparencia da Uvigo en novembro 2016.

A taxa de graduación en Traballo social supera tódolos anos a establecida como meta polo Centro que é ≥ 50 xa que no curso 2013-2014 obtívose una taxa de graduación do 56.34%, que se incrementou no curso 2014/15 ao 68.66% e se situou no curso académico 2015/16 no 56.76%. A diminución da taxa de graduación segue cumprindo cos obxectivos, pero é **susceptible de accións de mellora** xa comentadas (Criterio 6, e epígrafes anteriores) sobre a superación do TFG.

No que respecta á **Taxa de abandono** ten sido analizada, curso por curso, a través do Portal de transparencia da Uvigo. O que mide esta taxa é a porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso no curso X, matriculados no título T, que sen terse graduado, tampouco se ten matriculado nel durante dous cursos académicos consecutivos (para calcular esta taxa son necesarios os datos do curso X, máis os do X+1 e X+2).

Así podemos sinalar que a taxa de abandono ten sido do 16.22% no curso 2011/12 no que 12 estudantes abandonaron a carreira ese curso cando tiñan ingresado no primeiro curso do novo plan de estudos; no 2012/13 a taxa de abandono foi do 22.41% con 13 estudantes que se foron; e xa computando os anos nos que xa era posible a graduación para o alumnado do novo plan, no curso 2013/14 a taxa de abandono foi do 18.75% que se corresponden a 12 estudantes.

Se ben sería óptimo rebaixar esta taxa non podemos esquecer que esta morbilidad é ate certo punto normal, ao engadirse ás circunstancias persoais de cada quen, o impacto da crise no estudantado comunicada en ocasións ao propio profesorado nas tutorías.

Así pode dicirse respecto da **taxa de abandono en Traballo social é razoable aínda que mellorable** (18,75%) achegándose case as metas establecidas polo Centro no seu Informe de Dirección do ano 2014/15 no que se establecía que esta taxa de abandono fose $\leq$ ao 15%.

No que respecta a **taxa de eficiencia**, o Centro ten establecida como meta no seu Informe de revisión pola dirección de 2014/15 que sexa $\geq$ 90. Esta taxa resulta da relación porcentual entre o número total de créditos que superou un/unha estudante ao longo da titulación na que foi egresado/a e o número total de créditos nos que se matriculou, polo que novamente temos que valorar os cursos académicos nos que existiu posibilidade de graduación a partir da implantación do novo plan de estudos.

As taxas de eficiencia considéranse, en xeral, **moi positivas** sendo no curso 2013/14 do 97% (96,68%), no curso académico 2014/15 do 95,33% e no curso 2015/16 do 93% (92,94%), superando tódolos anos o 90% establecido polo Centro.

EN RESUMO:

- Na seguinte Táboa presentamos os resultados das diferentes taxas na Titulación de Traballo social, en xeral, **MOI POSITIVOS**:

TIPO DE INDICADOR/ TAXA	VALORACIÓN GLOBAL
INDICADORES RELACIONADOS COA DEMANDA	En xeral: SATISFACTORIA . Mellorables no que respecta a nota mínima de acceso e a duración media dos estudos. Non se pode deixar de prestar atención á evolución da matrícula, aínda que os datos do curso 2016/17 manifestan unha tendencia á alza para este indicador.
TAXA DE GRADUACIÓN	BOA , superando tódolos anos á establecida como meta polo Centro que é $\geq$ 50 Mellorable en relación ao nº de presentados e aprobados ao TFG cada ano
TAXA DE ABANDONO	MELLORABLE , situándose no último curso no 18,75% achegándose case as metas establecidas polo Centro no seu Informe de Dirección do ano 2014/15 no que se establecía que esta taxa de abandono fose $\leq$ ao 15%.
TAXA DE EFICIENCIA	MOI SATISFACTORIA , superando tódolos anos o establecido polo Centro $\geq$ 90
TAXA DE RENDEMENTO (analizada no aptdo. anterior)	SATISFACTORIA , cun valor promedio de 83.35%, superando as metas propostas polo Centro $\geq$ 80%.
TAXA DE ÉXITO (analizada no aptdo. anterior)	SATISFACTORIA , cun valor promedio de 91%, superando as metas propostas polo Centro $\geq$ 90%.
TAXA DE AVALIACIÓN (analizada no aptdo. anterior)	SATISFACTORIA , acadando un valor promedio de 92%.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son axeitados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción se teñen en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

ÍNDICES DE SATISFACCIÓN

Os índices de satisfacción no sector do alumnado e do profesorado están recollidos nas enquisas realizadas durante os cursos dende a implantación da titulación de grao de Traballo social. Tal e como xa temos comentado en apartados anteriores, no curso 2015/2016, a Área de Calidade mudou os ítems das enquisas de satisfacción. Ademais non dispoñemos dos datos de satisfacción do profesorado no ano 2015/16, co cal recorreremos aos de cursos académicos anteriores.

Nos Criterios 1 ao 6 analizados neste informe xa se comentaron case tódolos indicadores de satisfacción en relación aO Plan de estudos (Criterio 1.2), á Coordinación do profesorado e outras figuras relevantes na Titulación (Criterio 1.3), á información pública (Criterio 2.1.), ao sistema de calidade (Criterio 3.3), aos recursos humanos PDI (Criterio 4.1), aos recursos de apoio ao ensino, así como á orientación e atención do alumnado (Criterio 5.1), e en relación aos resultados de aprendizaxe a ao proceso de avaliación (Criterio 6.1).

Ademais destes indicadores específicos, as enquisas recollen unha valoración global sobre a titulación, durante os cursos académicos 2014/2015 e 2015/2016:

O grado de **satisfacción xeral do PDI** que participa na titulación no curso 2014-2015, é **positiva** (4.09 sobre 5), e isto a pesar das consecuencias negativas que tivo para o profesorado a aplicación do “Decreto Wert” coa intensificación docente (nalgúns casos de 240 horas a 320), e o sobreesforzo do profesorado xa explicado no Criterio 3.

1. O grado de **satisfacción xeral do alumnado** coa valoración xeral da titulación é **axeitada**. Comezou cun 4.95 (sobre 7) no ano 2011/12, descendeu lixeiramente nos dous anos seguintes (2012/13- 4.18; 2013/14- 4.15) e continuou subindo o curso 2014/15 posicionándose en 2.96 xa sobre 5 (isto é no histórico sobre 7 correspondería a 5.92) para situarse no curso 2015/16 nun 3.17 sobre 5 (no histórico sobre 7, un 6.34).

2. Deste xeito, podemos afirmar que o **grado de satisfacción xeral do Título de Traballo social** non deixou de incrementarse nos últimos anos. Este indicador é superior ao resto das titulacións de Grado da Facultade (3.09 sobre 5, isto é un 6.18 no

histórico sobre 7) e da Universidade cun 3.15. No curso 2014/15 o alumnado valorou cun 4 (sobre 5) “a información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes” e cun 3.59 o bloque de indicadores dos “resultados”.

Para rematar con este apartado acudimos á explotación de datos **das enquisas da avaliación docente do profesorado** nas que o indicador de “valoración global do profesorado” é **positiva** malia que ten oscilacións ao longo dos anos.

Así, no curso académico 2012/13 tense obtido unha puntuación de **3.63** (sobre 5), superando aquel ano a do Centro situada en 3.55 e achegándose a da Universidade con 3.70.

No curso 2013/14 a puntuación incrementouse ate **3.78** (sobre 5), algo por debaixo da do Centro aquel ano en 3.88 pero superando nesta ocasión a da Universidade cun 3.73 (sobre 5)

No curso académico 2014/15, a puntuación foi de **3.69** (sobre 5) por debaixo da do Centro aquel ano en 3.85 e cerca da puntuación global da Universidade en 3.73.

No último curso analizado 2015/16, a puntuación subiu un pouco respecto do ano anterior a **3.70**, pero se distanciou da do Centro que subiu a 3.96, xa por riba da media da Universidade en 3.80.

3. A **satisfacción xeral dos egresados** co Título é de 3.34 (sobre 5); isto é, **satisfactoria**. Os indicadores máis valorados polos egresados son a “utilidade das prácticas académicas externas” con un 4.4 (sobre 5), seguido da súa “estancia na Universidade de Vigo no transcurso da titulación” con un 3.93 (sobre 5), “os servizos como a secretaría do alumnado, a biblioteca, etc.” cun 3.71 (sobre 5), “as infraestruturas e os recursos materiais” cun 3.53 (sobre 5). Para a nosa análise son moi importantes os indicadores relativos a “utilidade das prácticas académicas externas” con un 4.4 (sobre 5), as “competencias adquiridas” cun 3.40 (sobre 5) ou “a adecuación da formación recibida ás expectativas iniciais” cun 3.35 (sobre 5) ou a **“utilidade da formación recibida para a carreira profesional”** cun 3.47 (sobre 5), xa que ofrecen información substancial da adecuación do plan de estudo á capacitación para o exercicio profesional dos futuros e futuras traballadores e traballadoras sociais.

4. A **satisfacción xeral do PAS** se sitúa no 3.75 (sobre 5) no curso 2015/16, baixando nos Graos da Universidade a 3.73 (sobre 5) e alcanzando no nosa Facultade un grao de satisfacción global de 3.11 que se se desagrega para os Graos do Centro no índice de “satisfacción global” baixa a un 2.68. O indicador máis baixo é o relativo a súa satisfacción cos recursos humanos que puntúa soamente un 2 (sobre 5) (probablemente influido pola súas discrepancias públicas coa nova RPT) e os máis altos cun 3 cada un deles (sobre 5) refiren a satisfacción coa “información xeral sobre o centro e as súas titulacións” e aos “recursos materiais e servizos”.

No que respecta as **taxas de participación** por parte dos diferentes colectivos que participan nela: alumnado, profesorado, PAS e egresados, temos que indicar que no sector alumnado aínda son baixas para as expectativas do Centro (que neste índice

alcanza o 36%), pero vanse incrementando ao longo dos anos, de forma que pasamos do 22.93% no ano 2011/12 ao 27% no curso 2015/16, con cifras intermedias que tiveron o seu índice máis baixo no curso 2012/13 cun 18.61 % de participación. Tódolos anos o Decanato, a Coordinadora de Grao e os Coordinadores de profesorado promoven que o alumnado cumprimente estas enquisas de avaliación. A continuade deste promoción é unha das **accións de mellora** nas que se debe incidir nos próximos anos.

No que respecta á **participación do PDI** ten sido sempre moito máis alta coa do alumnado, situándose no ano 2011/12 no 70.37%, moi por riba da cifra global de participación do profesorado na Universidade de Vigo situada aquel ano no 34.84%. A participación en Traballo social foi similar no 2012/13, incrementouse no 2013/14 ate o 75%, e baixou puntualmente no 2014/15 ate o 64%. Non temos datos accesibles do curso 2015/16.

Respecto dos **egresados** temos índices de participación relativos ao último curso académico 2015/16, nos que a participación foi do 38%.

O índice de participación dos **PAS**, no curso 2015/16 foi do 63.64%.

EN RESUMO:

- Os índices de satisfacción de tódolos grupos de interese son satisfactorios, sendo os mais baixos os de PAS.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son axeitados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

INSERCIÓN LABORAL DOS EGRESADOS

No Portal de Transparencia da Universidade de Vigo soamente aparecen os informes de empregabilidade das persoas diplomadas en traballo social (<https://goo.gl/lptK3M>) que, a día de hoxe, non resultan idóneas para analizar o impacto do novo plan de estudos.

Por esa razón, e no marco do Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Colexio Oficial de Traballadores sociais de Galicia, se lle ten encargado a esta entidade a análise, dentro das súas posibilidades e posibel explotación de datos, dun **Informe sobre a empregabilidade dos egresados de Traballo social da Universidade de Vigo (2016)**.

INFORME SOBRE A EMPREGABILIDADE DOS EGRESADOS DE TRABALLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO. (2016). INFORME INTERNO REALIZADO POR COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA, COORDINADORA DE GRAO DE TRABALLO SOCIAL

O Colexio profesional ten a responsabilidade de colexiar a tódolos traballadores sociais que exercen como tales no ámbito territorial de Galicia segundo á Lei 10/1982, de 13 de abril, de creación dos Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais como efecto da consideración de Traballo social como PROFESIÓN REGULADA dende o punto de vista das cualificacións profesionais (como xa se ten explicado).

O devandito Informe indica o número de colexiados no Colexio Oficial de Traballadores sociais de Galicia (COTSG) no ano 2016 é de 2527 traballadores/as sociais colexiados.


Segundo os datos obrantes no servizos de Administración do Colexio desde o ano 2013 ate decembro de 2016, colexiáronse nesta Institución Colexial un total de 97 persoas que cursaron estudos de Traballo Social na Universidade de Vigo (Campus de Ourense).

Os datos do Colexio oficial son medidos en franxas temporais de anos naturais, mentras que os da Universidade por cursos académicos que van de setembro a xullo, de forma que a súa correspondencia é parcial.

Non se pode establecer unha relación directa entre os graduados nun curso académico coa súas colexiacións ese ano, xa que logo algún deles continúan estudos de posgrao, outros non se colexian ate atopar un traballo en calidade de traballador/a social e algún outros marchan da Comunidade autónoma polo que a súa colexiación, de existir, se produciría noutro colexio con diferente ámbito territorial (tal é o caso, por exemplo de Madrid), onde nos consta que traballan algún dos nosos titulados desde o ano 2013).

En todo caso, se atendemos que dende o ano 2013 se titularon na Universidade de Vigo un total de 266 persoas a porcentaxe de titulados da Universidade de Vigo que se teñen colexiado entre 2013-2016 foi do 36.47%.

A Universidade de Vigo ten aportado ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia na franxa temporal analizada (2013-2016) o 27% das súas novas colexiacións.



Podemos analizar as cifras desglosadas por anos académicos tentando relacionar para cada curso académico a porcentaxe de estudantes graduados co número de novos colexiados ese ano para achegarnos, coas precaucións sinaladas máis arriba, á porcentaxe de graduados que se colexiaron cada ano, supoñendo que o fixeron no mesmo ano da súa graduación.

Curso académico- AÑO	Titulados	Colexiados	PORCENTAXE ANUAL TITULADOS/COLEXIADOS
2012/13- AÑO 2013	58	25	43.11
2013/14- AÑO 2014	64	20	31.25
2014/15- AÑO 2015	72	20	27.78
2015/16- AÑO 2016	72	32	44.45
TOTAL ANOS 2013-2016	266	97	36.37%


Observamos que o ano 2016 foi o que maior porcentaxe tivo de altas colexiais. Poida que este incremento na colexiación se deba á apertura do “Punto de información” colexial inaugurado na Titulación de Traballo social (Facultade de Ciencias da Educación) o ano 2015.

No que respecta á inserción laboral dos egresados da Uvigo, sabemos que das 97 altas colexiais, no momento da colexiación, atopábanse en situación de desemprego un total de 46 persoas.

En consecuencia, un total de 51 persoas, no momento da súa colexiación, tituladas na Universidade de Vigo entre o ano 2013-2016, estaban exercendo como traballadores/as sociais en dispositivos ligados directamente co Traballo social ou exercendo noutra disciplina ou ocupación diferente pero en calidade de traballadores sociais. Isto é, un 19.18% do total de titulados nesa franxa temporal.

A decembro de 2016, destas 97 persoas colexiadas procedentes da Universidade de Vigo, 51 exercían profesionalmente como traballadoras sociais colexiadas.

SITUACION LABORAL ACTUAL ALTAS 2013-2016



Compresinalar, que o acceso real ao mercado laboral, é superior. Na enquisa elaborada polo COTSG no ano 2016 e na que participaron 602 persoas colexiadas, sinálase que no sector privado arredor do 30% das compañeiras/os traballan con xornada parcial.

Neste senso, o sistema de cobro de cotas do COTSG, contempla como desemprego a efectos de pago a situación de xornadas parciais, polo que resulta difícil determinar os egresados a maiores que están en situacións de activo a tempo parcial, pero que poderían incrementar o ratio de activos, aínda que en situacións de precariedade laboral.

Aínda que estas cifras son aproximadas podemos soste que entre un 20-30% dos egresados titulados de Traballo social na Universidade de Vigo están traballando en calidade de traballadores/as sociais en Galicia. Xa se comentou que non podemos cantos o fan fora da nosa Comunidade autónoma.

A insuficiencia de datos impídenos achegarnos con maior precisión ao número real de inserción laboral dos nosos titulados polo que se seguirán realizando, en colaboración co Colexio oficial de Traballo social de Galicia un seguimento máis exhaustivo da mesma, nos próximos anos.

EN RESUMO:

- número de egresados colexiados é razoable aínda que podería incrementarse os próximos anos
- número de egresados en exercicio activo da profesión é razoable aínda que podería incrementarse os próximos anos